

VIERNES, 21 de Agosto de 1981

BRETOÑA, parroquia con vida e historia

A céltica e ancestral Bretoña, fermosa e próspera parroquia no linde da Terra Cha, está en festas. Os veciños preparáronse degorosamente pra ter as millores festas da nosa provincia lucense. Porque Bretoña é moito Bretoña ¡qué carafío!; e os bretoñeses coidan orgullosos que ben merece a súa queridíña parroquia unhas festas ben sonadas. E pra elo non repara en todos os traballos que señan necesarios pra que así suceda. Son moi coscentes de que tais festas precisan do traballo de todos, e todos xuntos, leda e comunitariamente, on dubitan en achegar o lombo.

Bretoña é unha aldea do agro galego chea de vida. Que desafia garrida o andacio que parece ter caído sobre dos labregos galegos dende hai moito tempo, condenados a deixar seu lar e emigrar a vila; quedando as aldeas desertas, tristes, mortas, sin vida. Bretoña ten vida, os bretoñeses, co seu párroco ao fronte, traballan animosos pola súa Bretoña, por facer de Bretoña unha parroquia de aldea forte, potente, que poida ollar ao futuro con esperanza, e ofrecer un lar onde morar dignamente aos seus filliños espallados polo mundo en busca do pan; como tantos e tantos irmáns galegos que teñen de vivir lonxe da terra e da súa xente, nos Madris e nas Barcelonas, ou nas Alemañas e Suizas. E ahí están, como froito dos seus esforzos, e como froito dunha terra rica, as pradelas de boa e abundosa herba, o gando selecto e ben mantido, granxas, leite... E mesmo unha nacente industria —industria ecolóxica e non noxenta, que respeta e fai frutificar o campo galego, en vez de matalo como fai a outra—, así como unha florescente actividade industrial. Así mesmo, están seus servicios de auga e luz en todas as casas, teléfono automático en moitas delas, grupo escolar que está a construír un fermoso edificio, servicios sociais (teleclub, salón parroquial...).

Bretoña ten vida. Pero Bretoña tamen tivo vida dende hai moito tempo: Bretoña é unha parroquia con historia. Os bretoñeses coñécena ben, até os pícaros té-

ñenlle ouvido aos seus pais ou os seus mestres que elquí vivira un bispo hai moito tempo. Bretoña tivo vida, e moita, nos tempos dos devanceiros; as derradeiras escavacións feitas elquí no ano 1975 pola Dirección Xeral de Bellas Artes, demostraron a actividade que ao longo dos séculos houbera en Bretoña en tempos pasados.

O mítico Mahilloc, bispo bretón que aparece nos concilios de Braga polos anos 561 e 572, nome dabondo coñecido hoxe por todos os galegos gracias a fermosa música do grupo galego "Milladoiro" ("A Galiza de Maeloc"), según algúns historiadores fillo dun rei celta do Norte das Illas Británicas; chantou en Bretoña súa sede, tras deixar a súa patria fuxindo dos invasores anglosaxóns. Nembargantes, xa denantes da súa chegada había elquí un castro celta (con dobre foso e murallas), onde asentáronse os novos moñadores.

Mahilloc trouxo o cristianismo a Bretoña, e con él toda a organización relixiosa do seu país natal, concretamente seu carácter monacal. Emporiso, ao fundar elquí súa sede, fíxooo como abade dun mosteiro; así, súa sede episcopal tiña unha xurisdición mais persoal que territorial sobre da zona baixo o influxo do mosteiro; ou seña, que á Igrexa de Bretoña pertencía a poboación bretona que estendíase pola zona, sin especificar límites territoriais.

O bispo Mahilloc ou Maeloc tivo en Bretoña varios sucesores, deica principios do século VIII, en que os musulmanes, na súa rápida penetración cara ao Norte, chegaron a Bretoña destruíndoa totalmente, como aparece nunha espesa capa de terra queimada, atopada nas escavacións feitas sobre do antigo castro celta, onde estaba asentado o mosteiro coa súa igrexa. As heredeiras de Bretoña parece ser que foron as diócesis de Oviedo e Mondoñedo, sendo ésta última a que acadará a titularidade de "sede Britoniense".

¡Longa e próspera vida a tí queridíña Bretoña, outrora terra de bispos e hoxe nai de bós fillos!

VICTORINO PEREZ PRIETO



TABOIA REDONDA

SUPLEMENTO CULTURAL

COORDINA: JUAN SOTO.

Castelao, un artista para un pobo

Victorino Pérez Prieto

Castelao, símbolo da Galicia verdadeira e inmorrente, da Galicia viva que sente, vibra e loita na dor e na esperanza, é moito mais que un artista; non colle no molde establecido do artista que verte todo os seus esforzos na consecución dunha obra plástica. El mesmo se definiu primeiro como galego e logo como artista. Se algunha teima puidera definir a Castelao esta sería sen dúbida

Galicia, a Galicia real e a Galicia soñada. A su vida e a sua obra non teñen outro obxectivo que o servizo á liberación de Galicia, un pobo oprimido. "Eu non lle teño vocación de estupefaciente", contestou en certa ocasión a un home que lle preguntou por qué razón pintaba sempre unha Galicia trágica e pobre, cando había tantas cousas bonitas que pintar en Galicia. E certamente a sua palabra, a sua pluma e os seus pinces non produciron precisamente unha obra estupefaciente, senon estimulante.

Nesta sua loita pola redención de Galicia, en Castelao é indivisible a sua vida da su obra, é indivisible o artista do político, o pintor e debuxante do escritor e orador. Ata tal punto que, como dixo Luis Seoane, "non tivo endexamais profesión determinada" (aunque tivo que gañalo pan como funcionario de estado e estudou Medicina por amor ó seu pai). A sua enerxía artística despregouse con total liberdade nos mais diversos campos, sempre fiel ó seu obxectivo humanizador.

A arte de Castelao

Varias notas definirían a arte de Castelao:

—**Vida e obra fúndense intimamente.** A obra plástica expresa a sua visión e a sua postura ante a vida. "A obra de Castelao é unha confesión das suas opinións con respecto a Galicia, os homes de Galicia, o Estado español e o mundo", di acertadamente Luis Seoane.

—**O tema único da sua obra son os problemas da Galicia** que ve, a interpretación que fai deles e como pode axudar a soluciónalos coa sua plástica. É ante todo un artista comprometido e social. Poucas veces o debuxo social e político acadou tanta forza de convicción e eficacia.

—**Soupo interpretar a alma de Galicia,** mais aló do aspecto externo. A sua meirande xenialidade plástica está en saber plasmar as características gráficas do galego. "Compre pintar en galego" —dicia— pois "o arte galego non é facer cousas de asunto galego".

—**A sua obra parece nacer fundamentalmente da indignación moral contra a inxusticia,** en sintonía co sentir do pobo, un sentir a miúdo reprimido por medo a ser expresado. Desta maneira o seu lápiz amósase ás veces dramático e agresivo, mais sempre humanizado pola dozura e a comprensión, pola sensibilidade e o fino humorismo.

—**Na sua obra a expresión plástica está subordinada a sua opción moral.** Non porque non lle dea importancia á creación plástica, ou porque ignore as técnicas e movementos artísticos (que coñecía moi ben, como deixou escrito nos seus "Diarios de arte") senón porque sobordina o significado ó significado. "Castelao... pon especial empeño en que a sua obra sirva como medio de expresión para dicir o que él cre que debe dicir, dando mais valor ó significado da sua filosofía que o significado da sua expresión", di Díaz Pardo, Castelao non busca o lucemento persoal, senón o servizo ó pobo.

—**Por iso, a sua obra plástica é realista, un realismo expresio-**

nista, non por apuntarse a unha moda artística, nin por destacar, senón porque considera que desta maneira pode chegar máis ó pobo. "O seu linguaxe estaba limpo de regras que non fosen as do oficio, e soio da razón e do sentimento derivan os seus ideais", di Seoane. No intre en que estaba Galicia, Castelao coidaba que non quedaba sitio na arte para a fantasía e a arbitrariedade, senón so para o sentimento moral.

—**É un arte obxectivo,** sen lugar para os caprichos e divagacións, para recursos convencionais e vanas expresións folclóricas as que tan afeita estaba a arte galega ata daquela. So de pasada lle preocupan os problemas técnicos, tan so para facer máis eficaz a expresión do que quere comunicar.

—**É unha arte total,** que entremezcla maravillosamente a plástica e a literatura. Tan afeitos estamos a ver os debuxos de Castelao co seu pe, que non nos decatamos da invención xenial que significou, so con antecedentes noutro artista xenial: Goya, coa orixinalidade de que o seu texto facía referencia ós problemas socioeconómicos de cada día, a cousas cotiás.

—**É unha obra que reflexa un labor artesano,** realizado con seguridade e lentitude, ata acadar a sultura e sinxeleza; pero non resulta endexamais longa nin fatigosa. Volta expresar o seu desexo de ser asequible e útil.

—**Mais concretamente,** foi un gran caricaturista e un mestre da línea, sabendo sintetizar os rasgos con poucos trazos.

Os comenzos

Castelao fíxose famoso nos seus anos de estudante santiagués, sobre todo polas suas caricaturas e os seus debuxos, aunque tamén tiña fama de esmorguista e ocurrente. Pero a sua obra plástica comenza propiamente coas suas colaboracións en "Vida gallega", revista gráfica galega, en 1909; aunque xa o ano anterior expuxera unhas caricaturas no Salón de Humoristas de Madrid. Tamén ese ano participou nunha exposición de pintura galega, gañando a medalla de ouro, pero sobre a pintura de Castelao diremos más adiante unhas palabras.

Logo veu "El barbero municipal", unha revista que publicou en Rianxo con outros amigos, para incordiarlle ós caciques, unha das teimas que non abandonaría nunca Castelao. Colabora logo en xornais e revistas de Madrid e Galicia como "El liberal", "El Sol", "El Noroeste", e sobre todo "Galicia", "El Faro de Vigo", e a revista "Nós" que foi director artístico.

"Nós" (1934)

En 1919 expón en Madrid, e logo por todo Galicia, unha serie de debuxos que consagrarán a Castelao como un mestre da caricatura e o debuxo e un artista xenial. Debuxos cargados de expresividade e denuncia social, maxistral interpretación de Galicia e os galegos, especialmente da crase traballadora. Obra de ironía e dor, sátira mordaz e solidaria dos asoballados, ó mesmo tempo que berro de rebeldía contra a inxusticia. O lápiz e o pincel están ó servizo da verdade, convertíndose en arma subversiva e instrumento de rebelión: Labregos, mariñeiros, obreiros, a emigración, os caciques, a lingua... desfilan polas suas páxinas. E tamén os cegos, "os meus amigos", como os chamaba Castelao.

En 1922 comenza a publicar no xornal "Galicia" as "Cousas da vida", debuxos con texto que acadarian unha grande popularidade (logo serían recollidas en seis volúmenes e publicadas por Galaxia polos anos 60-70).

"Un ollo de vidro" foi pensado primeiro como anaco dunha conferencia sobre o humorismo, e logo publicado como un relato (1922). Pero ten uns debuxos que un crítico de arte calificou de "terribles", nos que Castelao acada "a cima do dramatismo plástico". Ollade senón o debuxo do enterrador.

"Cousas" (1926-1929) son tamén relatos curtos, pero neles, o debuxo ten tanta importancia como a literatura. Debuxos tamen de gran expresividade e ó mesmo tempo de gran ternura e delicadeza de trazado.


"Cincoenta homes por dez reás" (1931)

Unha das meirandes aportacións á caricatura. Maxistral interpretación de tipos humanos. "Abreviaturas, extractos, esencias, resúmenes", di Castelao no prólogo, unha das suas páxinas literarias máis logradas. Con poucas líneas sabe captar non so os aspectos externos, senón sobre todo o interior, a alma do caricaturizado.

Os "Albunes de guerra" (1937-1938)

Non poderei esquecer endexamais a impresión que causaron en mín a primeira vez que os vin: "Atila en Galicia", "Galicia mártir", "Milicianos". Foi tan forte que, imposibilitado de conseguilos ou fotocopiálos, pois eran os anos en que Franco non nos deixaba ver cousas tan "perniciosas", copiei a lápiz moitos dos seus debuxos.

Trátase de tres álbumes publicados no fragor da Guerra Civil (1937-1938), para mín a cima da



"Non enterran cadáveres; enterran semente"

plástica de Castelao, superior ó álbum "Nós"; só comparables cos "Debuxos de negros" e algúns debuxos de cegos. De feito, trátase da obra máis universal de Castelao, citado ó lado de Picasso por comentaristas de arte, tida en París como precursora do "Realismo Socialista Soviético", que trunfou en Rusia polos anos 50, e editados en numerosos países de Europa, América e ata en China. Neles "está presente a dor de Galicia e de tódolos pobos e homes a quen se trataba de envilecer, a crudeza da persecución e o asesinato na Galicia", escribe Seoane.

Os "Debuxos de negros". "Os meus compañeiros"

Son as derradeiras obras plásticas de Castelao, xunto con "Faunalia", acuarelas dunha Galicia soñada desde o desterro. "Debuxos de negros" é unha colección de debuxos feitos na Habana e New York; debuxos a tinta moi trazados e de gran

forza expresiva; son obra da simpatía de Castelao por tódolos marxinados aló onde estén. Na mesma línea está a colección de debuxos de cegos que titulou "Os meus compañeiros", estos a lápiz; neles acada Castelao as cimas máis altas da ternura e a delicadeza.

Castelao pintor e ilustrador

Non é moi coñecido o aspecto pictórico de Castelao, e certamente non se prodigou moito nesta faceta, pouco desenrolada polo artista debido os problemas coa vista, que tivo xa de mozo, e a sua adicación máis periodística e popular. Non por elo deixamos de apreciar en Castelao un gran pintor e colorista, como o atestigua o feito de que gañou varias medallas en exposicións colectivas; unha pintura caracterizada pola forza do seu debuxo. No museo de Pontevedra poden verse algúns dos seus cadros, e tamén, non Museu de Arte Moderno de Madrid, outros están espallados por América.

Remataron as III Xornadas de Formación Popular de Lagoa

Victorino Pérez

O pasado martes, día 16, remataron as Xornadas de Lagoa, coa charla de educación que deu a nova directora do Grupo Escolar de Pastoriza, Aurea Castro Conde. A charla creou grandes expectativas pola presenza do novo equipo que está ó fronte do Grupo Escolar desde o presente curso, equipo saído da elección democrática que elixiu o primeiro Consello Escolar. Con nutrida asistencia, xa habitual nestas Xornadas de Lagoa —aínda que algo menor que os días anteriores en que se tocou temas máis relacionados coa produción gandeira— e a presenza da TVE en Galicia, comenzou a directora facendo uns plantexamentos xerais por onde coida que debe discurrir a educación escolar, en estreita relación entre pais, mestres e nenos. “Escola, familia e sociedade son inseparables”, dixo; a escola non pode esquecer o seu entorno social, que no momento actual a interpela con máis forza que nunca, para chegar a unha formación integral do alumno. “A mocidade actual móvese máis por sentimentos e accións prácticas, que por plantexamentos teóricos, o que lle importa non é tanto o pasado ou o futuro, senon o presente, ó que está aberta mediante un meirande acceso

á información”. Insistiu especialmente na necesaria colaboración dos pais na educación escolar dos nenos, fronte á que moitas veces están completamente inhibidos e faltos de interese.

O cauce para este labor conxunto entre os mestres, os nenos e os seus pais son os Consellos Escolares. Por iso a segunda parte da charla versou sobre a organización escolar do centro a partir destes, e a función dos diversos órganos: o director, o secretario, o xefe de estudos, o claustro de profesores, e sobre todo o consello escolar, coa participación dos representantes dos alumnos e os seus pais. A representación prevé precisamente un equilibrio entre o colectivo dos mestres (cinco profesores máis o director) e o colectivo formado polos pais e os alumnos (tres pais e dous alumnos); os que hai que engadir un representante do concello, outro do personal de servizos do centro e o secretario. O debate versou necesariamente sobre problemas prácticos como a demora do comenzo das clases pola tarde, arreglos tardíos, etc.

A afluencia ás xornadas desbordan en máis dunha ocasión a capacidade do local, polo que a organización espera a colaboración municipal para solucionar-lo problema no futuro.

A teima cos curas

As semanas pasadas correron regos de tinta por culpa dos curas. Que se a condena do tristemente famoso cura de Peixeiros, e as "denuncias" de certos compañeiros de semellante talante que fixo un coñecido semanario, que nos ten afeitos a unha información mais que dubidosa. Que se o cura de Cospeito, que tanto se fixo de rogar para deixar a alcaldía, cousa que rematou por facer ante o dilema tallante en que o puxo o seu Bispo entre o bastón municipal e a responsabilidade parroquial.

¿E para tanto? ¿Realmente son noticias de suficiente magnitude periodística como para acaparar non so informativos de Radio e TV, e columnas de prensa, senon páxinas enteiras dos diarios, e aínda titulares en portada? Sinceramente, a moitos parécenos que non, ó menos para un periodismo que se queira veraz e seriamente informativo; contrariamente a outro periodismo sensacionalista que busca, mais que informar de verdade, acaparar lectores a calquer precio ou servir escuros intereses.

Din os manuais de periodismo que William R. Hearts, coloso da prensa americana a finais do XIX, e un dos creadores da prensa sensacionalista, foi un dos artifices da guerra dos EE.UU. contra España en Cuba, chegando a ser chamada popu-

larmente esta guerra "Heart's war" — "a guerra de Heart". Desde o seu "New York Journal", Hearts artellou unha campaña baseada en medias verdades e medias mentiras, comenentamente resaltadas na portada do seu periódico, tendente a conducir á opinión pública a uns fins ben concretos.

Non é este o caso, evidentemente, e non val moito a comparación coa nosa prensa; anque non é tan claro respecto do semanario aludido, contra o que xa varios curas ourensáns ergueron xustamente a súa voz. Pero semella coma se tamén aquí se quixese artellar unha "guerra", ou mais frívolamente, divertirse cun espectáculo circense. Paréceme, de todos modos, evidente, que as "noticias dos curas" desorbitáronse últimamente, anque sempre tiveron certo morbo para a prensa. Xa non me refiro soamente ós casos aludidos, senón a outros que saltaron ós rotativos non hai moito, referentes a pequenos problemas de algún cura cos seus fregreses, problemas agrandados e moitas veces sacados de contexto e aínda terxiversados; e, en todo caso, utilizados de maneira sensacionalista.

O mais grave desto non é a broma socarrona, nin desde logo airear trapos suxos, senon a imaxe falsa que se da da Igrexa e a relixión, coma se o excepcional fora o habitual. Semella que a comprensión que os medios de comunicación teñen da Igrexa e

a relixión está demasiado habitualmente baseada en tópicos pouco consistentes. Afortunadamente existe unha igrexa que nin é a destes casos excepcionais tan aireados, nin a das manifestacións altisonantes das altas xerarquías; unha Igrexa de base, da xente sinxela de variada condición, leigos e curas entregados á causa que proclaman, que vai facendo cousas e creando "noticias" de moito mais valor que as reseñadas, anque sexan menos sensacionais e non merezan a consideración dos medios de comunicación.

Victorino Pérez Prieto
Pastoriza

El Progreso, 16 Febr. 1988



Estado de la carretera en uno de sus puntos

AEP

¿Unha carretera?

¿Saben vostedes que é eso, señores? ¿Unha carretera? ¿Unha corredoira montesía? Nin unha cousa nin outra, en realidade o que vostedes ven na fotografía foi unha carretera; o que hoxe é á vista está. Os máis observadores poderán ollar atisvos de restos dun pavimento asfaltado, e algo do que debeu ser en tempos o firme dunha carretera.

Isto, que máis parece un dos abruptos camiños da París-Dakar, non corresponde a calquera dos países denominados terceiro-mundistas. Tampouco non é un camiño veciñal ó que non chegou o progreso en calquera dos países do primeiro ou segundo mundo. Isto é unha carretera local dun dos concellos máis desenrolados do agro galego: Pastoriza, no linde de A Terra Chá.

A desidia e a negligencia da Corporación Municipal e a Diputación Provincial, a falla da máis mínima consideración cos dereitos dos veciños —que pagan relixiosamente os seus impostos—, quizais a falla dunha rentabilidade política inmediata, fixeron que unha boa carretera que comunicaba os concellos de Pastoriza e Abadín pola Corda, acabara completamente desfeita e no lamentable estado que pode ollarse na fotografía. Non se trata xa de tal bache ou socavón —[que non lle colla despistado algún dos que hai!—, senon do destrozó total da calzada. Evidentemente, isto non é cousa de días, nin de meses, senon de anos, de denuncias reiteradas, de promesas incumplidas, de promesas que se fixeron máis fehacientes arredor das eleccións, como poderá supoñerse o avisado lector.

A solución deste problema é de pura xusticia cidadán, nun país donde os impostos superan ata as previsións do Goberno.

¿Unha carretera? ¿Unha corredoira? ¿Unha vergonza!

Victorino Pérez
Pastoriza

Pastoriza

Los vecinos se quejan del mal estado de la carretera de Abadín

Redacción

Vecinos de Pastoriza consideran "imprescindible" el arreglo de la carretera que une la capitalidad del municipio con Abadín, no explicándose como viviendo en una de las zonas más desarrolladas de la provincia hay vías de comunicación en tal estado. La carretera se construyó hace unos quince y veinte años y desde hace varios se encuentra impracticable, sin que las instituciones hagan nada por remediarlo, cada vez que los vecinos se pusieron en contacto con ellas para que el arreglo se haga efectivo. Los pobladores de algunas localidades del municipio e incluso de la capitalidad se dirigieron al Instituto para

la Reforma y el Desarrollo Agrario (IRYDA) —hoy Estructuras Agrarias—, al Ayuntamiento y a la Diputación Provincial para exponerles su demanda, pero siempre fueron desatendidas, "aunque cuando llegaban las elecciones nos prometían que satisfarían nuestros deseos, pero todas ellas fueron incumplidas", comentan algunos vecinos con cierto aire desemperanzado, recordando que en un período preelectoral de las municipales el alcalde bacheó la calzada con tierra, cuando es una carretera asfaltada. Esta medida sirvió "únicamente para unos días, hasta que llovió".

Después de realizada la obra, coincidiendo con la concentración parcelaria llevada a cabo

en el municipio, los pobladores de estos lugares la utilizaban constantemente, pues es el camino más corto hasta Abadín, pero desde que se empezó a poner en mal estado prefieren dar un rodeo, para evitar los baches y así que se estropeen los vehículos, aunque algunas parroquias como Loboso no pueden utilizar una vía alternativa, por lo cual deben comunicarse por ésta. Recuerdan también los vecinos el caso del cartero, que lleva muchos años repartiendo la correspondencia por esta carretera, "menos mal que tiene un Land Rover", sino no ganaría para coches", aseguran, antes de reclamar que "además de ser arreglada, bacheándola, también debería ser ensanchada".

Victorino Pérez Prieto

Unha ducia de “romaxes”

“Todo foi hai xa uns anos
cando na Serra de Meira
no Pedregal de Irimia
houbo a Romaxe primeira.
Nas augas virxes do Miño
proclamábamos o Credo:
“Coa forza do noso pobo
hoxe renazo galego”.

As verbas do sempiterno **Acantor irimego**, Pepe Chao, escritas hai uns anos, lévanos unha vez mais á orixe desta festa galeguista e cristiá, que neste ano chega a ese número tan bíblico que é o **doce**. Será desta volta o sábado, 9 de setembro no Acoradoiro (Lariño), en terras de Muros, cun lema esperanzador: “Acorados no futuro”.

A Romaxe de Crentes Galegos—popularmente “A Romaxe”— é unha pequena gran festa que vai adiante ano tras ano pola teima e a ilusión duns poucos, pero tamén —estamos convencidos— gracias ó empuxe do Espírito. Non conta co apoio oficial nin de xerarquías eclesiais, nin político-civís, anque tampouco busca a confrontación, nin moito menos a exclusión; non xunta grupos de xente en cifras de cinco ceros, coma sucedeu recentemente en Santiago, pero si chega a convocar cada ano entre 6.000 e 8.000 persoas, anque algún ano superou estas cifras; non ten unha cobertura informativa asoballante, nin “sponsor” orgaizativo que mova presupostos de millóns. Pero si ten unha pequena gran verdade que berra a tódolos recunchos

de Galicia: nesta terra ser cristián significa tamén amar a un pobo e a unha cultura concreta, e loitar animos pola súa liberación, polo seu autodesenvolvemento, porque non esmoreza a súa identidade, perdida nun falso universalismo uniformante; nesta terra ser cristián significa defender a realidade humana e cultural dos mais desfavorecidos da historia, dos sempre rexeitados por ser como son, significa levarlles a mensaxe liberadora de Xesús partindo da súa realidade sociocultural concreta; nesta terra **ser cristián significa** —no mais amplo senso da verba, no só na estreitez da linguaxe política— **ser galeguista**.

Esta pequena gran verdade é a que se quere manifestar cada ano un día, e camiñar con ela tódolos días ano tras ano, coa humildade de quen recoñece as limitacións e contradicións do seu camiñar, pero co convencimento de que é algo grande, e non para gardar, senon para espallar por toda Galicia enteira. Sentímonos fonda-mente galegos, fillos desta terra, ou por nacemento, ou por namoramento, ou por esixencia —libremente asumida— da nosa vocación cristiá, ou polas tres cousas á vez. Sentímonos, do mesmo xeito, fonda-mente Igrexa, Igrexa en Galicia fillos desa gran familia dos que queren camiñar tra-las pisadas de Xesús e movidos polo seu

alento, pero familia concreta aquí: somos cristiáns **en** Galicia, ela é a mediación concreta da nosa fe cristiá e —no mellor senso da palabra— católica, é dicir, universal. Nin somos tribu, nin somos secta, nin temos conciencia de ser catro extravagantes nin na Igrexa nin na sociedade galega; anque non queremos arar por camiños trillados, nin sachar inútilmente no ermo. Só queremos ser **cristiáns galegos** con tódalas consecuencias que conleva tal afirmación de ser dobremente fieis á fe cristiá e ó pobo galego. Cristiáns galegos cos pes no presente, o corazón no futuro e a esperanza en Cristo resucitado: “Acorados no porvir / fornecidos polo vento / buscamos novo vivir: / aquí témo-lo fermento”, dí o folleto da celebración deste ano.

En tempos de desencanto, de caída de utopías, de nihilismo postmoderno, quero rematar con outras esperanzadoras e sinxelas verbas de Pepe Chao, consciente de que a mais de un lle han resultar excesivamente inxenuas, son verbas abertas, non exclusivistas:

“Nós, os bós e xenerosos, deixaremos de estar ce-[gos, habemos abrir os ollos, pra rexurdirnos galegos. ¡Veña outro rexurdimento, reverdeza a nosa fe! “Irmandiños” pró mo-[mento, santos de andaren a pé”.



Victorino Pérez *

O documento sobre a moralidade, un documento con acertos

A verdade é a verdade, digaa quen a diga, anque é certo que está situada e depende "do cristal con que se mire", coma di a sabiduría popular. Por iso eu quero romper unha lanza a favor do Documento sobre a moralidade pública que ven de publicar hai uns días a Conferencia Episcopal Española. Quizais moitos xerarcas non están ben situados praa falar de moralidade pública, quizais que a Igrexa Católica teña tamén moito que rascar no que a súa moralidade se refire, pecados pasados e presentes; pero iso non lle resta veracidade ás afirmacións públicas que faiga, se é que son certas. Tamén cómpre dicir que a política neste país xa está ben desprestixiada abondo entre a cidadanía, para que aínda se bote máis lixo sobre dela, e que calqueira afirmación que poida insinuar que "no pasado estabamos mellor", cando ese pasado é de opresión de libertades, de asoballamento dos dereitos individuais e colectivos e igualmente de corrupción, anque non se soupera públicamente dela, cómpre ser matizada e situada no seu xusto posto.

Indo ó Documento, é de xusticia dicir respecto deste último que no número 5 afirma ter en conta "os valores importantes que xorden da conciencia moral contemporánea" como: a sensibilidade pola dignidade dos dereitos das persoas e a afirmación de liberdade individual e colectiva, a aspiración á paz, o pluralismo e a tolerancia, a repulsa das desigualdades e a atención ós dereitos da muller,

o ecoloxismo... Pero os bispos ven un deterioro moral na actualidade do país que afecta tanto á base, coma ó Goberno, a católicos e a non católicos. E ahí foi onde o Goberno e boa parte da clase política montou en cólera. "Quen se pica allos come", anque non se pode meter a todos no mesmo saco.

Apúntanse en primeiro lugar algúns "síntomas dunha orixe e deformación da conducta moral" que levan a unha "moralidade práctica socialmente recoñecida e aceptada". Anque a globalización xeral dalle ás afirmacións un certo tono apocalíptico, a quen escribe non deixan de parecerlle válidos moitos dos síntomas apuntados. Vexamos; fálase da falla de criterios morais valedeiros en si mesmos pola súa forza humanizadora, arramplados demasiado a miúdo por criterios de eficacia ou polos resultados de enquisas habilmente orientadas, e aínda por un positivismo xurídico, que leva a que para moitos o que non está penado pola lei ou é opinión da maioría é moralmente bó. Fálase tamén dunha "moral de situación" que llexítima sempre os actos según as circunstancias, ou dunha "doble moral" que xulga estes actos según as persoas e intereses que están en xogo; ou da invocación máis ou menos solapada de que "o fin xustifica os medios", sempre que sexa para acumular riqueza ou acadar o éxito individual, o bienestar, etc. Evidentemente "calqueira parecido coa realidade é mera coincidencia", especialmente referido a algúns

manexos de partidos, ó tráfico de influencias, etc.

Algúns comportamentos concretos apuntados son a manipulación da verdade e a propaganda da "cultura do poder" (anque isto non é dagora), a incitación a un consumismo desaforado e a exaltación do diñeiro, demasiadas veces sen atender a outros valores, e concretamente ós aspectos éticos da actividade económica e á distribución social da riqueza, pola mentalidade economicista e insolidaria. Aquí apúntase en concreto a estimulación desmesurada dos xogos de azar, coma medio de enriquecemento rápido, recollendo o documento aquela frase de que "España convertiuse nun gran casino". Aspecto que non me parece de pouca importancia destacar, e que é unha das miñas teimas dende hai algún tempo, coma expresión da "febre do ouro" que pareceu medrar nos últimos tempos. Só un dato, según o suplemento "Diñeiro", do Diario Vasco (9 Abril 1990), no Estado español gastáronse no ano 1989 catro billóns de pesetas, sen contar os xogos clandestinos, o que convirte a este estado no primeiro país do mundo en número de xogadores e o segundo, despois de USA en cantidade de diñeiro xogada por habitante. Despois o Goberno falará de que hai fraude fiscal e do outro... Debería tomar nota daquelas sabias palabras do Tao: "Non apreciando o luxo, evítase que o pobo roube. Non exhibindo nada que incite á codicia, evítase a confusión no corazón do pobo".

Tamén denuncia o docu-

mento, coido que con xusticia, a trivialización frívola da sexualidade, e a separación que fai a cultura dominante entre sexo e amor, coido que a moral sexual da Igrexa terá que evolucionar en non poucos aspectos, pero non nestes, pois estou totalmente dacordo co que dí o documento de que "a trivialización do sexual é a trivialización da persoa mesma". E non deixa de apuntar tamén a xustificación indiscriminada do aborto e as voces que empezan a reclamar a eutanasia activa e directa, o terrorismo e o "ignominioso e incalificable tráfico de drogas", así coma o tráfico de armamentos.

A análise que fai das causas desta situación sen dúbida resultará discutible a máis dun, dependendo de que se sitúe nunha postura crente ou non crente, cunhas claves de pensamento ou outras. E aínda algúns comportamentos apuntados resultaranlle non moralmente censurables a máis dun; a outros, que non nos caracterizamos precisamente por posturas reaccionarias, e que máis ben somos habitualmente tachados do contrario, parécenos que, sen afirmar que estemos na pior das sociedades, tampouco estamos na mellor, e anque nos declaramos defensores da democracia, a censura da actuación dalgunhas persoas e grupos políticos, non é un "ataque á democracia" como demasiado lixeiramente se di desde o poder.

* Director de "Irimia"

Sobre Leonardo Boff e Xoan Paulo II

"Eu acuso, protesto e rebélome" é o título dunha carta que o teólogo brasileiro Leonardo Boff enviou ó seu superior xeneral na orde relixiosa dos Franciscanos. A carta tivo un importante eco nos medios de comunicación en parte por ver a luz nos mesmos días que unhas declaracións do Papa Xoan Paulo II a un grupo de bispos españois, que levantaron moito rebumbio, sobor de todo na clase dirixente española. A carta do coñecido teólogo remataba cunhas duras e amargas palabras nas que confesaba que as medidas disciplinarias tomadas contra él chegaron a "quitarlle a esperanza, que é peor que perde-la fe". As medidas referíanse á intervención do goberno da orde franciscana contra a editorial católica progresista "Voces", e mais concretamente dábano de baixa como director da revista teolóxica e pastoral do mesmo nome. Boff via detrás destas medidas a man do prefecto da Congregación para a Doctrina da Fe, o famoso e poderoso Cardeal Ratzinger; queixábase da inxusta censura que quería impoñerla Igrexa xeráquica e botá-

balle en cara o seu autoritarismo que conta a liberdade do Espírito na mesma Igrexa e que ten particular dificultade para aceptalo pluralismo, tendo medo á verdade e ás denuncias proféticas dos pobres e explotados.

Da carta saltaron ós medios de comunicación só un par de frases chamativas, posto que non veu a luz integramente no estado ata o pasado 30 de setembro. Esas frases entresacadas foron o contrapunto que se puxo ás afirmacións de Xoan Paulo II sobre o "neopaganismo" de sectores da vida española, para descalificar as súas palabras, pois "en tódalas partes cócese fabas", tamén na Igrexa, que "denuncia só os males fora dela".

Non me teño por "papólatra", en primeiro lugar porque calquera idolatría vai contra a afirmación do único Deus, pero ademais porque a liberdade é unha característica do cristianismo ("para ser libres nos liberou Xesús", di S. Paulo). Pero comprirá precisar a verdade ou falsedade das afirmacións do Papa, antes de repudialas sen mais, simplemente porque non fai a autocritica da súa Igrexa. "Neopaganismo" según o dicionario é unha palabra composta que significa "nova-idolatría", é dicir, un plantexamento da vida no que están

ausentes os valores trascendentes, que se ven desplazados polos idolos ou falsos deuses situados no lugar de Deus. Na antigüidade, o paganismo por excelencia era o dos romanos, que adoraban moitos idolos que eles tiñan por deuses. Hoxe Xúpiter, Venus ou Marte son soamente planetas, os idolos adorados son agora; o diñeiro, o poder, o sexo, o consumo, etc. coas súas concrecións cotiás, cos seus ritos e altares... Segundo o Papa Wojtila, o "neopaganismo" actual que nos invade (aunque cadre, por outra parte, con un plantexamento "moi europeo") concrétese na "exaltación da posesión e o consumo dos bens materiais" de forma egoísta, que "fai mais pobres a moitos"; na concepción "individualista e hedonista dos dereitos humanos", que ten coma principal obxectivo o permisivismo ("todo val"), etc. Preténdese así identificar cristianismo con inmovilismo, cunha cousa do pasado, que a todo mais hai que "tolerar coma os restos dunha vella cultura".

As palabras do Papa molestaron sobre todo nos sectores da sociedade española mais achegados ó poder. Pero curiosamente acadaron un asentimento polo menos parcial nos sectores mais á esquerda, coma foi o caso de Julio Anguita, líder de

Esquerda Unida. É curiosa-mente hai pouco tempo un escritor tan pouco "papista" coma o hispanista irlandés Ian Gibson ("El asesinato de García Lorca", "Paracuellos",...) escribía: "O consumismo é a nova relixión española".

Volvendo a Leonardo Boff, a quen teño por un gran home e un gran crente, non só polos seus numerosos libros de teoloxía, espiritualidade, etc., senón tamén polo trato —aínda que breve— que tiveron con el hai anos en Salamanca; comprendo a súa amargura polo xeito como van moitas cousas nesta nosa Igrexa á que xa S. Agustín chamaba "casta meretrix", comprendo o seu escándalo polas doses de autoritarismo e involucionismo do que da mostros (aunque xa debéra estar curado de espanto), rebélome con él e proclamo que a autocritica é boa e sana pois para vela palliñas ou as vigas dos outros compre ver antes as propias. Pero eu digo tamén, coa humildade dos pobres, co xeito do seu e meu benquerido Francisco de Asís, e sen o menor viso de prepotencia, que eu non dimito, que non perdo a esperanza e moito menos a fe. E lémbrolle o que el mesmo dixo hai uns anos: "Prefiro equivocarme coa Igrexa que camiñar na verdade eu só".

Victorino Pérez Prieto



Victorino Pérez Prieto

Aval a unha traxectoria

A polémica entre o alcalde "mohamed" de Muras e o seu párroco trascendeu os límites provinciais e convertiuse en noticia que acaparou a primeira páxina de xornais fora da provincia de Lugo, aínda que con desigual tratamento. Para algún é un mais dos episodios entre "moros e cristiáns", pola orixe mulsulmana do polémico rexidor municipal, e para outros expresión do conflito entre "púlpito e política". O malo é cando o posicionamento impide vela verdade, e unha pretendida "progresía" mete a un cura con sobradas manifestacións de valia humana e intelectual no saco da tópica "clerecía impresentable", rexeitando publicar opinións diverxentes.

A mellor defensa de Modesto Vázquez Gundín, o cura de Muras, é a defensa que os seus veciños fixeron del. Non só os máis de trescentos —dun concello de menos de 1.400—, que se arrexuntaron cabo del coma unha piña o pasado domingo, para apoialo fronte ás inxustas acusacións do alcalde. Senón expresivos testemuños coma o daquela muller que dous días antes comentábase: "Don Modesto non fixo máis que ben a Muras, non pensa nada para él, todo todo é para o pobo", e "co pobo" habería que engadir a xuzgar polo apoio popular. Ese respecto e adhesión ó cura que se desviviou por eles ó longo de máis de quince anos estaba

tamén patente na gran pancarta que o domingo abría a manifestación dos veciños: "D. Modesto, amigo, Muras está contigo". Aquél día os veciños de Muras contaron con apoio excepcional: O bispo da diocese e o superior provincial da Compañía de Xesús, a orde relixiosa de Modesto. "A través de este sacerdote el Señor ha hecho cosas muy bonitas aquí, al servicio de los pobres y de la gente humilde", recoñecía o prelado mindoniense.

Este recoñecemento era o aval a unha traxectoria de compromiso consecuente cunha terra e un pobo. Modesto ten tódolos aires do "vello profesor", ollos despertados e un vocabulario ilustrado; pero o mesmo tempo a humanidade dos que se comprometen cos pobres por unha razón que antepoñen ó seu éxito persoal. Pertence sen dúbida a esa xeración de xesuítas que deixaron os ampulosos internados da Compañía de Xesús, para poñerla súa valía ó servizo dos máis humildes, tomándose moi en serio aquilo de "Benaventuras os pobres", que dicía o seu mestre. Algúns caeron baixo a violencia homicida dos opresores de sempre que non poideron tolerar a súa verdade valente e o seu compromiso inquebrantable, coma o caso dos xesuítas mártires do Salvador. A súa opción comprometida levouno a deixar as clases na Universidade de

Oviedo e o seu doctorado na de Comillas, en Madrid, para vir hai máis de quince anos a estes pobos da montaña lucense. Con estes plantexamentos tivo tamén que meterse na política para defender ós débiles do caciquismo dos poderosos, e acceder a Alcaldía non por intereses persoais, senon coma froito da presión dos seus fregreses e veciños, ós que se entregou plenamente. A autenticidade da súa opción foi recoñecida polos seus superiores no feito de que, a pesares do conflito xa existente entre exercer cargos públicos e a responsabilidade parroquial, non lle puxeron trabas para o seu labor, contando mesmo coa aprobación do seu superior xeral, o venerado padre Arrupe.

Finalmente, nás únicas declaracións que fixo Modesto respecto das durísimas acusacións de que foi obxecto, remataba dicindo: "Doulle gracias a Deus polas calumnias recibidas por defender á miña xente... e pido a Deus que bendiga a quen me mal-di".

Só me resta dicirle a Issam Alnagm, o señor alcalde, que se confesa crente druso-mulsulmán, que no peor dos casos lea polo menos o seu libro sagrado, o Corán, na sura XLIX, donde di: "Que os homes non se burlen dos homes, aqueles de quen se fai burla tal vez valen máis que os que se burlan deles".



Victorino Pérez Prieto

De homilias, pastorais e mitins

Desde sempre houbo políticos que botaban homilias nas súas arengas a seguidores e opositores, e clérigos que botaban mitins políticos ós seus fregueses. O fenómeno non é de agora. Na España decimonónica houbo un movemento especialmente pródigo na manifestación deste fenómeno que foi, como é ben coñecido, o carlismo —aínda hoxe presente na política, como comentaba recentemente J. María Bandrés—. Pero o fenómeno tivo unha forza moito máis relevante neste século cos corenta anos de nacionalcatolicismo franquista.

A. Álvarez Bolado, —filósofo, teólogo e xesuita— nun excelente libro titulado “El experimento del nacional-catolicismo” (Madrid 1976) sinala coma as catro características do nacionalcatolicismo español: a) A mediación nacionalcatólica da fe (“Catolicismo e patria son consustanciais en España”, por tanto un e outro deben permanecer sempre indisolublemente unidos). b) O carácter eclesiocrático (poder da Igrexa) na relación da Igrexa coa sociedade civil (“A Igrexa foi a alma da patria, por tanto deberá ser o corazón moral da patria restaurada”). c) Antimodernidade teolóxica (Ser auténticamente español é ser fiel ó pensamento tradicional, por iso, “os fillos da modernidade son antiespañóis e anticatólicos”). d) Teoloxía de reconquista (“O través dunha grave cirurxía bélica e política trátase de reconstruí-la solidez social da fe no interior do crítico mundo moderno, apóstata dos fundamentos tradicionais cristiáns”). Isto convertía ós curas

en mitineiros políticos da grandeza da España nacional católica, e ós políticos que tiñan o poder, en homes —por suposto!— máis católicos que o Papa.

Son tempos felizmente pasados, pero manifestacións públicas en homilias e pastorais semellan amosar unha certa nostalgia desas épocas nas que os clérigos si que “cortaban o bacallao” na sociedade ibérica. É o caso da polémica homilía do cura de Ameixenda (Cee) no enterro do mozo asasinado nunha discoteca. O párroco publicou nun xornal a devandita homilía, tempo despois da controversia suscitada nos medios de comunicación polo que el dixerá naquel funeral e a resposta dalgúns presentes no acto para que “deixara o mitin para outro momento”. A ese texto me refiro. O que ven dicir é simple: os socialistas, o goberno do PSOE, teñen a culpa de tódolos males deste país (“é o meirande propagador da corrupción, do desorde, da vagancia, da inmoralidade”, etc.). E tamén os mozos, porque “non lle fan caso á Igrexa”.


Con algo máis de elegancia, o Sr. Bispo da miña diocese de Mondoñedo, veu dicir cousas semellantes en tres pastorais, ou documentos dirixidos ós seus diocesanos e a tódolos que o quixeran escoitar. Como era de esperar o seu eco foi grande e chegou ata o mesmo Vaticano. “Los católicos ante las elecciones” foi a primeira, onde, despois de facer un particular repaso pola actualidade do país, remataba recomendando votar a calquera outro partido que non fora o PSOE. Logo veu “El hombre,

especie no protegida”, centrada no tema do aborto. E finalmente neste primeiro mes do 93 “Todavía estamos a tiempo”.

Non entro a comentar as afirmacións do Sr. Bispo, ademais, estaría de acordo sen dúbida con unha parte importante delas. Eu tamén estou contra o aborto, e teño ollos e oídos para saber da corrupción —non só da política—, tamén estou moi de acordo en crítica-la política económica do goberno e vexo moitos defectos na súa política educativa, etc. Tamén son moi sensible ós billóns —con b de burro, adoito dicir— que se gastan no xogo neste país. Pero o que non estou tan convencido é que a culpa de todas esas desgracias a teña o PSOE. E tampouco estou convencido de que se colle o relevo no poder o partido que o segue en votos as cousas vaian cambiar moito a mellor, mesmo en moitos dos aspectos que di o Sr. Bispo.

Sen embargo, a cousa cheirame a nostalgias pasadas. E por iso moitos diocesanos non estamos completamente de acordo co talante e as afirmacións do Sr. Bispo, aínda que non lle levantaramos a voz coma os fregueses de Ameixenda. Ademais, gustaríanos que nos tivera consultado antes, pois ademais dun cidadán que ten tódolos dereitos a expresar a súa opinión é un pastor diocesano que está ó fronte dun presbiterio.

Noutra ocasión se poderá falar da diferenza entre unha homilía e un mitin, e como se pode erguer na Igrexa unha voz profética, e como hai unha teoloxía política vella, xa caduca, e unha teoloxía política nova lexítima.



Victorino Pérez Prieto

En comunión crítica co meu bispo

O meu bispo é o da diocese de Mondoñedo-Ferrol, don José Gea, coñecido pola súa palabra viva e a súa pluma fácil, tal como manifestan os libros que leva publicado e os seus constantes escritos máis breves, varios deles ben presentes nos medios de comunicación polo seu talante polémico e valente. Como un servidor tamén escribe, aínda que non tan prolíficamente, expuxen recentemente nestas páxinas á consideración do lector algunhas sinxelas apreciacións verbo de tres documentos pastorais que publicou hai pouco tempo.

Quizais que non fora xusto ó relacionalo, aínda que só fora de maneira indirecta e vagamente insinuada, con nostalxias do pasado nacionalcatolicismo. Posiblemente fun pouco elegante ó comparar as súas pastorais cunha homilía pouco afortunada. É probable que el non quixera dicir nos seus escritos — como me pareceu a mín — que a culpa de tódolos males sociais deste país a teñan os do PSOE. Mais aínda, posiblemente debiera terllo dito antes a el persoalmente, como manda o xeito evanxélico da corrección fraterna (Mt 18, 15). E o que sería máis grave, quizais que dera impresión a algún lector de que este cura que escribe non se leva ben co seu bispo, e por iso se mete con él, sen respecta-la súa autoridade. E peor aínda sería, en fin, que algún lector pouco espelido concluíra que eu non lle quero ben á miña Igrexa, e por iso me permito disentar de un documento emanado de quen ten unha tarefa importante de responsabilidade nela. ¡Nada máis lonxe da realidade! Doulle gracias a Deus por formar parte desta Igrexa, e querolle ben polo que nela recibín, aínda que non sexa perfecta, como eu tampouco non son perfecto. Pero “para ser libres nos

liberou Xesús”, como di San Paulo, e a discrepancia pode ser manifestación desa liberdade e dunha verdade paciente e comunitariamente buscada. Pois a verdade é dialéctica e progresa no diálogo aberto.

Nos documentos aludidos non escaseaban realidades que non podo menos que considerar positivas coma cristián e cidadán ó que non lle é indiferente a marcha da súa sociedade. Así, a súa preocupación pola vida humana (non ó aborto), a súa preocupación pola calidade ética da vida política e social (non á corrupción, non ó despilfarro, non a unha visión trivializadora e deformada da sexualidade, etc.); igualmente a súa preocupación pola mocidade e pola calidade da educación, particularmente na dimensión máis humanista; tamén unha chamada á coherencia política e social dos cristiáns; e incluso a valentía que manifestou ó expresar publicamente o que sentía. Felicidades por isto, a denuncia profética sempre estivo na cerna da máis xenuína tradición bíblica.

Sen embargo, coma cristián e pastor (cura) non podo menos que sentir a falla de empatía pastoral cos cristiáns que en conciencia votan socialistas e tamén un análise da realidade social que considero superficial: Non entro a comentar a ausencia de alusións a outros problemas ben graves dos seus diocesanos (desmantelamento do tecido laboral en Ferrol, a durísima situación dos labregos, tan numerosos na diocese,...). Pero si quero pararme, aínda que sexa brevemente, noutro aspecto de fondo. Se moitas cousas non están nesta sociedade como a nós nos gustaría, ¿non será unha por crise fonda de valores e do mesmo sistema, máis que por culpa do Goberno? ¿Non colaboraron os mesmos cristiáns e a súa Igrexa nestes males

sociais, tal coma recoñecía hai xa máis de vintecinco anos o Concilio Vaticano II (G.S., 19)? Se hoxe hai pecado na nosa sociedade, ¿non será bó recoñecer que ninguén está limpo del, tampouco a miña Igrexa —eu mesmo, logo—? Por outra banda, Xesús de Nazaret, o Cristo, conviviu co pecado e combateu a intransixencia cos pecadores. Por iso falaba máis de misericordia que de condena pola transgresión da lei, aínda que fora importante. Na súa pedagogía o mal convive co ben, e Deus chama a ilo superando progresivamente, como contaba na parábola do trigo e o xoio (malas herbas) Mt 13,30. É a dialéctica entre lei e liberdade, entre pecado e misericordia, pola que Xesús tivo problemas cos fariseos, que se creían puros e condenaban ós pecadores. Estou convencido de que a Historia da Igrexa cambiaría moito —aínda está a tempo— se recoñecese os propios pecados e camiñara cos demais irmáns pecadores na construción do Reino de Deus.

Quererlle á Igrexa é tamén crítica, e sempre resulta moi san face-la autocrítica. A crítica pode ter unha grande capacidade curadora sempre que se faga con amor, e non con violencia ou odio. O contrario é o maniqueísmo que divide o mundo en bos e malos, demonizando ó contrario. Coido que é algo que deberán ter máis en conta tódolos grupos sociais e políticos neste país.

O señor Bispo da miña diocese dixo no seu discurso de toma de posesión que “aínda tendo distintos puntos de vista, estaremos dispostos, por fidelidade ó Señor Xesús, a axudarnos e a complementarnos... a vivir ca mente e co corazón a comunión eclesial”. Pola miña parte, que non o dube o lector, e se fora o caso, que non o dube o Sr. Bispo.



Victorino Pérez Prieto

O cura das Encrobas

Chamábase Ramón Valcarce Vega, ou Moncho, e morreu co comezo deste febreiro, dun cancro, coma moitos. Era un home grande, pero a noticia non ocupou as primeiras páxinas, nen siquiera as interiores dos xornais galegos, se acaso algunha sucinta reseña; só unha páxina enteira nun xornal da Coruña: a das esquelas. Sen embargo, non era un home de cartos, nin presidía ningunha empresa cun amplo Consello de Administración. Era tan só un cura, un pobre cura rural, das castes menos apreciadas socialmente hoxe, mesmo polos dirixentes da súa Igrexa.

Sen embargo, tivo unha páxina enteira de esquelas. Non eran esquelas pagadas por xente importante, nen siquiera ían firmadas polos seus compañeiros no ministerio sacerdotal; ían postas polos "outros", polos "de fora", posiblemente polos que non van moito a Misa: os sindicalistas de CC.LL., diversas agrupacións do BNG, e AA.VV., un grupo ecoloxista, a Mesa Pola Normalización Lingüística... e os amigos, compañeiros no traballo pastoral e socio-político, crentes e non crentes.

Unha particularidade: ían todas escritas en galego e non na retórica linguaxe das pompas fúnebres, senon na linguaxe da xente sinxela ou na dos poetas (desde Bertolt Brech a Manuel Maria): "Hai homes que loitan un día e son bos... Pero hainos que loitan toda a vida, eses son os imprescindibles", "Durma en paz ... o que foi guía de xentes e sirva de exemplo ás xeracións vindeiras", "Un mais que deixa un rastro luminoso do seu paso pola vida", "Toda a súa vida foi amar a Deus e a Galicia".

Non me gustan moito as honras fúnebres e non son amigo dos panexíricos. Pero cando un se encontra cun home que fixo unha aposta sería polos pobres, pola causa da xustiza para os mais débiles, un lembra deseguida a outro radical que representou o momento mais importante da historia desta humanidade nosa: Xesús de Nazaret, persoaxe fascinante para cristiáns e non cristiáns, porque se mantivo incólume ata a fin no compromiso da súa vida: a causa da liberación. Moncho tiña na sacristía da súa igrexa de Sésamo, o pe dun Santo Cristo, o

retrato doutro radical: Ernesto "Che" Guevara, mito discutido e discutible de toda unha xeración, que o aclamou na súa mocidade, pero non soubo mante-lo seu espírito despois, e claudicou ante os poderes deste mundo, vendendo a utopía por un plato de lenteillas. A loita dos labregos das Encrobas, a das manifestacións de "¡Non a Xove nuclear!", e mais loitas do seu pobo son as crendenciais de Moncho, que tiña por reflexión cristiá a da Teoloxía da Liberación; por iso seguía sendo cura, e cura dos de abaixo.

Pero Moncho tivo problemas coa súa Igrexa, a comunidade herdeira da mensaxe liberadora de Xesús Cristo. Unha Igrexa que non soubo entender ben que se nesa gran familia poden coller tódolos que queiran ser discípulos do Mestre, con moita mais xustiza collen os que apostan en serio polo Xesús dos pobres e os pequenos. Outros si entenderon a mensaxe de Moncho, e quizais que descubriran ó Xesús liberador na súa persoa e na súa mensaxe mellor que na frialdade aséptica das igrexas, ou nas intransixentes declaracións de principios.



Victorino Pérez

Como en Rúa, coa boina

En Rúa adoitan face-las eleccións depositando os votos na boina do Aniceto. E parece ser que, segundo me contou un amigo meu entendido en cousas de bispos, o proceso electoral que fan os bispos cada tres anos para a elección de responsables na Conferencia Episcopal Española, ten unha mecánica tan simple coma dos veciños de Rúa; aínda que coma pucha dos bispos -o solideo- é mais cativa ca do Aniceto, as papeletas dos votos son recollidas nunha cestiña polos curas axudantes.

Como é sabido, esta semana houbo eleccións para o Presidente e Comité Ejecutivo da Conferencia Episcopal (vicepresidente, secretario e catro vocais) e agardábase cunha certa expectación o novo presidente, xa que o anterior, Angel Suquia -ex arcebispo de Santiago e desde hai dez anos de Madrid- non podía repetir pola súa inminente xubilación.

"Certa" expectación, tan só, pois os dous principais candidatos non presentaban demasiada diferenza nas súas posturas pastorais: o valenciano Ricard Maria Carles, arcebispo de Barcelona, e o canario Elias Yanes, arcebispo de Zaragoza. Ben é certo que o pri-

meiro era tachado de "pastor espiritualista", preocupado sobre todo pola vida interna da Igrexa, e mais ben conservador. E o segundo, que resultou gañador por un escaso marxe de votos, é considerado coma un intelectual da á moderadamente progresista e, xa que logo, algo mais aperturista. Monseñor Yanes é amigo do cardeal Tarancón e do arcebispo de Oviedo Diaz Merchán -os presidentes mais progresistas e abertos que pasaron pola Conferencia Episcopal, pero foi vicepresidente do sainte Angel Suquia, moi conservador.

Os bispos din sempre publicamente que entre eles non hai iso de "conservadores" e "progresistas", pois todos son da Igrexa e fieis ó papa; pero o certo é que hai talentos e talentos de levar o seu traballo como pastores diocesanos e na relación coa sociedade á que pertencen. E o certo é tamén que na Igrexa corren ventos de conservadorismo manifesto e que o nuncio do Vaticano en España, monseñor Tagliaferri, é un verdadeiro "cortaferrós" que converteu á Igrexa española na mais vaticanista do mundo ante o silencio submisivo, tinguido dun certo medo, do episcopado.

Ata o emérito cardeal Ta-

rancón denunciou en diversas ocasións a "torticolis" dos seus colegas bispos, causada por manter demasiado tempo a mirada fixa en Roma. Entroques, se é certo que hai moitas cousas que subverter na nosa sociedade actual, orfa de utopías e valores humanos e espirituais, resulta igualmente certo que na miña Igrexa compren tamén transformacións fondas, se quere ser fiel o espírito do seu Fundador.

Un meu amigo escribía recentemente que "os bispos tamén choran". Se é certo que o episcopado resulta un honor para calquera clérigo, non é menos certo que resulta tamén unha carga cada vez menos gratificante e pesada, convertidos frecuentemente os bispos en pararraios de tódalas queixas: as dos seus fieis, as dos seus curas e as dos seus superiores. As cousas non son o que eran para a Igrexa e os bispos están cada vez mais sós e estresados; non é de estrañar que algúns empezaran a demitir dos seus cargos, e non precisamente por cobardía, como foi o caso dos monseñores Buxarrais e Castellanos, o primeiro para irse a un orfelinato de Melilla, e o segundo para irse misionar a Bolivia.



Victorino Pérez Prieto

"Non só de pan vive o home..."

As citas bíblicas non se amellan ser o reclamo mais chamativo para un título periodístico, polo que poden soar a manido, ou pío de mais. Por outra banda, corren o perigo de se converter nun lugar común que tanto utiliza o cura comprometido na liberación, como o que bota un sermón cargado de tópicos, como...o psicópata ex-convicto da excelente película de M. Scorsese "El cabo del miedo". Con todo, mantéñase o título.

E fágoo porque esta frase, que oíron este pasado domingo tódolos católicos que foron á Misa en calquera das parroquias, paréceme unha desas frases xeniais do Evanxelio, profundamente expresiva dunha visión non vanal e superficial do home, ó mesmo tempo que realista. A frase, collida do libro do Deuteronomio (Dt 8,3) polo evanxelista Mateu e posta en boca de Xesús de Nazaret, completábase dicindo: "...senón, tamén, de toda Palabra que sae da boca de Deus" (Mt 4, 4). Posiblemente, nesta segunda parte da frase, xa non haberá tanto consenso como na primeira: é a opción crente, que afirma que Deus non aliena, senón que enriquece á persoa.

Non só os católicos practicantes, senón supoño que tamén outra moita xente,

saben que o pasado foi o primeiro domingo de Coresma, o comezo da Coresma, porque esta ven despois do Entroido. Para moitos, a Coresma trae hoxe os ecos dun pasado nacionalcatólico que non se recorda con agardamento; aquilo de que non se podía comer carne, ou que había que paga-la bula (a "Bula da Santa Cruzada") para comela nalgúns ocasións, e outras cousas dos curas. Por iso non lles resulta algo grato, e mais aínda, perdeu para eles o sentido.


Pero a Coresma é moito mais que ese choqueiro "absterse de comer carne", é unha invitación a unha co-rentena ético-moral e espiritual, persoal, pero tamén social, para os cristiáns, xaora. Unha invitación que quere ser, como toda co-rentena, curadora, unha invitación a unha conversión cara a mais autenticidade e honradez consigo mesmo, cos demais e con Deus.

A pregunta fundamental podía ser ¿Onde está a nosa fe?, ou mais persoalmente, cos versos de Manolo Regal: "¿Que pintas en min, Señor?... ¿Qué lugar ocupas ti na miña vida, no meu corazón, nos meus planos todos?" ¿Qué está representando realmente na miña vida de cada día esa fe cristiá que non termino de rexeitar? ¿Pode aínda defi-

nirse como "cristiá"? Porque, seguindo cos versos deste poeta e teólogo lugués, "Podo terte como compañeiro inútil/ no tránsito dubitativo da miña vida... Podo terte coma un recurso fácil/ coma un Señor poderoso/ dado ás comenencias... Podo terte coma un amor de ocasión/ disposto sempre a cede-lo teu lugar/ ou calquera urxencia ou compromiso/ que o poder me ofrezca ou recomende".

O relato que fai Mateo das tentacións de Xesús de Nazaret no deserto amosa a loita do home na súa conciencia para mante-la honradez da súa postura, mante-la súa verdadeira liberdade, por cultiva-lo amor á Deus e á xente. Fronte a confianza só nas cousas, en crer que a salvación ven dos cartos ("Dáme cartos e déixate de lerías"). Fronte a unha confianza máxica en Deus, que en realidade manipula a Deus para a propia gloria, para os propios intereses. Ou fronte á unha confianza no poder como salvador, esquecendo que case sempre para ter ou manter o poder hai que adorar ó demo (mentira, corrupción, suborno, opresión dos débiles, etc.).

Si, "non só de pan vive o home" e só se medra poñéndose nunha actitude de conversión e renuncia.



Victorino Pérez Prieto

Pilar Vivanco, unha muller traballadora

O pasado 8 de marzo celebrouse como cada ano desde hai xa uns cantos o "Día da muller traballadora", conmemorando o aniversario do comezo da loita pola igualdade, que manteñen as mulleres desde hai máis de oito décadas, nas que seguiu persistindo a súa discriminación laboral, a pesares dos evidentes avances. Xusto tamén ese día 8 facía un mes da morte dunha muller traballadora, que ademais tiña a particularidade de ser monxa, ou, con máis precisión terminolóxica, relixiosa.

Pilar Vivanco era unha relixiosa da Compañía de María, ferrolana, aínda que andivera gran parte da súa vida por fora de Galicia. Novicia en Logroño, moza inconformista en Madrid, licenciatura en Filoloxía Francesa na Universidade Complutense, estudos de Teoloxía, Biblia e Catequese; logo estudos e traballo fora, en Lyon primeiro e en Bruselas despois. Para vir parar a comezos dos 80 de novo á diocese de Mondoñedo-Ferrol como Delegada Diocesana de EXB, que foi cando a coñecín. Era unha muller traballadora, comprometida no campo do ensino e da evanxelización, e que desenrolou tamén un importante labor na emigración. Todo cadraba co proxecto fundamental que movía a súa vida: a experiencia de sentirse filla benquerida de Deus Pai e unha mestura de contemplación e compromiso cara á realidade do mundo, que a levaba a unha "mística do compromiso" coa xente concreta alí onde estaba; xa foran os problemas económicos, sociais e culturais dos emigran-

tes, coma os problemas educativos da súa diocese.

Pero o caso de Pilar Vivanco non é excepcional. Para quen coñece o labor desenrolado por outras compañeiras da súa orde relixiosa, a Compañía de María, e aínda para quen ten noticia da tónica xeral desta nos últimos anos, sabe que é unha verdadeira organización de mulleres traballadoras, comprometidas co seu tempo, ademais de coa súa igrexa; e aínda comprometidas co seu sexo, ata o punto de que unha persoa tan pouco sospeitosa de ser "antigua", como é María Xosé Queizán, chamounas "compañeiras na causa do feminismo". Non é fácil entender ás monxas, se non é desde a realidade da fe relixiosa, pero o esforzo de compaxinar a fe cristiá e a cultura do seu tempo, e sobre todo o esforzo por estar na fronteira, cos máis pobres e marxinados (desde as aldeas esquecidas do mundo rural ata os barrios da periferia urbana, coa súa droga e marxinación), é unha mensaxe que entende calquera persoa honrada, sexa crente ou non.

Isto están a facer as relixiosas da Compañía de María, particularmente desde que se decidiron a saír dos seus ampulosos colexios e achegarse á xente que non podía ir a eles. E en Galicia, en galego, como non podía ser menos nunhas mulleres que queren enraizarse nunha terra e na realidade concreta da súa xente. As monxas da Compañía veñen facendo a profesión dos seus votos, desde hai uns anos, en galego.



Victorino Pérez Prieto

Non se acaban os curas

A catedral de Mondoñedo estaba chea ata rebordar cando no pasado domingo 14 eran ordeados sacerdotes tres novos curas na diocese que ten por dobre titular a cidade de Cunqueiro e mais Ferrol. Había nenos, mozas e mozos, homes en mulleres de toda condición, e curas, moitos curas, se non chegaban ó cento pouco había faltar. Algún malicioso diría "¡E logo din que xa non hai curas!". De feito, nesta pequena diocese son mais de douscentos, aínda que a media de idade pase moito dos cincuenta, e haxa que contar a vintacinco xubilados. Tamén na idade da xubilación está un dos novos ordeados, aínda que os outros dous novos curas podían ser netos seus.


Non se acaban, logo, os curas, por mais que corran tempos de secularización; mais aínda, din as estadísticas que tra-lo baixón de hai uns anos, volve recuperarse a "producción". Mozos novos, e algún na tardiña da vida, seguen apostando con ilusión pola causa de Xesús, como curas, sen deixar de apostar pola sociedade á que pertencen; mais aínda, vivindo intensamente "os gozos e as esperanzas, as tristuras e as penas da xente do noso tempo, sobre todo dos pobres e dos que sofren", como dicía hai case que trinta anos o Concilio Vaticano II. Seguramente é por esta razón, que un deses curas novos, con nome de actor de sona, Xosé Luis López Vázquez, forma

parte dunha organización cristiá que traballa no mundo obreiro, a HOAC (Irmandade Obreira de Acción Católica), e sabe abondo das súas loitas na empresa e no sindicato, do seu traballo diario por sacar a familia adiante,...; en fin, das súas alegrías e as súas penas, que non lle son alleas, pois comparte esa vida desde a amizade e o proxecto común por un mundo no que realidades como inxustiza, desigualdade, aso-ballamento dos dereitos dos débiles,... sexan menos. Tamén nese proxecto común ve como a persoa de Xesús de Nazaret e a experiencia de sentirse fillos benqueridos de Deus, tampouco non é cousa sen importancia, mesmo na súa realidade de traballadores.

Desde hai moitos anos, o día de San Xosé é tradicionalmente no só a festa dos Pepes, senón tamén o Día do Seminario; unha cousa e outra deben ser por aquilo de que o bó do home era "pai putativo" de Xesús. O cantante Joaquín Sabina dixo nalgũa ocasión na TVE que os curas lle parecín a cousa mais inútil da sociedade, e o que menos desexaría para un fillo seu. El é moi libre de pensar o que queira, e seguro que non é o único en pensar así; pero, parece ser que a maior parte da xente non pensa coma el, a xulgar polos resultados dalgunhas enquisas que sitúan ós curas entre as profesións con mais prestixio, algo menos que os periodistas da radio, pero

mais que os avogados e os periodistas de prensa e bastante mais que os ensinantes (fonte: enquisa Gallup, publicada en marzo de 1992). Xa se sabe que os postos de cabeza, no que ó prestixio profesional se refire, lévano sempre os médicos e os enxeñeiros, que para iso son dos que mais gañan e falan de maneira diferente. Pero resulta especialmente significativo que no que se considera o nivel moral ou grao de honestidade, os curas só teñan por riba deles ós médicos, na enquisa aludida.

Con toda seguridade que ós tres novos curas de Mondoñedo non lles influíu cando se decidiron a ser cregos ese nivel de aceptación social, pois non foi ese o baremo que utilizou Xesús de Nazaret, o seu Mestre, no camiño elixido. Un camiño plagado dos conflitos que acompañan sempre a quen ten e quere levar a cabo unha utopía. Igual que se decidiron polo sacerdocio célibe (non casarse), aínda que se puideran plantexar un sacerdocio diferente, e, quizais, aínda lles gustaría que a autoridade eclesiástica reconsiderase a súa postura respecto da obrigatoriedade de non casarse para poder ser cura católico do rito romano. Pero saben que así están as cousas, e porque cren que ser cura aínda merece hoxe a pena, a pesares das renuncias que supón, o domingo 14 de Marzo víaselles radiantes dicindo o seu particular "Si, quero".



Victorino Pérez Prieto

Morrer sempre é vencer

“Morrer sempre é vencer desde que un día Alguén morreu por todos, como todos, matado, como moitos”.

Son versos dun bispo atípico, que nin parece bispo nin nada, vestido habitualmente coa mesma roupa humilde dos campesiños da súa diocese, “con un calo por anel”, “con fe de guerrilleiro e amor de revolución”, que incita “á subversión contra o Poder e o Diñeiro” e que chama “ó Orde de mal e ó Progreso de mentira”. Os mais avisados decatáranse de seguida que estamos a falar de Monseñor Pedro Casaldáliga, bispo de orixe catalán que exerce desde hai máis de dúas décadas na de São Felix de Araguaia, no Mato Grosso do Brasil. As frases entrecomilladas anteriores tamén son cousa súa, nunha autoconfesión escrita hai tempo.

Cada ano, cando chega a Semana Santa, lembro estes versos, coma unha especie de antídoto contra unha concepción vanal e folclórica desta verdadeira semana grande dos cristiáns, convertida xa inevitavelmente para moitos simplemente nas «vacacións de Semana Santa». Entre as simples

vacacións, o tradicional fervor máis ou menos relixioso e a celebración da «memoria subversiva» do crucificado, ou o que é o mesmo, a celebración daquela morte-resurrección coma un feito que abriu un camiño de liberación-salvación, hai unha gran diferenza, sen dúbida con múltiples pasos intermedios. Pero, para os cristiáns, a autenticidade ten que pasar necesariamente pola memoria que os evanxelistas fan daqueles feitos. Alguén dixo, non sen razón, que os Evanxeos son catro relatos da Paixón de Xesús Cristo “cun longo prólogo”.

Este ano atopo un referente próximo para poder celebrar a morte e a resurrección de Xesús, e poder escoitar con mais forza os versos de Casaldáliga.

Refírome ó asasinato de Ignacio Ellacuría e os seus compañeiros xesuítas do Salvador, recentemente noticia de tódolos medios polo esclarecemento dos feitos e os seus culpables (o exército salvadoreño) gracias á Comisión da Verdade, organismo da ONU creado para esclarecer o caso.

Unha vez mais, ten razón Casaldáliga cando di que

morrer é vencer, ou como decía Lutero, a morte é capaz de aclaralo todo. Gracias ó martirio do año inocente puido chegar a verdade e a xustiza para un pobo sacrificado ós intereses políticos e económicos dos poderosos. E un feito así, axúdanos tamén a comprender algo mellor a morte do Xusto crucificado, non coma un sacrificio a un “Deus sedento de sangue”, senón coma o xusto que chega ata a fin no seu compromiso coa verdade, coa xustiza e co pobo que ama. Aínda que, quizais isto resulte incomprensible para o cidadán «ligth» do noso primeiro mundo.

Xesús de Nazaret, o Cristo, veu para liberarnos do pecado, confesamos os cristiáns; e o pecado non é outra cousa que aquilo que deshumaniza ó home e á sociedade. Ignacio Ellacuría e o seu compañeiro no traballo teolóxico e docente na UCA, Jon Sobrino -xesuíta vasco salvado da matanza polos pelostefien reflexionado moito isto; por iso, para eles facer teoloxía é preguntarse constantemente quen é Xesús Cristo, de que maneira é El o Liberador. Eles foron capaces de concretar a súa reflexión teolóxica par El

Salvador ¿seremos nós capaces de facela aquí tamén?

De todos xeitos, bo será ir desbotando certas reflexións fatalistas sobre a morte de Xesús e ir tendo cada vez mais claro que Xesús morreu como morreu porque viu como viviu.

Morreu como consecuencia dunha vida comprometida ata a fin no amor á xente, especialmente ós mais desfavorecidos, enfrontándose co pecado dos poderosos e co pecado que aníña no corazón de cada home. A vida e a morte de Xesús son salvadoras porque abriron na historia un camiño de amor incontrovertible e manifestaron definitivamente o amor de Deus Pai.

“O vivir de Xesús” comenta outro gran teólogo, o galego Torres Queiruga desde a súa unión co Pai e o seu amor a nós, unha vida entregada e fiel, fixo posible que tamén nós sexamos capaces de vivir unha existencia de confianza e de amor”. Velaí a victoria da cruz, velaí por que morrer é vencer para Xesús de Nazaret, Ignacio Ellacuría, Monseñor Romero e tantos outros.

Velaí o sentido de celebrar cada ano a Semana Santa.



Victorino Pérez Prieto

¿Filosofía contra relixión?

Na semana pasada, a semana de Pascua, un grupo de filósofos e teólogos, crentes e non crentes, estivemos debattendo sobre Filosofía e Relixión nun foro que se foi facendo mais e mais importante cos anos: A Semana Galega de Filosofía, desta volta xa na décima convocatoria. Un foro importante polos temas que trata, pola organización, polos conferenciantes que veñen un ano tras outro, e polo eco que vai tendo non só en Galicia. Vaia, logo, por diante, a miña louvanza ó que poden significar foros de debate coma este. E tamén a miña louvanza polo tema abordado este ano, que, lonxe de ser un tema superado resulta ben actual.

Pero, por aí mesmo vai a miña crítica. Recoilo unha cita de Alvilares no seu excelente libro "Memorial de agravios" -que veño de ler recentemente-; unha cita que me parece da meirande actualidade e moi axeitada ó que vivín esta semana en Pontevedra: "Os intelectuais están afeitados á falacia de confundir o que sucede no seu cenáculo coa sociedade en xeral. Se fose certo o dito de Nietzsche *«¡Deus morreu!»* tamén parece certo que o cadáver de Deus non deixa de inquietar ós homes". Alvilares falaba da súa experiencia no ambiente intelectual de Madrid hai case dúas décadas. E Nietzsche escribía... bastantes anos antes.


As cousas cambiaron moito desde aquela, pero semella que para certos intelectuais non é así, e a

afirmación de Nietzsche é coma un axioma incontrovertible, que fala dun problema teóricamente superado hai tempo. Así se expresaba polo menos un dos ponentes e responsables da semana, cunha seguridade que raiaba na desvergoña, Gonzalo Puente Ojea, coñecido ensaísta e ex-embaxador; para este home, seguir mantendo hoxe a existencia de Deus e a relixión é incompatible cunha postura intelectual honrada e "científica" (¿!), por iso a meirande parte dos científicos e pensadores de talla non serían crentes (¿!!). Esa postura resultaba coreada por un certo grupo dos participantes, que a centraban sobre todo na descalificación do cristianismo e da Igrexa.

Hai que dicir de seguido, que ese grupo non semellaba ser moi grande, anque era o que berraba mais alto. Houbo outros ponentes que tamén se declararon non crentes, aínda que mais respectuosos cos que si nos declarabamos crentes, cristiáns e aínda desta Igrexa, que recoñecemos chea de contradicións e de pecado. Pero tamén houbo conferenciantes que se declararon crentes e "modernos" a un tempo. Entre todos fixeron un debate rico. Ian desde a postura non de todo definida de Reyes Mate (Director do Instituto de Filosofía do C.S.I.C.), quen recorreu ó filósofo W. Benjamin para supera-lo dilema Mitos-Logos, metendo un "novo" elemento ó seu carón: a Relixión, concretamente a relixión xudeu-

cristiá, coa súa introducción do monoteísmo personalista e a alteridade, ou recoñecemento do outro. Ata as posturas claramente crentes dos mais coñecidos filósofos da liberación, os latinoamericanos E. Dussell e R. Fornet-Betancourt. O primeiro, ademais de filósofo é teólogo e experto na Teoloxía da Liberación; falou con claridade e fondo coñecemento da función social da relixión, afirmando que é desde esta desde onde hoxe compre facer unha crítica mais forte a un capitalismo ebrio co seu trunfo, que xera mais pobres que en ningún outro momento da historia.

Escoitando a Dussell e logo ó teólogo galego A. Torres Queiruga, e ante a reacción crítica, desde posturas "progresistas", de algúns dos participantes da semana, o que isto escribe entraba no debate botándolles en cara a súa miopía para sitúa-la diana contra a que deberían tira-los seus dardos. Parece ser que para K. Marx -aínda que xa non esté de moda citalo- o verdadeiro "demo" que hai que vencer é o diñeiro, o capital; e para Xesús Cristo, Manmón (= deus antigo que representa o diñeiro, as riquezas) é o verdadeiro ídolo que se opón ó Deus liberador que el veu anunciar (Mt 6, 24). ¿Onde está a verdadeira ameaza para a realización do home en liberdade? ¿En Deus e a Relixión, ou no diñeiro como valor absoluto, como fetiche e ídolo ó que hai que sacrificar todo, verdadeiro Moloch sedento de sangue?



Victorino Pérez Prieto

O que a Igrexia podería facer

"Fíxate o que a Igrexa podería facer polo país: cambialo por enteiro". As verbas son de Ramón Piñeiro, q.e.p.d., e lembrabas Xosé Luis Franco Grande a semana pasada na homenaxe a Alfonso Blanco Torrado, cura e animador cultural en Guitiriz. Foi emocionante ver a case medio cento de escritores galegos e a preto de trescentos veciños das parroquias de Guitiriz homenaxear a este cura aínda novo, pero que ten xa ás súas espaldas unha apertada historia de animación cultural e relixiosa. Máis non é de Alfonso de quen quero falar, aínda que tería moito que dicir, e algo deixei dito xunto cos demais escritores naquel memorable encontro, tal como quedou reflexado no fermoso libro-homenaxe que alí viu a luz.

Foron as verbas de Ramón Piñeiro, e outras que dixo Franco Grande, as que me impresionaron particularmente, entre as moitas ben fermosas e significativas que se dixeron esa tarde. Franco Grande dixo tamén: "Piñeiro tiña razón: abondaría con que a nosa Igrexa tivera afán de servir ó país... Porque a historia da Igrexa galega é a historia dunha traizón ó país". Son duras palabras, é unha forte acusación, pero, honradamente, non se lle pode quitar a razón, mesmo desde o amor a esa Igrexa, que a min tampouco non me gusta, nin no

seu pasado nin no seu presente.

Certamente, a historia de parte de esa Igrexa galega tamén é unha historia de servizo ó país, posiblemente non tan excepcional como confesaba Franco Grande. Pero o feito é que a imaxe que da non é precisamente de servizo e liberación, senón de opresión ou de estar allea a realidade do país. E esta imaxe institucional oculta toda esa outra realidade xenerosa e comprometida coa causa da liberación, que tamén existe no seu seo, pero que ás veces resulta afogada ou escurrecida pola mesma Igrexa.

O sociólogo Daniel López Muñoz dicíao no primeiro número deste ano na revista Encrucillada: "Somos moitos os que declararíamos e describiríamos numerosas realidades humanas e comunitarias excepcionais...; itinerarios de compromiso radical cos labregos, cos obreiros, cos marxinais, coa cultura galega, ...apostas proféticas..., cantidades inxentes de horas de traballo gastadas en acompañar, en abrir esperanzas de comunidade, en sandar e reconciliar, en alimenta-la esperanza contra toda esperanza, en anima-lo encontro e a militancia, en analizar e discernir para actuar, en dar significado ó fracaso e a dor, en celebra-lo triunfo en cada imperceptible avance". Non son teorías, son realidades que existen xa, e son

patentes ó longo da historia da Igrexa galega; pero tamén é necesario recoñecer con López Muñoz, que en máis dunha ocasión déronse "en ámbitos de neo-catacumba, de identificación dolorosa".

Por iso, é de xustiza admitir que "na vida da Igrexa Galega houbo e hai un dinamismo alternativo que da lugar a un substrato permanente de autenticidade", aínda que "non é iso o que a Igrexa vende á sociedade: a Igrexa non da a sociedade o mellor de si mesma". Coido que a longa cita pagou a pena.

A estas realidades humanas e comunitarias alimentadas pola fe e que estiveron e están ó servizo das causas mais nobres, pertence Alfonso, a súa obra de Xermolos, as revistas Irimia e Encrucillada, nas que colabora desde o comezo, e outras moitas realidades non por descoñecidas para moita xente, menos reais e presentes na sociedade a na Igrexa galegas.

Alfonso, e outros moitos, seguimos nesta Igrexa, porque, a pesar de todo, ela é a que segue a transmitir a memoria e a forza vital de Xesús, a ela debemos nós mesmos que esa memoria chegara ata nós. Unha memoria e unha presenza que é fonte de liberación e que, paradoxalmente, na mesma Igrexa é capaz de crear a posibilidade de espazos de comunión crítica e de esperanza utópica.



Victorino Pérez Prieto

¿Agravios de Alvilaes?

O “Memorial de agravios” do crego lucense Xosé Alvilaes está dando moito que falar. Non podía ser menos, este crego que pensa e ademais escribe ofreceunos un gran libro minuciosamente preparado ó longo de moito tempo e coidadosamente escrito con gran calidade literaria, a cabalo entre o ensaio e a literatura de creación.

O libro deu e segue a dar moito que falar; maiormente louvando a súa valía literaria e os datos que aporta para coñecer mellor a Igrexa galega nos últimos cincuenta anos, e particularmente a historia da súa diocese de Lugo nun período crucial da súa historia contemporánea: o tempo do preconconcilio -que en gloria estea-, do Concilio -o Vaticano II, claro- e do postconcilio.

Pero tamén deu que falar e que escribir a máis de un que se sentiu aldraxado polos “agravios” de Alvilaes á Santa Madre Igrexa, esquecendo quizais que algúns santos, mesmo Doutores da Igrexa, dixeron cousas máis gordas dela; como San Agostiño que a chamou “Casta meretrix”, ou o que é o mesmo, prostituta, aínda que nai benquerida. O que escribe vaise sumar ó que outra pluma chamou, desde as páxinas deste xornal, “coro de cornejas” -ou pegas en galego- que “fan corro” ás afirmacións de Alvilaes, pretendidamente mentirei-

ras, insultantes e aínda blasfemas.

Quizais que debiera ter sumado as miñas verbas a tal coro hai tempo, pola importancia do libro de Alvilaes e pola amizade que me une a el; pero estou convencido que aínda non é tarde, pois non é libro efémero, como seguramente agarda o seu autor. O que menos me gusta do libro de Alvilaes é o seu título, anque sexa chamativo para poñer no escaparate dunha librería e como cabeceira dun artigo, préstase a confusión e a le-lo cunha animosidade que eu non atopei nas súas páxinas.

Contrariamente á opinión do crítico aludido máis arriba, disto moito de ver nas páxinas do “Memorial” a confesión dun home que “o único que fixo desde a súa infancia foi acumular fel no seu corazón”.

Máis ben atopo un libro escrito con sensatez, creatividade e moito humor, ¡que xa fai falla telo para reler unha das etapas máis tristes da nosa historia contemporánea, como é a do auxe do franquismo!, que ocupa a maior parte do libro. Ou para rir ou para chorar.


A este peculiar e gris período, hai que sumarlle a particular historia persoal do bo do Alvilaes que, entre outras cousas, cando volta de Roma co título de Doutor en Teoloxía, a súa “empresa” non lle ofrece como encargo outra cousa máis

adeuada para a preparación que traía que a atención dunha das parroquias máis cativas e afastadas da diocese.

Ben é certo que os máis pobres teñen que ser sempre os preferidos dun cura que queira ser discípulo de Xesús Cristo, pero ... para tal viaxe non precisaba esas alforxas; e non fai falla ser moi avisado para ver que as razóns de tal nomeamento non eran precisamente evanxélicas, “ad maiorem Dei gloriam”, senón descaradamente políticas, de política eclesiástica (“Ou entras polo aro, ou se non xa sabes o que che toca”).

O libro, en troques, é un fermoso testemuño de fe, de fe cristiá e mesmo eclesial. ¿Como senón entender cando di, case o final: “A petición de destino docente para a cidade de Lugo estivo motivada pola vontade de manterme na diocese do meu bautismo e da miña ordenación, na dos compañeiros da historia agora recordada”? (páxina 370). Máis aínda, a súa fe ten a honradez e a fondura de recoñecer que nin como teólogo nin como cura pode posuír a Deus (páxina 335); bo sería que a Igrexa recoñecera que tampouco ela posúe a Deus en exclusiva, por máis que algunhas afirmacións eclesiásticas puideran dalo a entender.

“É de noite, máis non por iso é hora de durmir, senón de buscar” (páxina 336).



Victorino Pérez Prieto

Nostalxia de Deus en Blanco Amor

Xa postos a ter unha cita desde esta páxina co benquerido aínda que ignoto lector, cita que lle chega incuestionablemente en galego, paréceme pouco procedente non acudir a esta convocatoria aínda perto da Semana das Letras Galegas. Ben é certo que un considero, desde hai tempo, que o que foi un "día" e agora é unha "semana", para a lingua maioritaria dun pobo, é algo requeno, pequeno de máis, e manifesta a falla de normalización da nosa lingua, sobre todo no eido da escritura. De tódos os xeitos, como isto é unha realidade, considero que non está de máis o evento anual para dar a coñecer os tesouros que foi dando á luz a lingua galega.

Tamén semella obrigada a referencia ó persoeiro que cada ano somos convidados a lembrar e celebrar. Eu non son particularmente coñecedor da vida e a obra de Eduardo Blanco Amor e sería unha ousadía da miña parte pretender falar maxisterialmente del, polo que debo facelo por procurador. Ultimamente foron aparecendo algúns bos estudos sobre este persoeiro. Pero non me vou referir a eles senón a un estudio de Engracia Vidal, aparecido na revista "Encrucillada" no seu último número. Deste arti-

go collo unha conversa de Blanco Amor, de onde saíron as palabras da cabeceira do meu artigo.

A conversa foi entre o noso escritor e Francisco Carballo, cura, historiador e tamén escritor. A devandita conversa foi o mesmo día da morte de Blanco Amor.

Estaban ambos nun café de Vigo, en grupos distintos; ó saír, Blanco Amor achegouse a Carballo e díxolle: "Ben, curiña, voute necesitar, temos que falar, por que teño nostalxia de Deus". Engracia Vidal concluíu a anécdota dicindo con moito tino: "Aquela mesma noite, seguro que Deus colmou a súa nostalxia".

Certamente, en Blanco Amor é máis expresa a súa crítica relixiosa que a súa fe, polo menos expresa; por iso, o acertado de falar dunha "nostalxia de Deus". Nostalxia intuída nos seus poemas e con algunha manifestación máis expresa na súa prosa. Así, na novela "Los miedos" (p.40): "El rosario reunía al atardecer a todos... incluso Marcial, que por haber estado en las Américas decían que no creía en Dios (quisiera yo saber cómo se las arreglaba)". O paréntese do autor non ten desperdicio.

A crítica relixiosa ofrécenos numerosos puntos interesantes de reflexión, tan

só citar un texto de "La catedral y el niño", no que caracteriza moi negativamente a un cura: "Duro, orgulloso, dogmático e implacablemente obstinado. Parecía andar siempre como un gendarme de Dios, al acecho del pecado, desprovisto de las reservas piadosas para el perdón" (p. 165-66). ¡Outro que tiña a Deus "baixo arresto domiciliario", como diría Alvilares! De calquera xeito, esta pretensión de posuír a Deus, de pretender ser palabra definitiva e exclusiva de Deus, foi e segue a ser moeda demasiado corrente entre os curas e na mesma Igrexa, que semella "saber demasiado" de Deus", como dixo alguén.

Sen dúbida que esta intransixencia, no terreo dogmático (as afirmacións da fe) e moral (sobre todo no referente á moral sexual, estreita e uniforme), sumada a tantos convencionalismos sociais da Igrexa, demasiado vinculada ás ideas conservadoras das clases no poder, tiveron que ser un factor importante, se non determinante, na dificultade de Blanco Amor para ser cristián confeso. ¿A súa nostalxia de Deus, atoparía hoxe máis espazos de encontro con El?



Victorino Pérez Prieto

¿Será igual o Parlamento sin os nacionalistas galegos?

O día despois, os resultados dos comicios e os análises destes, acaparan tódolos medios de comunicación. Para a maioría dos comentaristas, ademáis do ascenso insuficiente do PP, a cuestión crucial é “a cuarta victoria socialista”, ou mellor, a “minoría maioritaria” dos de Felipe, e como vai facer o PSOE para gobernar, se casándose cos nacionalistas conservadores de CIU, ou ligándose ós esquerdosos de EU, ou tentando gobernar só, cos correspondentes e imprescindibles pactos. Nin sequera os comentaristas galegos (?) tomaron en consideración que a ausencia do nacionalismo galego sexa unha cousa que mereza máis importancia que dicir simplemente que esta vez o BNG tampouco estará no Parlamento.

Tan só X.L.Barreiro escribía como moita retranca, que “esta vez ganaron todos”, Felipe, Aznar, os nacionalistas vascos e cataláns, Esquerda Unida, mesmo os galegos, se é que “o que pretendíamos era demostrar que non temos remedio...

deixando patente a nosa eficacia á hora de perder oportunidades históricas, para facer emigrar os nosos votos en busca de fortuna”.

Porque escano tiveron non só os vascos e cataláns, senón tamén os rexionalistas aragoneses, valencianos e canarios. Todos, menos os nacionalistas galegos. Pero xa se sabe que para os nosos brillantes comentaristas políticos o nacionalismo galego está nas mans duns radicais perigosos, aínda que “se lavaran a cara” ampliando o espectro e facendo o que un “plumífero insigne” chama “caixón de xastre de electores dispersos”.

¿É irrelevante que o nacionalismo galego non poida dicir unha palabra en Madrid? Paréceme ou dunha miopía ou dunha insensatez de calibre verdadeiramente groso que un galego responda afirmativamente. A parte das opinións políticas de cada quen, habería que considerar tamén que, máis que nunca, perdeuse unha verdadeira ocasión histórica, na que as distintas nacionalidades si que van poder

dicir e decidir algo na política estatal.

No que respecta ó pobo galego, tan absolutamente absorto pola dependencia caciquil (¿que podo sacar para min de proveito en todo isto?), ou polo engado do “voto útil” (xa se sabe, os conservadores, a votar todos PP para acabar co socialismo; e os progresistas, a votar PSOE, para frear á dereita cavernícola), habería que dicirle co poeta Antonio Machado: “¿Onde está a utilidade das vosas utilidades? Xa o dixo o Eclesiastés: vaidade de vaidades”. Cando os de Madrid, Barcelona e Bilbao se repartan a torta ¿onde van estar os galegos para reclamar o que lle corresponde? Na casiña chorando, e agardando a ver se cae algunha faragulla.

Con todo, como din os versos dunha canción, :“A esperanza é unha fonte/ que está ó final do camiño,/ sedé é a forza que nos move,/ ¡Deus nos manteña esta sede!”. Sede dunha Galicia liberada, cun pobo verdadeiramente dono do seu destino.

**Victorino Pérez Prieto**

Insumisos, ¿insolidarios?

Hai uns meses, un amigo, compañeiro e Obxeitor de Conciencia, declarouse insumiso á Prestación Social Substitutoria da mili, e eu lembreime dunha viñeta do humorista ourensán Xosé Lois, máis coñecido por "O Carrabouxo":

"Quere ser insumiso" —dille a nai dun mozo ó Carrabouxo—.

"Pois xa sabes —contéstalle—: dous anos e pico de cadea".

"Ai, Señor, prefiro que queime un monte, que son só dous meses"—retruca a nai—.

O chiste sitúanos na contradición da xustiza: É máis grave que un mozo obxecte á estrutura militarista da sociedade, que plantarlle lume a un monte.

Os razoamentos do ata agora ministro de xustiza, Tomás de la Quadra, non daban lugar a dúbidas: "Absolver a un insumiso podería xustificar o terrorismo" (!).

¿Será tan grave, tan incívico e tan perigoso para a convivencia social? Hai uns meses lía a carta dun insumiso publicada nunha revista, onde dicía cousas coma estas: "Cando presenteí a

solicitud de obxeitor de conciencia, aleguei motivacións relixiosas, éticas e políticas non violentas.

Considero que unha institución coma a militar é dañina para as persoas, tanto as que a integran como as que a sofren... Que despilfarra recursos moi necesarios para atender necesidades sociais, e que é unha das defensoras e mantenedoras das situacións de inxustiza no mundo... Estou firmemente convencido de que os valores militares, no noso contexto, contradícense cos que predicou Xesús de Nazaré". Claro que, xa se sabe como rematou ese tal Xesús de Nazaré. E Andrés, o tal insumiso, non é descoñecedor diso.

¿Por que non se acolleu á Lei de Obxección de Conciencia e fixo o servizo social substitutorio, sen necesidade de tocar as armas? El mesmo declara que as contradicións da actual Lei de Obxección, sumado ó non cuestionamento da mili obrigatoria, levouno á grave decisión de plantexarse unha desobediencia civil que pode levalo ó cárcere.

¿Insolidariedade social, logo? En absoluto,

os mozos que chegan a tomar a grave decisión da insumisión militar son, maioritariamente, mozos espertos e solidarios, máis comprometidos coa súa sociedade que moitos dos que responden positivamente á chamada a filas.

¿Non poderá ser esta nova fórmula de obxeitar ó exército unha fermosa aínda que utópica maneira de facer realidade a profecía de Isaías "das espadas forxarán arados e das lanzas podadeirás... non se adestrarán para a guerra"? ¿Serán tan necesarias esas inversións millonarias en gastos militares? (Co que custa formar e equipar unha división blindada poderíanse construír 32.000 vivendas de catro habitacións cada unha; o gasto que ocasiona un membro das forzas armadas é por término medio no mundo de tres millóns e medio de pesetas ó ano) ¿Realmente hoxe un "bo exército" garantiza a defensa dun país? (Véxase o que lle pasou a Iraq co temible exército que posuía. Véxase o drama servio-bosnio-croata, etc.). Tan só unhas preguntas.

E

hay uns días os medios de comunicación, ata a poderosa TV, daban a coñecer un acontecemento do que un ten a sospeita de que viña ser noticia para moitos máis polo morbo que contiña que por outros intereses informativos. Non pola falla de importancia da noticia en si mesma, que si a tiña, senon pola valoración que se fai habitualmente das noticias relacionadas co mundo da fe, a relixión e a Igrexa.

Estou a falar do III Congreso Internacional de Curas Casados, celebrado estes días en Madrid. O tema é polémico, sobre todo para a xente que se sente, máis ou menos, formando parte da Igrexa Católica, e suscita acerrimos defensores e acerrimos destrutores. Pero o balance non está equilibrado entre ambos grupos, senón que a maioría parece ser que estan no grupo dos que defenden que os curas deberían poder casarse; e de calquera maneira, nesta opinión se atopan as xentes máis populares, a xulgar polo que un ten escoitado en numerosas ocasións.

Polémico tamén non só polas opinións encontradas dos católicos, senón polo volume de curas afectados por este "problema": fálase de máis de cen mil en todo o mundo; cifra moi importante e máis aínda tendo en contra a crise de vocacións sacerdotais que se ven arrastrando desde hai tempo.

E eu aínda teño un dato importante que aportar: o volume de curas casados —ou "secularizados", como se di na linguaxe eclesialística— é particularmente significativo nos países latinoameri-

canos, onde a escasez de sacerdotes é especialmente alarmante, e sentida coma unha carencia grave polos cristiáns de arriba e de abaixo.

Estiven o mes de Xullo no Ecuador, e alí puiden enterarme que nese país onde a maioría dos ministros da Igrexa son estranxeiros pola escasez dos nativos, ¡hai uns trescentos corenta curas secularizados! Gran parte deles seguen formando parte da Igrexa, mesmo de forma activa, aínda que non poidan seguir exercendo o seu ministerio sacerdotal, porque, —como eles mesmos confesaban nun comunicado feito á prensa— "deixamos o ministerio presbiteral, pero non a Igrexa;... non nos separamos do exercicio por falta de fe ni de confianza en Deus, tampouco somos curas arrepentidos".

Cando un coñece a moitos destes curas que se casaron e houberon deixar de exercer o ministerio sacerdotal —aínda que tamén nisto hai excepcións—, non se lle pasa pola cabeza tachalos nin de "desertores", nin de "traidores", nin inconsecuentes, nin sequera se atreve a xulgalos. Contrariamente, cando ve o seu xeito de vida, a súa vontade de seguir co compromiso da súa fe cristián, as veces de maneira tan radical, a reacción é máis ben a de crispase pola miopía dunha Igrexa que se nega a ollar unha realidade que moitas veces non se corresponde cos seus esquemas mentais e disciplinarios, e que non é necesariamente por obra do Maligno.

"Casámonos sinxelamente porque criamos e cremos que Deus



Victorino P. Prieto

non nos deu o don do celibato", din. Collendo a 1 carta de San Paulo ós Corintios 7, 7, onde fala o apóstolo de que el valora moito o seu celibato, pero "cada un recibe de Deus a súa gracia particular, uns dun xeito e outros doutro"; os curas conclúen que non se debería esixir o celibato a tódolos que queiran ser sacerdotes. Couxa que, como é sabido, non foi sempre unha norma da Igrexa, que non chegou a impoñela ata o ano 1123 no I Concilio de Letrán. Por outra banda, hai unha parte da Igrexa católica, a de rito oriental, que non esixe o celibato ós seus curas. O que relativiza aínda máis a universalidade desta esixencia para ser sacerdote católico. "En caso de necesidade non se debe sacrificar o sacerdocio o celibato, senón o celibato ó sacerdocio", afirman tomando nota da tradición dos primeiros séculos da Igrexa a da tradición oriental mantida ata hoxe (os católicos orientais distinguen moi ben entre a vocación do monxe, necesariamente célibe, e a do cura). Valórase o celibato como algo moi positivo, pero que non se pode prescribir forzosamente para o sacerdote; porque aínda que moitos cristiáns queren servir á causa de Xesús é a Igrexa non se senten chamados á continencia perfecta (non ter muller).

Este pensamento dos orientais é compartido tamén por unha boa parte dos bispos católicos de rito romano. Así, no Sínodo dos Bispos celebrado en Roma en 1987, escoitáronse afirmacións coma estas: "Convén que o celibato sexa asumido polos sacerdotes nunha libre elección" (Felipe

Santiago, bispo do Paraguai). "C xefe espiritual dunha comunidade debe ser casado porque alí o matrimonio é signo de madurez e de capacidade de dirixir" (Bispo P. Sarong). "O sacerdote casado debe ser admitido xunto co sacerdote célibe si se quere que o celibato sacerdotal sexa un signo real" (Samuel Carter, bispo da Jamaica). "Se temos que escolleir entre mostrar un signo ou ter sacerdotes, hai que optar en todo caso por ter sacerdotes" (J. Gran bispo de Oslo, Noruega). E ata un cardeal italiano, M. Pellegrino, de Turín, falou públicamente da necesidade de modificar a lei do celibato. En realidade, na consideración dun dos maiores teólogos da Igrexa católica hoxe, E. Schillebeeckx, nun libro sobre o tema, "A maioría dos bispos do mundo consideran a ordenación sacerdotal de homes casados como unha necesidade pastoral" ("Informe para el pueblo de Dios", p.247).

E para rematar con citas de bispos, que se lles supón "xente autorizada" nas súas opinións, un par delas máis. O cardeal A. Lorscheider (Fortaleza, Brasil) dixo con ocasión do congreso de curas casados do Brasil: "Algun día a Igrexa reconecerá en voz alta a vosa decisión". E J. Gaillet, bispo de Evreux, dicía en Lourdes en 1988: "Ata cando nos privaremos do ministerio de sacerdotes casados que continúan a ser dispoñibles".

O Papa Xoán Paulo II tamén dixo algo sobre o particular: "Os sacerdotes casados serán aceptados no ministerio, pero isto non ocorrerá no meu pontificado". Sen comentarios.



"Que ninguén vos escravice mediante a falacia"

A frase que encabeza o artigo é do apóstolo S. Paulo na súa Carta ós Colosenses (2, 8); aínda que a Biblia Galega traduce con bo tino: "que ninguén vos enguedelle con especulacións sen contido", prefiro a outra vella tradución para a presente ocasión.

Pero, a pesares de estarmos en período de palabrería electoralista, que non se trabuque o lector, pois non vou falar de política, senón de relixión; ou mellor, de algo que considero unha falsa relixiosidade e aínda unha verdadeira perversión da relixión, polo menos desde o punto de vista cristián que é o de quen isto escribe.

Estoume a referir ó que se podía denominar cun título periodístico fácil, pero actual e de rápida comprensión xeral, a "Rappelmanía". Ou o que é o mesmo, toda esa parafernalia que mestura relixión e superstición, ocultismo e relixión tradicional; unha pretendida sabedoría oculta, que o mesmo fala de aparecidos que voltan do outro mundo, que de extraterrestres que deixan un arrecendo na habitación cando se comunican misteriosamente cos terráqueos, ou ja aparición de Xesus Cristo nunha acuario caseiro!, tal como nos traía recentemente o periódico, recollendo as manifestacións doutra "vidente" mais que sumar á longa ringleira deles neste final do século XX, na era da ciencia e da técnica.

Jose de Cora falaba hai uns meses na súa columna da secta dos davidianos, inmoldados días despois no rancho Waco de Texas co seu "mesías" David Koresh; e titulaba o escrito "Pazguatos". Eu tamén podería titula-lo meu: "Papanatas", ou o mais galego de "Papafilloas", ou o mais rebuscado de "Papaleisón", ou simplemente "Paspáns".

Cando tiveren a curiosidade e o humor de pararme un anaqüiño de tempo no programa televisivo de Rappel, quedei abraiado da seriedade da xente para escoitar como o mais normal do mundo a sarta de sandeces que alí se dicían. E que conste que un ten un gran respecto pola Parapsicología e reconece humildemente que non podemos controlar racionalmente toda o que pasa na nosa realidade.

Nunha desas revistas que pu xeron ó tal Rappel, legalmente Rafael Payá Pinillo, no poleiro

dicía o susodito: "Os videntes como los profetas do noso tempo". Se tal entende por profetas (que razón tiña o gran profeta bíblico Elías, cando herraba hai case 3.000 anos: "Eu non son profeta nin fillo de profeta"!), para poñerse á marxe dos "profetas" oficiais do seu tempo, verdadeiros lareteiros aproveitados. Os poucos días saía na prensa a denuncia dunha desas falsas profecías -pola que cobrara Rappel os seus hos cartos- que lle saíu mal e causou un grave perxuizo a unha familia.

Un non pode menos que recordar aquelas outras palabras do apóstolo: "Chegará un tempo en que a xente pechará os seus oídos á verdade e voltaráse ás fábulas". Ou porque son mais divertidas, ou porque son mais novidasas, ou, quizais ... porque son menos comprometedoras para a súa vida. Compromete bastante menos unha oración, ou tal ou cal rito a un deses "Santos que nos axudan" título dun exitoso libro de Rappel, que camiñar na xustiza e na verdade, na solidariedade cos desfavorecidos, ou na implicación nunha comunidade que se xunta semanalmente para celebrar e vivir unha fe comprometida coa causas de Xesus.

Cabndo Paulo escribía hai mais de 1900 anos ós colosenses, sabía da súa inclinación a adoptar as ideoloxías de moda, que eran por aquel tempo o culto ós astros e ós "elementos do mundo" (Col 2, 8), que consideraban habitados por espíritos bos e malos. Non parece que esteamos hoxe moi distantes daquelas especulacións. Pero Paulo sinalaba claramente, ademais de denunciar o engano dos "especuladores espirituais", que un cristián debe saber que "para ser libres nos liberou Cristo", tamén dunha escravitude ideolóxica ou máxica (a pretensión da maxia e dominar a divindade), das forzas da natureza ou de condicionamentos de todo tipo, de calquera tabú e de calquera medo. Pois en Cristo reside toda a plenitude da divindade, el é a cabeza de todos los principados e potestades".

Aínda que os seguidores de Cristo, a súa mesma Igrexa, non foran moitas veces fieis a estes principios, isto non lle quita nada do seu valor ás afirmacións de Paulo, tamén para hoxe. Cristianismo, superstición e maxia son incompatibles.

TRIBUNA LUCENSE

Victorino Pérez Prieto



"Que ninguén vos enguedelle con especulacións sen contido"

Os trasnos das letras e os problemas de normalización lingüística do galego levaron a que o meu artigo anterior sufrira uns cambios no seu título e en palabras do interior. "Que ninguén vos escravice mediante va (vana, superficial, irreal) falaçia", ou a frase semellante do apóstolo Paulo (Col 2, 8) coa que título o artigo de hoxe.

Unha tira cómica do humorista madrileño Quique situaba hai un par de anos ó seu personaxe Tico ante unha vidente coa súa inevitable bóla de cristal. Tico dicialle á profesional:

-Unhas videntes din ver seres celestiais, outras o futuro dos políticos, outras que lles pasará os famosos... ¿Vostede que ve?

E contéstalle a vidente:

-A gran cantidade de parvadas que a xente se cre.

¡Por que mire vostede que se cren cousas raras hoxe! Moita xente abandonou a súa relixión tradicional, porque lle custaba crer afirmacións da fe cristiá como a Santísima Trindade, a Encarnación de Deus en Xesús Cristo, a Resurrección da Carne ou o valor dos Sacramentos -que non digo eu que sexa unha cousa doada de crer...-; e logo cre sen maior dificultade doutrinas orientais mal comprendidas como a transmigración e reencarnación das almas, afirmacións esotéricas sobre a enerxía e a alma universal, a comunicación cos espíritos, a astroloxía, as máis extravagantes formas de maxia, de ocultismo e satanismo, ou calquera outra afirmación absurda, con tal de que sexa diferente, por novidosa ou por ancestral. Outros se dan a un sincretismo ou mestura dos máis variopintos elementos que proveñen de distintas tradicións relixiosas e culturais, moitos deles en clara contradición, para acadar unha amalgama que non entende nin Jehovah, aínda

que Deus mire toda iso cun rictus mestura de pena e de humor.

O sentimento relixioso está fondamente metido no corazón do ser humano, desde sempre, desde que o mundo e mundo. Toda a tradición ilustrada e racionalista, a ciencia e a tecnoloxía non puideron afogar esa vea espiritual, que rexurde constantemente con forza e que está moi viva neste final do segundo milenio. Por que como dicía o ano pasado Luis Racionero, un filósofo pouco sospeitoso de varrer para o curral das igrexas, "Tras desprazar ás creencias relixiosas, a ciencia non trouxo novas respostas ás preguntas fundamentais da existencia humana... O agnosticismo científico levou a propor

aclarar algúns conceptos que son ben diferentes, aínda que camiñen demasiadas veces moi mesturados: relixión, maxia, idolatría e superstición.

A relixión, mediante textos, prácticas e signos tenta poñer ó home en contacto co Misterio Derradeiro, o Absoluto; sométese a El de maneira voluntaria, esperando obter a salvación. O home relixioso acepta a realidade divina, que para o cristianismo e as grandes relixións monoteístas é un Ser persoal, e non busca dominala.

En cambio, a maxia, é un conxunto de prácticas que teñen por obxecto dominar as forzas ocultas, o mesmo Absoluto, e así orientalas en beneficio propio. Para o mago, os poderes superio-

- "A relixión, mediante textos, prácticas e signos tenta poñer ó home en contacto co Misterio Derradeiro, o Absoluto; sométese a El de maneira voluntaria, esperando obter a salvación".

como programa de vida o baleiro e a náusea... O home sen dimensión espiritual é o home diminuído da nosa época". Xa o dicía hai máis anos o gran escritor francés Antoine de Saint-Exupéry: "Aborrezco a miña época con todas as miñas forzas".

¡O home está morrendo de sede! O problema do mundo é darlle ós homes un sentido espiritual... Mirade, xa non podemos vivir máis de conxeladores, de políticas, de estados de contas e crucigramas". O home é un ser relixioso, pero hoxe parece ter as ideas moi enguedelladas.

Non estaría de máis

res non son máis que instrumentos nas súas mans.

Na idolatría tómanse como absolutas realidades terreas, cousas que non son nin sobrenaturais nin transcendentales, senón simples obxectos ou seres naturais, convertidos en ídolos. E a persoa supersticiosa cre que existe algo por riba da xente, unha forza oculta que pode castigala se fai determinados actos.

Na diferenza entre estes conceptos está o que poderíamos chamar a verdadeira actitude relixiosa ou falsa. Non fai falla dicir que as cousas están demasiado mesturadas, mesmo entre os cristiáns practicantes.

TRIBUNA LUGENSE

Victorino Pérez Prieto



¿Vaise Deus ó Sur?

Alguén acuñou non hai moito unha fermosa e rechamante expresión: "Deus vaise ó Sur". Tiven a ocasión de lelo nos días precedentes á xornada do Domund (Domingo Mundial da Propagación da Fe Cristiá), que a Igrexa católica celebrou o pasado 24, como fai cada ano no penúltimo domingo de Outubro. Parece ser que o cantan as estatísticas: o 60% dos católicos de hoxe vive nos países dos Terceiro Mundo, ou o que é o mesmo, nos pobos do hemisferio Sur. En América Latina está o 42%, en África o 9% e en Asia outro 9%. As comunidades católicas de Europa correspóndelle un ficticio 32% (pois é claro que "non son tódolos que están"), e a América do Norte un 8%; no Norte está, pois o 40%. Numericamente é evidente que estes porcentaxes seguirán progresando en detrimento do Norte, pois cada día perde peso demográfico en relación co Sur. Actualmente hai no noso mundo uns 1.340 millóns de cristiáns, dos que 890 son católicos. Os datos resultan ás veces, fríos, porque non

responden totalmente á realidade. É evidente que o alto porcentaxe de católicos de Europa non se corresponde en moitos casos cunha fe católica confesa e explícita, adultamente asumida, senón máis ben cunha herdanza socio-cultural discutible. Aínda que isto suceda tamén, en parte, en Latinoamérica, seguramente a realidade inclinaria a balanza aínda máis cara ó Sur.

E con toda seguridade non tardará en chegar o día no que as tres cuartas partes dos católicos sexan latinoamericanos, africanos ou asiáticos.

Posiblemente, algún que outro ilustrado ou "moderno" dirá: ¡Afortunadamente. Iso indica o camiño do progreso! Pero moitos pensaremos que ese "camiño de progreso" non é máis que expresión do suicidio espiritual do Primeiro Mundo. Aínda

que teña moitas fontes onde beber, está morrendo de sede, como berraba hai xa anos o gran escritor francés Antoine de Saint-Exupéry. Ou o que dicía hai menos tempo o filósofo

Luis Racionero: "Non se pode traballar polo progreso humano amputando ó home a súa dimensión espiritual. Pois sen ela o home non pode atopar sentido á súa existencia" ("El Periódico de Catalunya" 2-V-1992).

Se Deus se vai ó Sur, porque se atopa máis a gusto entre os desposuídos da terra, xa podemos ir pensando en pedirles que nos permitan compartilo con eles; que "non só de pan vive o home", como dicía xenialmente Xesús de Nazaret.

Falar do Domund non é falar dunha colecta para os pobres, como reduce moita xente, senón falar do dinamismo do Evanxeo que quere chegar a tódolos recunchos da Terra. Non é falar do que nos podemos "dar" ós pobos do Sur (cartos, "civilización"), senón falar do necesario intercambio enriquecedor entre eles nós. Se a Boa Nova de Xesús chegou ó Norte hai moitos anos e daí arrancou para outros lugares, son hoxe os pobos do Sur os que no-la poden devolver vizosa e renovada.

Victorino Pérez Prieto



¿Homes repetidos?

Un equipo de científicos da universidade americana George Washington daban hai uns días coma unha noticia sensacional que conseguiran facer copias idénticas a partir dun só embrión humano; o que de seguida se interpretou coma a posibilidade de reproducir seres humanos en serie, homes/mulleres repetidos. A imaxinación dos que lemos algo foise de seguida aterrizada a dúas grandes novelas: "Un mundo feliz" de Aldus Huxley e "1984" de Georges Orwell; ou os experimentos do doctor nazi Mengele que deron pe á película "Os nenos do Brasil". ¿O noso futuro ía ser o da xente fabricada en probeta de maneira perfectamente programada polos escuros intereses do poder? ¿Xente Alfa, Beta, Gamma, Delta ou os parias Epsilon; xente de 1ª, de 2ª e de 3ª?

O experimento da clonación, que —como se sabe— así lle chaman ó polémico descubrimento, suscita unha chea de preguntas, como de contado empezaron a xurdir non só por parte dos moralistas e da Igrexa católica, senón tamén dos pensadores laicos e da mesma comunidade científica e médica.

Aclarando conceptos

Hai que dicir que clonación é a posibilidade de crear copias xenéticas dunha persoa adulta introducindo o núcleo dunha célula nun óvulo e logrando o seu posterior desenvolvemento; ou ben —como parece ser que lograron na Universidade americana— dividir embrións conxelados en fase de mórula (cando o embrión ten só unhas poucas células) para poder reimplantalos posteriormente.

Coa publicidade deste experimento e a curiosidade suscitada, que nos levou a moitos a ir ós libros que tiñamos a man, soubemos que desde hai mais de dez anos pódense conxelar os embrións humanos, e que existen "bancos" destes embrións que nalgúns países contan con varios milleiros, conxelados a -196°C, tal como tiveron ocasión de ler. Soubemos que se experimenta cos devanditos em-

bríons humanos con fins de investigación, aínda que as leis de moitos países prohiben outro fin que non sexa o terapéutico. E soubemos que a variedade e amplitude destes experimentos veñen levando nos últimos tempos a reflexións fondas sobre os límites necesarios de tal experimentación.

Reproducción asistida e manipulación xenética

Todo isto está en relación coas técnicas de reprodución asistida, e mais concretamente coa fecundación in vitro, que xa en 1978 dera a luz a primeira "nena probeta", a cativa inglesa Louise Brown. Estas técnicas supoñen unha vía de esperanza para parellas estériles que desexan ter fillos, pero tamén suscitan numerosos interrogantes coma os das "nais de aluguer".

Pero tamén está, ou pode estar, en relación coa manipulación xenética ou enxeñaría xenética, aínda que como dicía outro doutor americano, presidente dun Instituto de Medicina Reprodutiva: "A idea de reproducir seres humanos exactamente iguais é repugnante". Sen dúbida que a manipulación xenética permitiu logros espectaculares que representan importantes avances na sanidade, como a vacina contra a hepatite B e melloras na produción agrícola e gandeira. Pero aínda suscita moitos mais interrogantes sobre a súa investigación coa realidade humana coa fin —mais ou menos confesada— de conseguir "individuos óptimos".

Algunhas consideracións

Os medios de comunicación comentaron amplamente as reaccións do Vaticano, que comentaba os experimentos da clonación humana con horror, pois representaría "a negación da condición irrepelible da persoa humana", xa que "a persoa non é un obxecto nin pode ser utilizada coma un instrumento". O Presidente do Consello Pontificio de Pastoral Sanitaria dicía que o experimento "anula a dignidade da persoa humana" e equivale a un sacrilexio contra a mesma condición humana. Outras vo-

ces da Igrexa falaban tamén de que a ciencia non é o mais alto valor ó que deban subordinarse tódolos demais valores.

Un pensa en primeiro lugar que a persoa humana é de todos xeitos irrepelible, pois é moito mais que unha realidade biolóxica. O ser humano é —como dicía Ortega— el e a súa circunstancia histórica e social, o que herdamos (os nosos xenes, a nosa cultura), pero tamén o que imos facendo, as opcións que imos tomando libremente, etc. E todo isto non está predeterminado en ningún código xenético. Pero, calquera tipo de manipulación da realidade humana que poida levar a selectividade natural é unha forma de racismo e paréceme eticamente inaceptable. Ademais, ¿é lícito experimentar arbitrariamente coa vida humana, aínda que sexa en estado embrionario?

De calquera xeito, a experimentación científica ten que ser controlada por un código ético que parta da afirmación da inviolable dignidade humana. Este é o problema fundamental da clonación según a moral católica, e non "que pasa coa alma", si se "divide", ou ..., tal como indicaban nun programa da TvE que era o problema da teoloxía católica. Non debían ter moi claro que era iso da alma...

Por outra banda, un preguntase tamén se non é unha trivialidade inmoral gastar tantos medios humanos e materiais en experimentos dese tipo, cando miles de seres humanos reais están en situacións límites por falta do necesario, na alimentación, na atención sanitaria e educativa, etc. Ou se é lóxica a postura dunha sociedade que acepta tan facilmente o aborto da vida concibida e non desexada, e ó mesmo tempo fai tantos esforzos para que unha parella poida ter un fillo desexado ¿Non sería mais lóxico dinamizar as adopcións? Se queremos un "home novo" ¿non será mellor invertir na mellor distribución dos recursos e na humanización das relacións persoais mais que nos experimentos de laboratorio?

Victorino Pérez Prieto



Un corsario da prensa chamado Pasolini

As persoas mais adorables son aquelas que non saben cales son os seus dereitos. Son adorables tamén as persoas que sabendo cales son os seus dereitos non os pretenden ou renuncian a eles. Son tamen bastante simpáticas as persoas que loitan polos dereitos dos outros, sobre todo daqueles que non saben que os teñen. Tamén están na nosa sociedade os que usufructúan e os usufrutuados. Aquí están tamén os intelectuais, empeñados en facer saber ás persoas adorables, que non o saben, que tamén teñen dereitos; incitar as persoas adorables, que saben que teñen dereitos, a non renunciar a eles e incitar a todos a sentir o impulso histórico na loita polos dereitos dos outros.

Con estas verbas iniciaba Pasolini o que foi o seu verdadeiro testamento ideolóxico, que debía ler nun congreso en Florencia, pero que a súa morte violenta impediu levar a cabo. Afortunadamente, non se perdeu e saíu publicado no xornal "Il Mondo".

Pasar inadvertido

Un home que escribía estas cousas non podía pasar inadvertido, se ademais tiña como tribunas do seu discurso, a prensa, os libros e o cine. Un home que facía estas confesións non podía tam-

pouco resultar indiferente para calquera persoa crítica e consciente, fora atea ou crente, particularmente cristián.

Pier Paolo Pasolini confesábase home de esquerdas, moi crítico co sistema burgues-democrático, marxista e votante comunista, e sen embargo foi expulsado do PCI. Pasolini declarábase non cristián, e resultáballe particularmente ofensivo a calificación de "católico", sen embargo realizou a mellor película nunca rodada sobre Xesús de Nazaret: "Il Vangelo secondo Matteo"; feita con soberana honradez e respecto polo texto bíblico, tra-la "excitación creativa" que lle producira a lectura do Evanxeo. ¡E mesmo recibiu o premio da Oficina Católica Internacional de Cine, no Festival de Cine de Venecia! En fin, confesábase un intelectual e arremetía contra eles desde os seus artigos nos xornais italianos polo seu "conformismo" deplorable, aínda que se dixera de esquerdas.

Poeta, novelista, ensaísta, articulista, cineasta; artista e intelectual á vez, Pasolini (Bologna 1922-Roma 1975) foi un creador fascinante; Entre os seus ensaios "Le ceneri (cinzas) de Gramsci", "A relixión no meu tempo", ...; das súas novelas "Ragazzi di vita", "Una vita violenta", ...; ou entre as súas películas "Accattone", "Mamma Roma", "Il

Vangelo secondo Mateo", "Teorema", ou a súa "Trilogía da Vida".

Seducor

Sen coñecer del nada máis que parte da súa obra cinematográfica, sempre resultou seductor para min, e adiqueille un dos meus primeiros escritos de mocidade (1975) tra-la súa morte, co rimbombante título de "Pasolini, cine indixesto ó sistema". En canto o fun coñecendo e sabendo da súa honradez radical, como artista e intelectual, decateime que non ía errado nos meus xuízos, e que lle acaían magnificamente aquelas verbas doutro realizador cinematográfico, Igmar Bergman: "Quero ser un dos artistas da catedral que se ergue na chaira... Crente ou non crente, pagano ou cristián, traballo para construír a catedral, con tódolos demais".

Particularmente, volvin interesarme por el hai un par de anos coa lectura dun documentado reportaxe que traía longas citas dos seus derradeiros libros: "Escrivi corsari" e "Lettere luterane". Dous libros que recollían parte dos seus polémicos artigos nos xornais italianos e que busquei con verdadeiro fervor. Alí fin cousas que me achegaron mais a este home do que xa conseguira ver case a totalidade da súa obra cinematográfica. Lin cousas coma es-

tas: "Se moitas e graves foron as culpas da Igrexa na súa longa historia de poder, a máis grave de todas sería a de aceptar pasivamente a propia liquidación por parte dun Poder que se burla do Evanxeo... Está claro o que a Igrexa debería facer para evitar un fin sen gloria: Debería pasar á oposición... E para pasar á oposición debería primeiro negarse a si mesma... A Igrexa podía ser guía, grandiosa pero non autoritaria, de todos aqueles que rexeitan e fala un marxista, precisamente en canto marxista: o novo poder consumista, que é completamente irreligioso, totalitario, violento, falsamente tolerante, corruptor, degradante, incluso máis represivo que nunca "Das Cartas luteranas". Non é de estrañar que Pasolini fora un home que escandalizara a dereitas e esquerdas.

Iso e o que queda reflexado no libro que ven publicar Edicións Positivas: Ninguen pode apropiarse a Pasolini, e el é de tódolas persoas críticas e honradas da nosa sociedade de finais do século XX. Os "Escritos corsarios", na súa tradución galega, desgraciadamente non son so unha tradución, senon tamén unha escolla na que quedaron fora artigos importantes coma "O artigo dos vagalumes", "Unha pouca de febre" e algúns máis.

Pero si podemos atopar artigos coma "Análise lingüística dun slogan", ou "Aculturación e aculturación", corrosivos contra o poder burgués na nova sociedade, un poder represivo que "esixe dos consumidores un espírito totalmente pragmático e hedonista" ("a tolerancia da ideoloxía hedonista desexada polo novo poder é a peor das represións da historia humana"); e corrosivos contra unha igrexa que "Fixo un pacto co diablo, é dicir, co Estado burgués", o que manifesta para Pasolini a contradición máis escandalosa, pois a burguesía é unha antítese da relixión. E os artigos sobre a homosexualidade e especialmente os da súa polémica contra o aborto. No primeiro dos artigos ("O coito, o aborto, a falsa tolerancia do poder e o conformismo dos progresistas"), que levantou unha virulenta polémica na progresista italiana, comeza dicindo algo tan escandaloso para un nome "progresista" como: "Síntome traumatizado pola legalización do aborto, porque a considero, coma moitos, unha legalización do homicidio". Ou, descalificando o consenso que existía sobre o tema en gran parte da sociedade italiana: "A maioría, na súa santidad, está sempre trabucada, xa que o seu conformismo, por natureza é sempre brutalmente represivo". Retomarei o tema nun proximo artigo.

"Escritos corsarios", a pesares de ser artigos periodísticos, son un gran libro que non perdeu actualidade a caseque vinte anos de distancia. Un libro que comprelle e engadir ó debate público pois os temas son de actualidade.

PROXIMOS

—La agrupación local del PSOE lucense continúa con sus jornadas de debate de la ponencia marco, dentro del calendario pre-congresual. La próxima reunión será el lunes en el salón azul del Monterrey y tratará sobre "El impulso democrático".



—La "Orquesta Johann Strauss", bajo la dirección de Georgi Chaprazov, ofrece mañana, a las doce y media, un concierto en el Círculo de las Artes, dentro del programa de actividades navideñas organizado por el Patronato de Cultura de Lugo.



LO NUEVO

Cancionero popular gallego



Acaba de publicarse el libro "Flores do Rueiro", una recopilación de los más bellos poemas del cancionero popular gallego prenormativizado.

Este libro, de pequeñas dimensiones, otorga a cada día del año un pequeño poema. Asimismo, cada uno de los doce meses del año aparece con una ilustra-

ASINADO POR... Victorino Pérez Prieto



¿Qué es la Navidad, abuelito?

“¿Qué es la Navidad abuelito? - La Maza, hijo, La Maza”, contéstalle o avó contundentemente o seu neto nun spot televisivo destes días. Nunha desas pequenas obras mestras da imaxe e a comunicación que son os anuncios millonarios da TV, quedaba sabiamente manifestada a verdade e a mentira do Nadal. A verdade sociolóxica do Nadal de consumo desaforado e insultante a pesares da cacarexada crise, da cursilería tópicos dos beléns de plástico e os “arbolitos” de culturas importadas, da familia “reunida e feliz” brindando polos mellores desexos para o novo ano, aínda que logo se ignoren ós 365 días seguintes ou só se vexan para arrebolearse insultos ou pelexar por tal ou cal herdanza ou negocio familiar, da relixión coma obxecto de consumo e xustificación do sistema establecido. Tamén, sen dúbida, a verdade dos valores da familia e de compartir arredor da mesa.

Pero a mentira da súa hipotética relación cun acontecemento que, aínda que non se sabe a súa data histórica con exactitud, marcou decisivamente a historia humana, coma unha luz capaz de alumear as máis fondas escuridades, unha aldrabada para despertar conciencias durmidas, unha forza espiritual capaz de mobilizar as mellores e máis xenerosas enerxías de mulleres e homes ó longo de dous mil anos, unha formidable denuncia de falsidades e inxustizas, de defensa dos febles e os marxinados. Pero tamén un acontecemento mistificado onde os haxa, coma unha grande e falsa palabra, deformado ata a monstruosidade, utilizado blasfemante pola cultura dominante e convertido nun ídolo que veu se-la antítese da súa orixe.

É o acontecemento dun tal Xesús de Nazaret, un profeta da despectiva Galilea de verbo acendido e mirada acolledora, amigo dos marxinados e desprezados ós que viña traer a Boa Nova do amor incondicional dun Deus que el ousaba chamar Pai. Un tal Xesús ós que os seguidores comezaron a chamar Cristo, o marcado por Deus, e recoñeceron coma presenza definitiva de Deus na historia. Xesús Cristo, defendido ata o propio sangue e traizoado por unha Igrexa “casta meretrix”, que forma parte da grandeza e miseria da historia humana na que se desenvolve.

TRIBUNA LUGENSE

Victorino Pérez Prieto



Relixión e nacionalismo

Cos nomes de Deus e de Xesús Cristo é fácil facer un pandeiro; por iso a relixión cristiá ten sido signo de intolerancia e crueldade, de represión das liberdades, etc. Con razón escribía Marx que a relixión podía ser a meirande xustificación ideolóxica da opresión clasi-sista e a desigualdade social, e converterse en verdadeiro opio do pobo. Do mesmo xeito, o nacionalismo tense manifestado ó longo da historia coma unha das forzas máis perigosas e violentas. Hai un nacionalismo ególatra, imperialista, racista e violento. Por iso ambos farán ben en curarse en saúde cando enarboren as súas bandeiras. Pero compre dicir, igualmente, que o que podemos dicir da relixión e o nacionalismo tamén podemos dicilo de todo o que é humán: desde as nosas mans, ata a nosa sexualidade; poden crear ou destruír.

Isto foi o que tentou a finais de novembro deste ano que remata o congreso que a revista "Encrucillada" convoca como verdadeiro foro de debate desde hai xa sete anos: "O nacionalismo: ¿retroceso ou esperanza?"; e ven de publicar as ponencias no derradeiro número deste ano, que ven sendo o 85. Os historiadores Xusto Beramendi e Xavier Madriñán falan respectivamente do nacionalismo galego hoxe e dos nacionalismos no mundo actual en conferencias verdadeiramente iluminadoras. Beramendi destacou a gran dinámica social que ten hoxe o nacionalismo en Galicia, manifestada no resultado das últimas eleccións, así coma o fracaso do partido convencional a prol do modelo de movemento (EG versus BNG). Pero foi o teólogo e cura rural Xosé Antón Miguélez o que puxo a man na chaga da dorosa relación entre o nacionalismo e a fe cristiá.

"Os profetas de sempre entraron en conflito relixioso cos poderes que se xus-

tificaban desde a relixión", dixo Miguélez, lembrando ós grandes profetas bíblicos. A mesma morte de Xesús manifesta o perigosa que pode ser a relixión... e o nacionalismo; non se esqueza que ambos motivos foron fundamentais na condena do Nazareno. Relixión e nacionalismo poden ser moi perigosos, este último pode ser tremendamente agresivo e retrotraer a posturas tribais e primarias, pero tamén pode defender a supervivencia dunha cultura minoritaria, pode defender ós débiles. E entón sitúase nas antípodas do patrioteísmo e o imperialismo.

O dilema está entre unha fe sectaria e dominante ou unha fe solidaria e liberadora. Entre un nacionalismo intolerante e dominante e

tes, especialmente cos últimos, potenciando unha comunidade de amor; en fin, o que articula formas pacíficas de autodeterminación. O nacionalismo liberador -dixo Miguélez- é pacifista e vive o conflito en positivo, é persoalizador e ecoloxista, concreto e universalista, político e popular, tolerante e verdadeiro desde a súa limitada verdade.

Este nacionalismo terá que artellase cunha fe liberadora, que se sabe en camiño, como regalo e tarefa, promesa e conquista. "Fe liberadora é aquela que se encontrou co Deus vivo nun encontro amoroso", por iso recoñece a Deus coma compañeiro e non coma patrón autoritario ou xuíz; esta é a raíz da confesión cristiá de Cristo coma Deus ("Eu valgo o sangue de Deus", dicía o novelista Bernanos). É a fe nun Deus desculpabilizador, que nos libera do medo, do odio e da inimidade, pois o seu amor misericordioso esnaquiza o medo e impide que o odio nos domine. É unha fe que nos axuda a irnos descubrindo coma don de Deus para os demais, por iso mete a liberdade no amor a todos, sen exclusión, pois non considera nada alleo.

O Deus vivo da fe cristiá non nos posúe, ámanos e goza coa reciprocidade do amor, porque é capaz de ser un Deus rico e pobre a un tempo. Iso move o cristián a un compromiso radical cos pobres e os pecadores, pois cada un de nós somos pobres e pecadores. "Eu non lle podo dicir ó pobre: Non te necesito. Por iso tampouco llo podo dicir a Deus".

¿É isto música celestial comparado coa realidade do nacionalismo e o cristianismo? Así lle pareceu a algún no Congreso de Encrucillada, e non lle faltaba razón; pero tamén algo que é realidade en moitos cristiáns nacionalistas e en moitos nacionalistas non cristiáns.

• Nacionalismo e relixión son un vello binomio que tivo na historia os máis dispares resultados, desde os meirandes servicios ás meirantes aberracións

un nacionalismo solidario e comprometido cos máis débiles.

Un nacionalismo liberador é aquel que "axuda a conformar persoas libres mediante o enraizamento nun pobo", o que ofrece reciprocidade e axuda a tomar conciencia da condición radicalmente comunitaria do home, o que integra as dimensións todas da persoa e se preocupa de "fortalecer os eslabóns máis febles do pobo"; o que ofrece resistencia ós nacionalismos agresivos (nacionalismo galego versus nacionalismo español); o que é xerador de solidariedade supranacional con todos os pobos e tódalas xen-

Victorino Pérez Prieto



De conserxes, concellos e democracia

Decididamente, semella que isto da democracia non sexa mais que un verdadeiro conto para que os que tiñan a lixola polo mango poidan seguir tendo a lixola polo mango e seguir controlando os resortes do poder, pero agora co beneplácito dese pobo que mangonean desde sempre e "apoiados polas urnas", como din enfáticamente. Hai anos regaláronme un cartel cun chiste do humorista arxentino Quiño que representaba ó seu coñecido personaxe Mafalda escachándose de risa diante dun diccionario aberto onde viña de ler: "Democracia, del griego demos=pueblo y cratos=autoridad, gobierno en el que el pueblo ejerce la soberanía".

Hai algúns anos máis Francisco Franco, o dictador, ofrecera ó pobo español a "democracia orgánica"; os países do leste de Europa, satélites da antiga URSS e suxectos ferreamente ó xugo desta potencia, tiñan tamén a súa "democracia popular"; USA, o país da democracia máis antiga e "paladín do mundo libre", masacraba vietnamitas e queimaba a súa terra con napalm para facer "un Vietnam libre", derrocaba a Salvador Allende para "devolverlle a liberdade ó pobo chileno", asesoraba militarmente ós dictadores suramericanos e fornecía de material bélico ás forzas re-

presivas da oligarquía salvadoreña para "manter a democracia", unha democracia que asasinaba o mesmo campesinos que curas ou intelectuais.

Hoxe a URSS xa non existe, pero si USA, que fai masacres semellantes, pero "por razóns humanitarias", desta volta contra os pobos de Iraq ou Somalia. O PRI mexicano masacra zapatistas para "manter o orde institucional democrático". E as democracias europeas manifestan a súa podremia coas mil e unha corrupcións que

moitos favores ó Sr. alcalde, e... xa se sabe que hai que corresponder, senón os favores irán para outro.

Instituto de Burela

E a Consellería de Educación da Xunta de Galicia quita dun sitio e pon noutro unha conserxe que ten unha praza en propiedade, gañada por oposición e con destino definitivo, no Instituto de Bacharelato de Burela, sen ter en conta nin á devandita traballadora nin ás necesidades do centro, que, ademais dos 726 alumnos de BUP

- As supostas "necesidades de servicio" parece ser que non son outras que a comenencia deste traballador e o amiguismo dos que manexan os fíos da Administración

se descubren cada día, e que non son máis ca punta do iceberg.

Máis preto de nós, os mesmos alcaldes que rexían algúns concellos nos anos da dictadura franquista seguen a controlar todo o poder nos seus pequenos feudos, e seguen a rexe-los municipios con man de ferro, poder omnímodo e modos dictatoriais; neles, as corporacións municipais son verdadeiras comparsas. Todo "apoiado polas urnas" e revalidado en varias ocasións por... uns veciños que deben

diurno, acolle a 170 de Ingabá (Bacharelato a Distancia), que parece ser que "non contan". Todo isto, segundo di, para cubrir outra praza que quedou vacante no centro de FP por traslado do seu conserxe debido a supostas "necesidades de servicio", que en realidade parece ser que non son outras que a comenencia deste traballador e o amiguismo dos que manexan os fíos da Administración, coas maneiras arbitrarias de sempre. ¿Democracia? ¡Ula!

Información en páxina 17

LA PROTESTA DEL 27-F

Victorino Pérez Prieto



Todo val contra a folga

Desta volta tómolle o título prestado a un artigo da revista "Noticias obreras", a revista da HOAC (Irmandade Obreira de Acción Católica), unha organización que leva funcionando xa máis de cincuenta anos neste país coma un espacio militante e crítico, e que perviviu a pesares dos constantes conflitos e incomprensións por parte da súa Igrexa e por parte dalgúns sectores da mesma clase obreira.

Logo aludirei ó manifesto da HOAC ante a folga do 27-E. Antes quero volver ó título. Parece que todo val para desacreditar a folga xeral desde que se convocou.

Primeiro foi a instrumentalización antisindical e antiobreira do problema da cooperativa de vivendas PSV, pola súa relación coa UGT (un problema que se solucionaría de contado se recibira unha axuda do Goberno proporcionalmente semellante á que lle prestou a Baneito).

Logo vai Felipe González e di que a folga non serviría para reducir o paro (cosa que supoñemos que tampouco se lle pasaría polos miolos ós dirixentes sindicais, por moi simplistas que foran). Tamén declarou posteriormente o señor Presidente —para recalcar a inutilidade desta manifestación lexitima da clase obreira—, que fora cal fora o resultado da convocatoria non alteraría nada a súa política e que, no caso de ser un éxito, nin sequera lle quitaría o sono. Logo está o argumento "contundente" de que o Goberno conta co

apoio da maioría do Parlamento para a súa reforma laboral, tan só coa discrepancia de Esquerda Unida e algúns deputados do grupo mixto (aínda que ousamos preguntarnos se tal Parlamento é representativo do sentir popular, polo menos no asunto da reforma do mercado laboral, desde logo que seguro que non é para os millóns de parados ou de emprego precario).

Co que resulta que as únicas forzas que se ergueron contra a política do Goberno, "empeñado en reducir as forzas de traballo a unha innobre submisión ós dictados do capital eufórico polos seu autoproclamados trunfos", son os "malos da película", e a clase obreira debe renunciar á súa capacidade de resistencia ante o despoxo dos seus dereitos: ¡Os malos e insolidarios son os obreiros precarios e os parados, que sofren ás súas costas todo o peso dunha crise desatada pola avidez dun capital que busca insaciablemente máis e máis produtividade! E os empresarios e dirixentes deste país escandalízanse polas perdas de un día de paro, cando as pontes laborais semella que empalman unhas con outras.

A outro can con ese oso. Con razón di o teólogo J. I. González Faus: "A competitividade que se di reclama o mercado é cada vez máis difícil si se quere unha distribución non xa xusta, senón simplemente non insultante da riqueza... Nos anos vindeiros imos asistir a unha desmantelación progre-

siva de tódalas conquistas da clase obreira". E se non, xa me explicarán como é que o dereito ó traballo se converteu case nun privilexio, e para acceder a el hai que baixa-los pantalóns para o que sexa.

Ante esta situación de degradación das condicións de vida de tantos traballadores e as súas familias, o drama do paro que segue en aumento, a pretensión de impoñer un pacto social baseado na redución dos salarios e a desregulación do mercado laboral para deixalo sen protección social, a superación da crise con esixencia de sacrificios ós que menos poden, unido ás barreiras que se levantan para que non nos invadan os aínda moito máis pobres: as masas de desposuídos do Sur. Os cristiáns conscientes non poden menos que berrar ante a inxusticia que xera tanto sufrimento humano.

Por iso a HOAC invita a un compromiso coa situación presente, e chama a unha resposta, que inclúe o apoio da folga xeral, coma algo máis que unha protesta contra as medidas que o Goberno está decretando, e que quere ser unha chamada á necesidade de que os traballadores sexan máis protagonistas da realidade económica e social, mesmo asumindo as propias responsabilidades. Tamén para construír a solidariedade non só cos máis indefensos do país, senón tamén cos dos países máis pobres. Todo desde a perspectiva esperanzadora que nace da fe nun Deus de vida.

TRIBUNA LUCENSE

Victorino Pérez Prieto



¿Como é posible que sexa imposible!

“¿Como é posible que morran millóns de fame e eu sen sufrilo?

¿Como é posible que morran millóns de frío e eu sen sentilo?

¿Como é posible que boten comida ó mar e eu sen choralo?

¿Como é posible que o mundo estea tan calado ou eu estea tan xordo?

¿Como é posible que sexa imposible cambialo!”

Os versos son dunha canción de Luis Alfredo, un cantautor sudamericano que non forma parte dos “Corenta principais”, aínda que ten calidade musical abondo. Podían engadírselle facilmente moitos versos máis: ¿Como é posible que o 30% da humanidade controle o 75% do produto mundial, e aínda estea en crise económica? ¿Como é posible que o 75% da xente dispoña só do 25% da produción mundial, e aínda lle queiran cobrar a débeda os outros? ¿Como é posible que os ricos digan que non hai para todos porque non chega a terra, e o 55% dela está improductiva porque non lle interesa ós grandes terratenentes e as mellores terras destinanse nos países pobres á exportación? ¿Como é posible que os ricos digan que a fame é consecuencia da superpoboación cando mentres uns morren de fame outros morren de indigestión ou por exceso de colesterol? ¿Como é posible que a pesares do avance tecnolóxico vertixinoso do século XX que fixo ós países ricos moito máis ricos, os países pobres se foran afundindo máis na pobreza, multiplicándose a diferenza pobres-ricos por dez no que vai de século? ¿Como é posible que Octavio Paz diga que a culpa da insurrección zapatista a teñan os curas da teoloxía da liberación, cando en Chiapas ata as pedras berran de rabia pola inxusticia que sofren os pobres? ¿Como é posible que sexa imposible cambialo!!.

Un taller do Terceiro Mundo

Algunhas destas preguntas son as que se están a facer as mozas e mozos do Instituto de Burela no “Taller do Ter-

ceiro Mundo” no segundo trimestre deste curso escolar. Están descubrindo progresivamente as moitas mentiras que enmascaran a realidade do Terceiro Mundo en relación co Primeiro, desde a representación cartográfica ata a realidade económica, social e política.

Aínda non saben ben como se poden cambiar as cousas, pero, ó ritmo da música de Luis Alfredo, cada vez teñen máis claro que “Non é imposible que sexa posible cambialo”. Polo menos, cada vez son máis conscientes de que a pretendida “nova orde internacional” non é máis que unha verdadeira desorde internacional, e que se segue a razoar como nos ten afeitos non só fará máis fonda a diferenza entre Norte e Sur, ricos e pobres, senón que acabará co mesmo planeta Terra, que xa non aguenta tanta espoliación. E son conscientes de que o seu propio consumismo fortalece este sistema inxusto.

“A túa indiferencia faite cómplice”

Este é o slogan do ano en curso de “Mans Unidas. Campaña contra a fame”. Como resulta xa coñecido para moita xente, trátase dunha organización levada polas mulleres de Acción Católica, que forma parte das ONGD (Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento), que no estado fan un número de 70. Naceu no ano 1960 como resposta á chamada lanzada en 1955 pola Unión Mundial de Organizacións Femininas Católicas para loitar contra a fame no mundo, que pronto foi recollida e apoiada pola FAO. Hoxe conta con 74 delegacións en todo o Estado Español, cada ano ponse en relación con cada unha das parroquias de cada diocese, cos colexios de EXB e os Institutos de BUP e FP, cos grupos humanitarios de mozos e adultos, etc. Os seus fondos proceden da colecta anual que se fai nas parroquias (este ano é o domingo 13 de febreiro), e as aportación dos colexios, as cotas dos socios, e algunhas subvencións de organismos ofi-

ciais.

Cada ano “Mans Unidas” propón o segundo venres de Febreiro coma o “día do xexún voluntario”; un xexún feito en actitude de solidariedade e de compartir cos que teñen que xexuar á forza tódolos días. Este ano é o próximo día 11.

“Mans Unidas” traballa nunha dobre liña de acción: Sensibilizando e informando á opinión pública e ós que teñen o poder público, sobre a realidade do Terceiro Mundo para impulsar cambios estruturais e de actitude que promovan a xustiza. Financiando proxectos de desenvolvemento en Asia, Africa, América Latina e Oceanía; son proxectos feitos desde a base humana de grupos dos países a que se destinan as axudas, que están en contacto coa Organización; o obxectivo é mellorar as condicións de vida e posibilitar procesos de autosuficiencia comunitaria. Os fondos son enviados directamente, o que diminúe gastos e aumenta a eficacia. Os proxectos financiados coa última campaña foron: 150 proxectos agrícolas, 172 proxectos sanitarios, 419 proxectos educativos e 340 proxectos sociais; que deu a coñecer no seu Boletín.

¿Pérdense os cartos?

Hai moita xente que di que non da cartos, sobre todo en cantidades xenerosas, porque non sabe que se vai facer con eles e se van chegar ós seus destinatarios. Neste verán pasado estiven en zonas deprimidas do Ecuador, e puiden comprobar a realidade dalgúns proxectos de Mans Unidas e a maneira en que son acollidos pola xente.

Non temos desculpa para colaborar, aínda que ás veces haxa fallos. O noso corazón requeno e egoísta, o sistema social inxusto que sostemos e que non é capaz nin de dar o 0,7% do seu produto para colaborar cos que teñen moito menos, é a única verdadeira razón de non facer máis para que as cousas vaian cambiando.



O Budaedulcorado de Bertolucci

Se Pasolini erguera a cabeza e vira as cousas que está a facer o seu antigo discípulo, para o que escribiu o guión da súa primeira película ("La comare seca"), ben seguro que repudiaba o seu fillo artístico. Todos cambiamos ó longo do tempo e temos dereito a facelo, pero a diferenza entre o que Bernardo Bertolucci facía hai trinta anos e o que nos ven ofrecendo ultimamente é tan grande, que a súa evolución fixo irrecoñecible, máis ben semella unha verdadeira metamorfose, e non para mellor.

¿Qué queda do autor de "Antes da revolución", "A estratexia da araña", "O inconformista", "O último lango en París"; ou mesmo de "Novecento", xa abondo amaneirada, aínda que película valiosa? Na súa última película ("O pequeno Buda") nada, agás a pericia dun home que leva moitos anos no oficio e conta cun presuposto de 35 millóns de dólares, miles de extras e excelentes técnicos. Xa pouco quedara, ó meu entender, en "O derradeiro emperador", película para o mercado USA, na que se coida máis a grandiosidade dunha posta en escena que a fondura dunha historia que podía ser tremendamente suxerente.

Por aí vai a primeira impresión que, desde o punto de vista cinematográfico, un saca de "O pequeno Buda": É unha película máis americana -ó máis puro estilo de Hollywood- que europea; semella estar máis pensada para ter éxito comercial nos EE. UU., con grandiosos decorados estilo Cecil B. de Mille, fastosos e exóticos traxes, un colorido que chega a facerse empalagoso, e ata neno loiro con xeitos da fábrica Disney.

Escenas grandiosas e abondosas en efectos especiais, ousadas imaxes en cinemascopes e algunhas boas secuencias; pero unha película aburrida, segundo confesión dos mozos que me acompañaron a vela, segundo a miña irmá e segundo tódolos que me fixeron algún comentario dela.

Jesús Ferrero calificouna coma "cromo para maiores", "estampas con certo ar de imaxes de portal de Belén"; e, o que é máis grave, "contidos teolóxicos coloreados e vernizados... irresponsables, escamoteadores de verdades e situacións".

A min recordoume inmediatamente a versiónedulcorada e empalagosa que Franco Zeffirelli fixera no seu "Xesús de Nazaret", do que só se salva a coidada ambientación e algún personaxe secundario, pero que durme a un santo. ¡Que lonxe do "Evanxeo segundo San Mateo" de Pasolini! Bertolucci perdeu a oportunidade de facer con Buda o que o seu mestre fixera con Xesús Cristo: non un cromo como se viñera facendo no cine ata daquela, senón un ache-

"O pequeno Buda" é unha película máis americana -ó máis puro estilo de Hollywood- que europea

gamento sobrio e honrado á figura dun home fascinante -que moitos confesan coma Deus-, suxerindo, máis que dando respostas "transcendentes" fáciles, e polo mesmo mentireiras, como recoñeceron os mesmos críticos católicos.

A película son dúas historias artificialmente pegadas: a do príncipe Siddhartha Gautama e a de Jesse, un cativo fillo do típico matrimonio americano con problemas económicos, moi metido no mundo materialista, aínda que con "inquietudes espirituais" (o norteamericano é o pobo máis relixioso do mundo, caldo de cultivo para as máis diversas e variopintas relixións). Jesse é visitado por un lama santísimo, que o considera a posible reencarnación do seu mestre, o

Lama Dorje, xunto con outros dous candidatos, aínda que algún soe a montaxe descarado, pola milagriería do seu nacemento.

A vida do príncipe Siddhartha é contada segundo relatan os vellos mitos, cunha inxenuidade de neófito exasperante, que di pouco da antes mentalidade crítica de Bertolucci, quen chegou a pedirlle a autorización ó Dalai Lama tibetano para facer a película (¿Imaxinanse ó director italiano pedíndolle a aprobación ó Papa de Roma para facer unha película sobre Xesús de Nazaret?). O cativo xa nace facendo milagres e proclamando o seu programa: "Vin para salvar as almas e redimir ó mundo".

Algo así como contar o nacemento e infancia de Xesús de Nazaret con toda a elucubración do Evanxeo Apócrifos (onde tamén se abaixa algunha árbore para darlle sombra á Virxe María). Ou ... coma o Xesús de Scorsese ("La última tentación de Cristo") obsesionado paranoicamente con que era o Fillo de Deus e tiña que morrer porque Deus estaba sedento do seu sangue.

A película peca de didacticismo e de relato demasiado explícito, por iso é pesada. E resulta folclórica, mistificadora e incapaz de situar ó espectador ante a figura singular e suxerente de Buda e a súa revolución contra o Brahmanismo, que o converte nun dos grandes reformadores relixiosos, contemporáneo de Lao-Tse, Confucio, Zaratustra e os grandes profetas de Israel. Un home que, coma estes últimos, buscaba na renovación a necesaria autenticidade humanista e sinxela da relixión, afogada por demasiados ritos e paroladas vanas; un home que non foi profeta na súa terra (case non hai budistas na India, onde naceu e predicou Buda), como lle ocorreu a outro persoeiro máis coñecido para nós, aínda que non mellor comprendido.

TRIBUNA LUCENSE

Victorino Pérez Prieto



Un monseñor e unha monxa

Seica hai un monseñor africano, ex-arcebispo sen diócese, curandeiro e sanador tan só coas súas milagrosas mans e os seus exorcismos, que non sei coma non recibiu unha denuncia dos médicos por intrusismo profesional. Seica hai unha monxa dunha congregación, que fundou o tal monseñor, que chora bágoas de sangue e lle fixo unha foto a Xesucristo, e iso que a cámara fotográfica non era moi boa. E máis preto de nós, seica o tal Xesucristo tamén se aparecía hai meses nunhas rochas dun lugar das Rías Baixas. E seica unha muller de Lugo viu a ese tal Xesucristo nunha milagrosa aparición no seu acuario caseiro. Tamén vin no cine hai algún tempo como un intrépido americano foi de atopar o milagroso cáliz

que chaman o Santo Grial, que seica recolleu o sangue de Cristo na cruz, e con el se pode conseguir curar milagrosamente feridas e vivir sempre. Seica hai tamén un relicario cunha pluma do Espírito Santo, máis este non sei onde está.

¿Seica queres vacilarme, ou? Hai algún tempo escribín neste periódico algunhas cousas sobre a diferenza entre relixión, maxia e superstición, sobre a "rappelmania" e os paspáns que se cren as súas babecadas; e citaba a un tal Paulo de Tarso que xa previña hai moitos anos ós cristiáns da comunidade grega de Colosas fronte ás cousas raras dos magos e astrólogos, que estaban moi dados a crer.

Desde logo, o Xesús Cristo que eu coñezo ten algo máis que facer

que estar de pose para que lle fagan unha foto acaramelada, ou que o exótico Monseñor Milingo "capte" o seu "poder" curador para convertelo nunha especie de circo nun congreso de ciencias ocultas; desas que lles gusta falar do demo dos cornos e se preocupan pouco do demo da violencia, a inxustiza e a opresión dos ricos contra os pobres, do Norte contra o Sur. O Xesús Cristo no que eu creo ten menos que ver coas cousas raras, das que se pode ocupar a parapsicoloxía, que coa realidade cotiá da xente que loita por unha vida máis digna cada día; ten que ver máis co encontro cun Deus que respeta desde o amor, que cun deus que lle poida solucionar máxicamente as mil e unhas dificultades da cotián existencia.



Curas casadas

Isó de que os curas se casen ou non, é noticia, e así ocorreu con ocasión do Congreso Internacional de Curas Casados, celebrado o verán pasado en Madrid. Pero se os curas son mulleres, casadas e con fillos, o interese da noticia multiplícase e convértese en titulares de primeira páxina. Así ocorreu estes días pasados con ocasión das primeiras ordenacións sacerdotais de mulleres no seo da Igrexa de Inglaterra, ou Igrexa Anglicana.

O primeiro que compre aclarar, xa que logo, é que non se trata da Igrexa Católica, a da maioría da xente da nosa terra, senón que o feito "sorprendente", por novidoso, de mulleres que van dicir Misa e confesar, deuse noutra Igrexa cristiá, pero non na católica, aínda que teña moito en común con ésta. Os anglicanos separáronse da Igrexa Católica Romana aló polo ano 1534, tamén por unha lea de mulleres; neste caso, porque o rei Enrique VIII non atopaba a dona axeitada, e Roma non lle concedía doadamente o divorcio da que tiña. Máis adiante, os anglicanos asumían algunhas das ideas e prácticas do protestantismo nacido nesa época en Alemania.

Máis de catrocentos cincuenta anos despois, tamén as mulleres crearon un conflito no seo da Igrexa de Inglaterra, entre os que aceptan que poidan ser curas ou sacerdotes e os que non o aceptan, e mesmo preferiron pasarse ó catolicismo, onde non existe tal práctica. Algúns sacerdotes anglicanos fixeron manifestacións incendiarias e puidemos ollar estes días na prensa a foto dalgún cartel que dicía cousas como: "Hoxe matouse á Igrexa de Inglaterra/ coa parodia da ordenación ás primeiras sacerdotisas". En realidade, xa existen no resto do mundo numerosas mulleres sacerdotes da Igrexa Anglicana, tan so nos EE UU hai máis de mil.

¿Por que todo isto? ¿Por que esta polémica? ¿E na

Igrexa Católica? ¿Son tan incompatibles como se di o sacerdocio cristián coa muller? A ortodoxia católica afirma rixidamente que as mulleres non poder ser curas porque, aínda que teñen a mesma dignidade que os homes, Xesús Cristo foi un home e elixiu só homes para apóstolos seus. Así o admiten gran parte dos seus fieis, mesmo as mulleres -que son a principal clientela das igrexas- e aínda algunhas das poucas mulleres teólogas que hai. Pero vaise erguendo unha opinión contraria a estes posicionamentos, que vai collendo forza entre mulleres e homes, sobre todo os teólogos máis progresistas, que afirma que estes argumentos non teñen base bíblica, que é de onde debe arrancar sempre a fe da Igrexa.

En primeiro lugar vese como un feito discriminatorio que as mulleres non poidan acceder ao sacerdocio ministerial, e coma expresión dunha subordinación das mulleres aos homes na Igrexa, que hoxe semella ser inxustificable, na hora da sensibilidade feminista. "Supón unha concepción patriarcal da comunidade dos crentes-di a teóloga Margarita Pintos-, xa que en virtude do sexo, unha causa biolóxica, son discriminados máis da metade dos seus fieis, así coma unha sexualización das persoas que exercen os cargos de poder e toman as decisións para toda a comunidade".

O feito de que Xesús escollese doce apóstolos homes, vese hoxe no contexto simbólico da tradición patriarcal do pobo de Israel e a cultura histórica concreta na que Xesús viviu, máis que como unha norma con vontade universal. Pola contra, si había mulleres entre o grupo máis amplo dos discípulos de Xesús, e foron éstas as únicas que acompañaron a Xesús ata a cruz-xunto co apóstolo Xoán-, e as primeiras que se encontraron con Cristo resucitado e foron enviadas ós apóstolos para anunciar ese

misterio central do cristianismo. Máis aínda, parece ser, segundo afirman os últimos estudos sobre as primeiras comunidades cristiás, que a organización destas comunidades era moito máis igualitaria, e San Paulo fala na carta aos Gálatas que "Acabouse iso de xudeus nin gregos, escravos nin libres, homes e mulleres" (Gal 3, 28).

En definitiva, nisto das mulleres curas, casadas e con fillos, coma no caso de que os curas se poidan casar e ter fillos, parece que funcionan máis os argumentos nacidos de determinadas concepcións sociais no seo das igrexas, que os argumentos con base bíblica. ¿Patriarcalismo? ¿Machismo? ¿Medo a soltar un poder que cada vez é menor?.

A bastantes católicos e mesmo curas, molestaríanos


● O feito de que Xesús escollese doce apóstolos homes, vese hoxe máis que como unha norma con vontade universal

ben pouco que as mulleres puideran acceder ó sacerdocio; máis ben o considerariamos un importante avance no recoñecemento real da dignidade da muller. Paréceme que á maior parte da xente, sobre todo á mais sinxela, tampouco lle molestaria demasiado. Aínda que non se chegara, polo dagoira, ao case consenso que hai xa para que o celibato sacerdotal sexa algo puramente opcional -que os curas poidan casar-, e así brillen mellor os seus valores fondos, coma expresión dunha entrega radical á causa de Xesús.

E, antes de rematar, felicitades aos mozos que o día de San Xosé se comprometerán neste camiño duro e fermoso a un tempo, coma tódalas cousas grandes

PROXIMOS

En la Cámara de Comercio de Lugo se inicia el próximo día 4 de abril un curso de especialistas en comercio



exterior, que se desarrollará hasta el 11 de mayo. Se facilitará más información en los teléfonos 224311 y 224390.

La Asociación para la Integración do Neno Disminuído de Ourense organiza el tercer certamen de integración escolar.



Hay un primer premio de 125.000 y un accésit de 75.000. El 15 de noviembre se cierra el plazo para presentar trabajos.

LA IMAGEN



LO NUEVO



Beiramiño

El Club Fluvial de Lugo acaba de editar el segundo número de 'Beiramiño', revista semestral con una tirada de dos mil ejemplares.

En sus 60 páginas, la publicación, que dirige Quique Alvarellos, incluye una entrevista con Benito Rego, presidente del Club Fluvial; las habituales secciones 'Ecos de sociedade' y 'Memoria gráfica'; un reportaje sobre turismo y deporte al lado del Miño, e interesantes artículos del doctor Mariano Castiella.

ASINADO POR... Victorino Pérez Prieto



Memoria subversiva

Neste final de século, no noso Primeiro Mundo, palabras como "subversión" xa soan trasnoitadas, cousa do pasado. Os postmodernos encargáronse de dicirnos que tras todos os intentos de subversión transformadora sempre viñeron cousas peores, e mellor era renunciar a cambiar o mundo. Os teóricos do capitalismo díxéronnos que estabamos xa no "fin da historia", e que non se podía agardar por outro sistema mellor. "Subversión" veu ser unha palabra "heavy", nun mundo "ligh"; agora, o "espeso" e "duro" só queda para un tipo de música, para os grupos marxinais, ou para algún que outro orixinal residuo do pasado; todos buscamos limar as arestas e presentar o aspecto mol e amable da realidade.

Pola mesma, un cristianismo e unha fe relixiosa esixente non interesa; mellor unha "relixión á carta". Pode valer mesmo a relixión cristiá, pero sempre que eu a poida adaptar como mellor me cadre. Pode valer a relixiosidade tradicional, por aquilo do folclore e se acaso o respecto dos valores ancestrais, pero sempre que non cuestione moito. Así, a traxedia lacrimóxena dos pasos procesionais da Semana Santa, que motiva unha piedade popular moitas veces ben auténtica, pero tamén a gargallada humorística fácil do descrido. Sen embargo, a memoria do Crucificado segue a ser unha memoria crítica e subversiva dos valores dun orde inxusto. Segue a ser, hoxe coma onte, a memoria do Xusto axustizado, por ser xusto precisamente, por no tragar a mentira e berrar a súa verdade. A memoria do Nazareno segue a ser cada Xoves e Venres Santo a memoria dun amor que non é de cor rosa. senón de cor vermello coma o viño compartido e coma o sangue que se entrega ata a fin. Pero non é unha traxedia sen saída, senón un drama con final esperanzador. A memoria do Crucificado convértese para os crentes na celebración pascual da victoria do Cristo Resucitado, que manifesta radicalmente o convencemento de que, ao remate, "o asasino non vai trunfar sobre a vítima". A palabra final non é de morte, senón de vida. A existencia humana non é unha burla tráxica, senón un proxecto de esperanza.

Victorino Pérez Prieto



¿Ainda cine relixioso?

Tardei en atopar a ocasión de vela, pero recentemente puiden facelo; en boa compañía, como gosto de ir ó cine, con amigos que saiban disfrutar dunha boa película, e á saída poder comentala xuntos. Estoume a referir á *"Terras de penumbra"*, a última película de Richard Attenborough, cos excelentes actores Anthony Hopkins e Debra Winger. Forma parte da boa colleita de filmes que o cine nos ofreceu nos últimos doce meses, como había tempo que non ocorría.

Unha boa colleita

En primeiro lugar, a maxistrál *"Azul"*, do director Krzysztof Kieslowski, a primeira cinta da súa triloxía cinematográfica que continúa coa, tamén en cartel, *"Branco"*, algo inferior á anterior; cine en estado puro, cando un ve películas coma esta, pode dicir: *"O cine existe"*. Logo, a impresionante *"O piano"* da directora neozelandesa Jane Campion, merecidamente galardonada con varios Oscar. *"A lista de Schindler"*, do popular e agora supergalardonado americano Steven Spielberg, non precisa presentación: desta volta coincido en que a Academia de Hollywo-

od concedeu o Oscar á mellor película a un bo filme. Tamén *"A idade da inocencia"*, do controvertido Martin Scorsese, que esta vez fixo unha película máis ben clásica. E sen esquecer *"No nome do pai"* e *"Philadelphia"*, que aínda non tiven ocasión de ver, pero seguro que impresionantes polo tema e a realización.

¿Un cine relixioso?

A película de Attenborough non está entre as dez primeiras da lista dos críticos, e cinematográficamente non é unha película xenial. Pero, ademais de ser unha boa película, ten o interese de tocar o tema relixioso desde una perspectiva crente -aínda que non sexa o central da película-, o que a converte en algo inusual no panorama do cine máis actual. É unha película "relixiosa", aínda que non aparezan nela nin curas, nin monxas, nin unha igrexa, máis que nunha curta secuencia. Tampouco ten milagres nin longos discursos relixiosos.

En realidade, o cine que abundou nestas cousas non foi, máis que excepcionalmente, bo cine relixioso. A mellor película sobre Xesús de Nazaret non foi *"Rei de*

Reis" (Nicholas Ray) nin *"A historia máis grande xamais contada"* (Georges Stevens), nin outras "de romanos"; nin sequera a colosal película de Zeffirelli *"Xesús de Nazaret"*, senón a austera *"O Evanxeo segundo Mateo"*, de Passolini. Houbo tamén moito mal cine, chamado fraudulentamente relixioso; non só o oportunista que se fixo na España franquista. É un cine que non é capaz de plantarse honrada e humildemente ante a transcendencia, e pérdese en doces estampas dun mundo alio a realidade coas súas crises e contradicións. "Fáltalles o arrepío do verdadeiro contacto co misterio", escribía hai anos un bo crítico de cine.

Non é fácil conseguir un bo cine relixioso, que terá que suxerir, máis que dicir; que a todo máis se asome á transcendencia, máis que pretender a inutilidade e falsidade de mostrala. Bo cine relixioso fixo o sueco Ingmar Bergman, crítico, indagador, que pregunta máis que responde, pero que reflexa honradamente a preocupación relixiosa pola transcendencia (*"O sétimo selo"*, *"Os comulgantes"* ou *"Fresas salvaxes"*). Ou dous directores case es-

quecidos, a non ser dos bos cinéfilos, o francés Robert Bresson (*"O diario dun cura rural"*, *"O proceso de Xoana de Arco"*) e o danés Carl Dreyer, un protestante que pasa por ser o meirande dos realizadores relixiosos, aínda que só fixera dúas películas do tema: *"A paixón de Xoana de Arco"* e *"Ordet"*, a serenidade, os planos longos, unha fe que non ten medo de poñerse a proba, que encara ao espectador coa fe tal como é, como misterio resplandecente, pero sen falsas seguridades.

Máis preto no tempo, son películas honradamente relixiosas, entre outras, filmes tan dispares como a excelente *"A Misión"*, de Roland Joffé, de gran espectáculo. *"Romero"*, de John Duigan, impresionante filme sobre o arcebispo salvadoreño Oscar Romero; e as máis íntimas *"Sacrificio"* de Andrej Tarkowski e *"Thérèse"* do francés Alain Cavalier, premiada en Cannes, sobre a santa monxa carmelita Teresa de Lisieux.

"Terras de penumbra"

O galardonado actor Anthony Hopkins é na película de Attenborough un profesor de

Oxford na puritana sociedade inglesa dos anos 50 (Jack), solteiro, que vive co seu irmán e se cartea cunha muller norteamericana (Debra Winger) que admira os seus libros. Cando esta muller (Joy) e o seu fillo veñen visitalo, rómpenlle os seus esquemas e ábreño a novos plantexamentos de máis autenticidade. "Só estás rodeado de xente máis nova ou máis parva ca ti, á que podes superar", dille.

Jack e Joy confésanse cristiáns, aínda que ela é de orixe xudeu. "Non rezo para que Deus cambie, senón para cambiar eu", respóndelle Jack a un descrido compañeiro de docencia, cando este lle di que por moito que rece, Deus non semella querer cambiar as cousas.

Non é doado atopar no cine expresións de tal fondura relixiosa, cunha teoloxía cristiá tan auténtica, lonxe de tópicos que nada teñen que ver co pensamento de Xesús de Nazaret. Se Luis Buñuel descubriera esta teoloxía, seguramente cambiaría a orientación das súas películas: "antirelixiosas", varias delas xeniais.

Ao remate da película, Jack dille ao fillo de Joy, "O sufrimento de agora é parte da felicidade de entóns". Antes recoñecera que mentres permanecera galvanizado nas súas seguridades, para non deixarse coller polo sufrimento, non descubriera tampouco o que é a felicidade.



Un diluvio de chuvia excrementicia

Aí dicía nunha das súas coplas o "Cantar do Irimego" do último número da revista Irimia, aludindo ó caso Mariano Rubio. O do "diluvio" non viña ó remate do verso tan so porque rimaba con "Rubio", como non é difícil de adiviñar, senón porque a "chuvia excrementicia" que saltou a tódolos medios de comunicación nas últimas semanas é máis que os soados casos do ex-director do Banco de España ou do ex-xefe da Garda Civil convertido en prófugo, Sr. Roldán. Estes casos foron tan só a punta do iceberg que manifestaron non "un certo cheiro a podre", coma se de algo sutil se tratara, senón un insoportable fedor que saía das cloacas dunha sociedade sumida no que, coma dixo algún analista social, non é tan só unha crise política, económica ou de valores, senón unha verdadeira "crise cósmica". A pesar da dialéctica verbal do xogo político que manteñen os grandes partidos, serían demasiado hipócritas os "populares" se creran que isto é cousa dos "socialistas"; seguro que aínda que o digan non o pensan.

Non se trata de poñerse catastrofistas, como abundou estes días, nin de dicir que estamos no peor momento da nosa historia. En primeiro lugar, porque a nosa sociedade non ten tan má saúde como ás veces semella. E en segundo lugar porque, como dicía D. Miguel de Unamuno, "aqueles lixos trouxeron a estes lodos"; ou o que é o mesmo, moita da lama nauseabunda da nosa sociedade de hoxe é lastre arrastrado dun pasado recente. Ademais, xa foi todo tan aireado estes días que un xa case se sente escusado de volver sobre o mesmo.

Pero eu sinto que compre dicir aínda que a un parécelle unha manobra hipócrita e mentreira que os nosos políticos "decentes" e a sociedade de a pe se boten coma cás enriba dos Roldán, os Rubio, ou antes os Guerra, Naseiro, etc., coma escandalizados, cando son tan só a expresión ben rechamante,

sen dúbida- dunha realidade máis cotián e máis enraizada. A realidade dunha sociedade que pon como valor máximo o diñeiro, e como ideal o enriquecemento fácil.

Unha sociedade na que o culto ó diñeiro e a ostentación da riqueza, real ou ficticia, se manifesta no valor fetichista dos coches, as casas, as roupas finas e calquera cousa coa que poder aparentar. Unha sociedade na que o principal mandamento, o de "Amar a Deus sobre tódalas cousas e ó próximo como a ti mesmo", foi subvertido polo de "Amar ó diñeiro por riba de tódalas cousas e a ti mesmo esquecendo ós demais", cunha lectura reduccionista daquelo de que "a caridade ben entendida empeza por un mesmo". Afortunadamente, caeron ídolos coma o engominado "superbanqueiro" Mario Conde, a quen, ata pouco antes da súa caída co "superbanco" Banesto, todos rendían pleitesía; desde os políticos, os empresarios e as aulas universitarias, ata a mesma xente corrente que tiñan nel un ídolo vivente a quen adorar, coma os santos de antes.

Unha sociedade que practica sistematicamente esa dobre moral que condena formalmente prácticas como a corrupción, a especulación e o favoritismo, pero ó mesmo tempo rende culto á picardía dos que saben "amañarse" para coller o que poidan, burlando a legalidade, aproveitando do clientelismo imperante e acudindo sempre que se poida a benevolencia do cacique. Na nosa terra, ese espabilamento recibe o nome máis enxebre de "sabe-las do demo", e chegou a perverter a palabra "amigo", facendo sinónimo o "ter un amigo" de ter alguén con influencia política, administrativa ou profesional- que me poida favorecer, aínda que sexa injustamente, e aínda ilegalmente, sempre que non me collan. Non se trata de moralina de curas. O líder comunista Julio Anguita dicía hai uns días en Málaga que o problema non son Rubio e Roldán, senón a obsesión polo rápido enrique-

cemento. Carlos Mella, escritor político máis conservador, aínda que galeguista, publicou recentemente un libro titulado "A falacia do economicismo", Isaac Díaz Pardo, falando do acto da súa presentación, escribía: "Sabendo que o economicismo é a pretensión de que tódolos problemas da humanidade se resoven dende unhas teorías que se chaman económicas, tal pretensión fica desmantelada dende o mesmo título do libro".

Un pensa, con forte convicción dende hai ben tempo, que feitos coma o da corrupción e a degradación dos valores morais, son unha consecuencia completamente lóxica do economicismo, ou en linguaxe máis popular, do amor ós cartos coma o valor máis importante, ó que val a pena dedicarlle máis tempo, traballo e enerxías; coma un ídolo que se pon no lugar do Deus verdadeiro. ¿Como senón entender o afán de buscalo coma sexa, desde o traballo legal ou ilegal e desde esa obsesión polos xogos de azar que fixeron deste país un "gran casino"? Xa na Biblia, o ídolo máis forte que se opón a Deus é Mamón, o deus da riqueza. E con razón dixo Xesús de Nazaret: "É imposible servir a Deus e ó diñeiro" (Mt 6, 24); aínda que demasiadas veces os que se teñen por seguidores seus fixeran un pandeiro de afirmacións coma estas. Só con escalas de valores como as do nazareno se poderán atallar males endémicos coma os apuntados.

Non, o diluvio excrementicio de Rubio e a roldana de Roldán, non son os casos illados e excepcionais duns inmoraes que pensaron que as arcas do Estado eran un pozo sen fondo do que se podía sacar o que se quixera, senón os de personaxes vulgares ós que se lles pegaron as mans máis cartos do normal, porque pasaban por elas máis cartos do que é habitual, e non tiñan unha escala de valores por riba do común social, senón máis ben na media. Nas nosas mans está cambiar esta lóxica.



Torres Queiruga, un luxo para Galicia

No "Hotel Samil" de Vigo resoaron os aplausos prolongados da xente das Letras, as Artes e as Ciencias de Galicia. O pasado sábado 14, como cada ano na véspera do "Día das Letras Galegas", a xente da cultura compartiu nunha cea a entrega dos Premios da Crítica de Galicia. Pero este ano, a meirande ovación non foi para un poeta ou creador literario de sona, un arquitecto creativo, ou un dinámico empresario, senón para un cura, para un teólogo. Os aplausos que acompañaron ós premiados en creación literaria, investigación, etc. multiplicáronse cando Andrés Torres Queiruga recibiu a título que o acredita como "Galego Egregio" pola súa vida de compromiso con Galicia, desde a perspectiva de home de Igrexa, teólogo e filósofo de talla internacional, aínda que non se trate precisamente dun xubilado que estea recollendo os loureiros dunha vida xa en decadencia, senón dunha persoa aínda nova e en plenitude do proceso creativo.

Non era a primeira vez que Torres Queiruga recibía aplausos naquel marco cultural, pois xa fora acreedor do Premio da Crítica en dúas ocasións anteriores. Pero que non vaia crer o lector pouco informado que é algo habitual que un cura reciba tal galardón, coma se o tal foro tivera un tufo clerical.

Sen embargo, como ben recoñecía Xesús Ferro Ruibal, que fixo a semblanza do homenaxeado, a historia da cultura galega está ategada de persoas eclesíásticas que se distinguiron polo seu compromiso galeguista. Estes persoas viñeron aquela noite desde o outro mundo a felicitar a Andrés: O P. Sarmiento, o P. Sobreira e o Cura de Fruime chegaron desde o distante s. XVIII coa súa defensa ardente do galego en tempos de desfeita cultural para a nosa terra. Do pasado século achegáronse tamén a felicitar ó teólogo e cura galeguista o bispo Lago González e o cónego compostelán López Ferreiro, homenaxeados anos atrás nas Letras Galegas, o crego Saco i Arce, autor da primeira gramática galega.

E xa deste século, non faltaron á cita o gran pensador ga-

lego Amor Ruibal, a quen Queiruga ten estudado ben a fondo e dedicado o traballo de dúas teses de doutoramento; e outros cregos que resaltaron polo seu compromiso político co pobo galego coma o abade de Beiro Basilio Alvarez, e o cura das Encrobas Moncho Valcarce. ¿Quen di que a Igrexa non fixo máis que amolar ó pobo galego? A historia do galeguismo é impensable sen un bo feixe de curas, frades e outros moitos cristiáns.

Entre eses outros cristiáns tampouco quedaron sen felicitar a Andrés naquela noite Rosalía de Castro, que tivo que aturar no seu tempo unha teoloxía ben menos liberadora e por iso podería dicir: "Que amargo que non te lean os de primeira hora", como lembraba Ferro Ruibal; nin Ramón Cabanillas, nin Losada Diéguez, nin Vilar Ponte, nin Castelao, nin o mártir Alexandre Bóveda, nin o mesmo Curros, a pesares do seu anticlericalismo de circunstancias.

Tampouco poderían faltar á cita daquela noite Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas, os egregios persoais da xeración "Nós", que foron toda a súa vida fundamente cristiáns. Nin Cunqueiro, nin Díaz Castro, cos seus ollos "cheos da lus de Deus", tal como nos deixou nos seus versos. Nin Ramón Piñeiro, que se honraba de ter feito o prólogo a un dos libros de Torres Queiruga.

A longa ringleira de nomes semella ser un remedo da "Alba de Gloria", que escribira Castelao. Pero, coñecendo a obra de Torres Queiruga un non pode menos que dicir que Galicia non sería igual sen o meirande teólogo galego que deu esta terra e un dos seus pensadores de máis altura. Os títulos sóbralle, ademais dos seus doutoramentos en Filosofía e Teoloxía e o seu manexo de dez linguas, é autor de dezoito libros e centos de artigos nas revistas e xornais galegos, ademais de colaborar asiduamente en gran parte das revistas teolóxicas de todo o mundo, que respectan e valoran o seu pensamento coma un dos meirandes teólogos actuais.

Por iso, non faltaron aquela noite as adhesións de varias

revistas, das universidades de Comillas (Madrid) e Barcelona, de grupos de Alemaña e Italia, dos bispos de Tanxer, San Sebastián, Palencia e Badaxoz. Só faltaban naquela noite as verbas de recoñecemento dos bispos galegos e dos seus compañeiros da Universidade Compostelá. Un silencio significativo.

Eu tiven sempre por unha grande honra ser discípulo seu e, posiblemente, non tería a teoloxía que teño sen o seu maxisterio, non sería un cristián galeguista e non escribiría o que escribín desde hai anos sen o seu consello e apoio. Na súa compañía aprendín ben o que significaba aquilo de que "non se pode ser verdadeiramente universal se non se é radicalmente concreto". E por iso "Non abonda con aceptar o nacionalismo, é preciso promoveloo positivamente desde a te", como escribía hai anos en "Encrucillada", a revista da que é director desde o seu comezo. Con razón dicía aquela noite Ferro Ruibal, compañeiro de estudos en Roma, que "poucos galeguistas haberá que nisto non sexamos fillos ou netos de Andrés".

A creación teolóxica de Andrés, maiormente en galego, quixo responder sempre os grandes problemas teolóxicos. Por iso soubo abordar con orixinalidade recoñecida os problemas de Deus e da Revelación bíblica, o problema do mal e o da oración, a fenomenoloxía da relixión —en diálogo con todas as relixións— e a racionalidade da fe. Soubo reflexionar sobre deles coa altura do pensador empapado nas correntes filosóficas máis actuais —é un gran coñecedor de Hegel e o pensamento da Escola Crítica de Frankfurt, a hermenéutica do positivismo, etc.—, pero tamén coa fondura do crente e a sinxeleza do pastor; por iso moitos dos seus libros, ademais de ser moi útiles nas aulas, valen tamén para rezar, como escribín nalguna ocasión. Tamén un pensamento teolóxico que nace dunha fe enraizada na revelación bíblica e na súa Igrexa, aínda que saiba ver ambas con ollos críticos.

Graciñas, Andrés, no nome de Galicia e da Igrexa.

TRIBUNA LUCENSE

Victorino Pérez Prieto



Chao Rego, a fidelidade

Hai uns días falaba eu desde esta páxina de **El Progreso** dun galego grande, dos de talla singular, verdadeiro luxo de Galicia, non porque este Pobo e esta Terra non merezan persoas así, senón porque telas é un privilexio que non posúen tódolos pobos. Referíame ó teólogo e escritor galeguista Andrés Torres Queiruga, recentemente homenaxeado co título de "galego egrexio" na tradicional cea anual dos Premios da Crítica. Alguén me dixo entón que escribira con paixón e que transparentaba a amizade que nos une desde hai moitos anos; pero non negaba que eran verbas escritas con xustiza.

Hoxe falo tamén con paixón, pero igualmente con xustiza, doutro dos homes grandes que deu esta Terra, ó que me unen, como a Torres Queiruga, vencellos de respecto e amizade. Falo de Xosé Chao Rego, que tamén vai ser homenaxeado, desta volta en Guitiriz, no marco dos "Encontros na Terra Cha", que ven organizando desde hai anos outro cura galeguista, Alfonso Blanco Torrado.

Foi Siro, o gran caricaturista galego, quen lle escribiu a Chao o Limiar máis orixinal que teño visto endexamais nun libro "serio". Foi o prólogo singular para un libro singular, que ben podería converterse na "biblia do galeguismo", con máis exactitude aínda que o *Sempre en Galiza* de Castelao, pois analiza máis fondamente as raíces do ser galego, da súa identidade étnica, ética e cultural. Estou a falar de *Eu renazo galego. Ensaio sobre identidade galega*; este libro, posiblemente o máis importante da longa produción ensaística de Chao Rego, xa recibiu un merecido recoñecemento ó ser galardonado hai dez anos co Premio da Crítica.

Neste Limiar escrito e debuxado por Siro, o gran caricaturista recoñecía algo que Chao e moitos máis vimos dicindo desde hai moito tempo: Nacer en Galicia non supón nacer galego. "A inmensa maioría dos galegos nacemos entangariados —di Siro—, e tardamos en atopar a cova do lobo que nos deixe desentangariados. Pra sermos galegos, pra sentir e vivir conscientemente en galego, cómpre-

nos, ás máis das veces *re-nacer... recuperar a propia dimensión orixinal*". A caricatura de Chao na bañeira berrando "¡Eureka!", coma o vello sabio grego, sempre estivo desde aquela no meu maxín, vinculada a este libro revelador e "rebelador". Quizais porque eu tamén "nacín galego" un día, aínda que non nacera en terra galega, nin nacera galego do ventre da miña nai. Os dous somos "conversos", e quizais por iso temos un aquel de apóstolos, coma noutroira o fixeran os homes da xeración "Nós", tal como teño estudiado.

Eu renazo galego non foi o único libro de Chao sobre a identidade galega, catro anos despois, no 1987, saíu do prelo *Para comprendermos Galicia*, un paso adiante no proxecto de ir abrindo camiños ó que debe ser Galicia. Por iso, o libro vai máis aló do discurso científico, para chegar ó discurso programático, como recoñece o tamén galardonado antropólogo Marcial Gondar no Limiar. Porque a fidelidade ás raíces propias —apunta Marcial— "non é nin un luxo, nin un capricho, nin chochén de vello, senón simplemente unha necesidade".

A obra galega de Chao complétase con outros nove libros máis, ós que compre engadir dous máis en colaboración. Aparte dun curioso libro titulado *O misterio do lume*, froito da súa teima polo mundo simbólico, esa obra galega está marcada polo carácter relixioso, e particularmente bíblico: *Introducción ao Xénese* (1973), e sobre todo a súa magna obra *Historia do pobo de Xesús*, sinxela e popular, e ó mesmo tempo rigorosa e documentada introducción á Biblia, que vai xa polo sétimo tomo, editado este ano. As obras en colaboración, editadas a comezos dos 70, manifestan tamén claramente a súa preocupación e a orientación do seu labor: *A parroquia hoxe* e *As relacións Igrexa-Mundo en Galicia*. A esta obra galega compre engadir outros tres libros en castelán.

Galeguismo e cristianismo son as dúas teimas que definen desde hai ben anos o esforzo de Chao, verdadeiro mago da palabra. Creativo e áxil, como queda de manifesto nos versos do "Cantar do irimego", que publica na revista *Irimia* desde o seu comezo, e xa vai polo número 436.

Ten Pepe Chao unha das mellores prosas que se escriben hoxe en Galicia, como recoñecía hai anos Torres Queiruga. Esa pluma áxil non para cada día, non só desde as páxinas da revista citada, senón tamén desde *En-crucillada*, da que é cofundador, desde *La Voz de Galicia* desde hai máis de vinte anos; e logo as publicacións castelás *Pastoral Misionera*, *Equipos en Misión*, e hai anos na revista católica con máis difusión no Estado, *Vida Nueva*.

Pero trabucárase o lector se crera que Chao é unha rata de biblioteca, é máis ben un intelectual orgánico, a súa reflexión parte da acción e quere que volva a ela de novo. Licenciado en Filosofía e Teoloxía, exerceu de cura moitos anos, no Seminario e nunha parroquia de Ferrol, cidade onde era abondo coñecido polo seu labor comprometido. Foi este labor activista de prego-eiro e organizador dunha Igrexa Nova, máis acorde coas correntes do Vaticano II, na parroquia e nos "Coloquios europeos", o que o puxo en situacións verdadeiramente apuradas nos últimos anos do franquismo, ata chegar a ser procesado polo TOP, de nefasta memoria, e pasando varias semanas en prisión. O Pepe xerador e artellador de proxectos levouno tamén a ser co-creador da *Asociación Irimia* e a súa *Romaxe de Crentes Galegos*, que quere casar fe e galeguidade, desde o espírito festeiro, popular e relixioso.

Chao Rego non exerce hoxe o labor ministerial-sacerdotal, pero segue a predicar ese mesmo catolicismo renovar desde a súa reflexión relixiosa semanal en "La Voz de Galicia" ("O abeiro da fe"), que manifesta un pensador fondamente enraizado na Biblia, na Igrexa e en Galicia. Segue tamén a predicar o seu proxecto dunha Igrexa mergullada na realidade fonda do ser galego, desde charlas, mesas redondas e tódolos foros nos que se lle pide a súa participación. E segue a predicar o galeguismo desde o seu traballo cotián como profesor de Lingua e Literatura Galega.

Graciñas Pepe, polo teu labor, aínda que moitos, sobre todo na túa Igrexa, non o aproben nin o entendan.

domingo 7

sol sale a las 5,16 y se
a las 19,24 (hora so-
una: nueva.

Santoral

Justino, Veriano, Pe-
ulán, Fausto, Carpólo-
xanto, Casio, Severo,
ndo, Licinio ms.; Do-
ayetano, Celso,
ado cfs.; Victri-
Donato, Donaciano
Domecio mj.; Alberto
alita; Abel de Mesopo-
sa: Del Domingo. Ci-
-1994.

nacias de Guardia

sta las diez de la no-

lbina Labandeira Tou-
en la avenida de La
ña, 267; Mercedes Ra-
Vivero, en la calle
ueva, 110; María Jo-
Pacio Ocampo, en la
le Castelao, 34 (antes
de General Mola).
sde las diez de la noche:
imingo Figueroa Mos-
en la calle San Pedro,
to al Ayuntamiento).

Monforte de Lemos

sta sábado, inclusi-
aría del Carmen Pulle-
la calle Cardenal, 55.

Sarria

sta el viernes, inclusi-
armen Núñez Segura.

Burela

sta el sábado, inclusi-
María Novoa Meilán, en
venida de Arcadio Par-
s, 96.

Mondoñedo

sta el día 7, inclusive,
a Pilar Valcarce Pestá-
en la calle Cándido
ínez, 3.

Ribadeo

sta jueves, inclusive,
cisco Díaz Ferrós, en
lle Amando Pérez, s/n.

Foz

sta domingo, inclusi-
Fátima Maayon Lage,
la avenida General
co, 21.

Viveiro

sta el sábado, inclusi-
Pedro Casariego, en la
a Mayor, s/n (esquina a
or Díaz).

TRIBUNA LUGENSE

Victorino Pérez Prieto



Xosé Antón Miguélez, cura e poeta

*"Se chega a primavera á
nosa patria / co seu ledo
estoupido en volvores / e a
vedes danzar moza en cada
folia / enchendo de arrecen-
do as súas roseiras. / Se olla-
des puxar bébada en verdura
/ con paso firme logo da in-
vernía / triunfar dos desalen-
tos e dos medos / e achar lu-
gar na terra rexurdida".*

Os amigos da música ga-
lega seguramente lles soarán
estes versos a coñecidos,
pois cantábaos hai algo máis
dunha ducia de anos o grupo
Saraibas polas verbenas po-
pulares co país, e a canción
quedou gravada no seu se-
gundo disco, que levaba un
título moi expresivo neses
anos: "Xa non podemos ca-
lar". Pero o que xa non resul-
tará tan coñecido é que o au-
tor destes versos é un crego,
parroco rural: Xosé Antón Mi-
guélez Díaz, que esta sema-
na remata un traballo de vin-
te anos en Romariz e un bo
feixe de parroquias máis do
concello de Abadín.

Este crego, que naceu co
remate da Segunda Guerra
Mundial, tamén foi un loita-
dor, pero un loitador pacífico,
a prol dunha Galicia e unha
Igrexa renovada, fiéis as
súas raíces. E fixo desde a
base, desde as mesmas raí-
ces, as do pobo labrego que
conservou unha lingua vitu-
perada, e que atopou en Mi-
guélez un amante e defen-
sor.

A primeira vez que estiven
na rectoral de Romariz, habi-
tada por aqueles anos -a co-
mezos dos 80- por Xosé An-
tón e outro crego poeta e
monxe, Manolo Regal, houbo
tres cousas que me chama-
ron particularmente a aten-
ción: A primeira, que naquela
casa rural había unha morea
de libros, e notábase que non
estaban de adorno nas pare-
des. A segunda, os azulexos
da cociña cheos da nomes a
rotulador; non eran nomes de
persoas, senón verbas gale-
gas enxebres que os habitan-
tes daquela casa ían reco-
llendo do pobo e íanos apun-
tando alí en canto chegaban
para illos lembrando cada vez
que entraban na cociña; can-
do os azulexos xa ían cheos,
pasábanse os nomes a un

caderno e borrábanse, para
dar lugar a outras novas ins-
cricións. E a terceira, que as
portas daquela casa non ti-
ñan fechadura e moitas nin
sequera agarradoira; cousa
que non era por aforrar, se-
nón por outras razóns que o
lector pode adiviñar.

Xosé Antón Miguélez, crego
rural, teólogo pola Univer-
sidade de Barcelona e autor
dun libro que tivo moita sona
hai máis de vinte anos "*La
teología de la liberación y su
método*", é un pastor entre-
gado ó seu pobo, pero tamén
un bo escritor en prosa e ver-
so. É un poeta galego, como
outros ilustres curas poetas
(Crecente Vega, Chao Ledo,
Pernas Nieto, ou o seu pre-
decesor na parroquia de Ro-
mariz Celestino Cabarcos),
os seus poemarios "*Elemental
pan de camiño*" e "*Recu-
perar a morte*" permanecen
injustamente inéditos ata da

Encrucillada, e os de carác-
ter popular, preocupado pola
expresión que chegara ó
pobo, publicados abundante-
mente en *Irimia*. Sen esque-
cer que é un dos exquisitos
tradutores da *Biblia* ó gale-
go, edición que acadou o
Premio Nacional de Traduc-
ción.

E aínda un labor menos
brillante, máis calado, e non
por iso menos importante, o
de elaborar materiais para a
educación e a evanxeliza-
ción popular de nenos, mo-
zos e adultos, para a cele-
bración litúrxica e a oración.
Como bo discípulo do P.
Chevrier -fundador da "Aso-
ciación de Sacerdotes do
Prado", da que forma parte-
foi fiel ó seu propósito de ir
creando o propio catecismo,
para que a mensaxe libera-
dora de Xesús chegara me-
llor á axente concreta da súa
bisbarra. E o acompañamen-

- Xosé Antón Miguélez, crego rural, teólogo
pola Universidade de Barcelona e autor
dun libro que tivo moita sona hai máis de
vinte anos "*La teología de la liberación y su
método*"

gora, pero algúns dos seus
poemas saíron nunha "*Escol-
ma da poesía galega*" (Ed.
Sotelo Blanco, 1984) e apare-
ceron en diversas revistas
(Grial, Encrucillada, ...). É a
súa unha poesía cargada de
realismo social cristián, pero
tamén de lirismo, non en van
é un gran admirador de Alva-
ro Cunqueiro; unha poesía
que se enraza nun cristianis-
mo e un galeguismo militante,
nun claro compromiso relixio-
so e social. Por iso Xosé Lo-
is García, o autor da citada
escolma, cualifica de "poesía
testimonial, de liberación"
que "desde o contexto evan-
xélico asumie un compromiso
co pobo".

Pero o traballo de escritor
de Xosé Antón Miguélez foi
sobre todo por outros derro-
teiros. Os artigos de fonda
análise teolóxica e social,
comprometidos con Galicia e
co Evanxelio, publicados en

to na loita diaria do pobo, nas
suas arelas, nas súas ledicias
e as súas tristuras; un acom-
pañamento comprometido
que lle valeu en máis dunha
ocasión o fácil alcume de
"comunista" e, ás veces, a
incomprensión da súa mes-
ma Igrexa, pola liberdade
profética que sempre carac-
terizou a Xosé Antón.

Pero nada mellor para re-
tratalo, e agradecer o regalo
da súa entrega xenerosa, que
rematar devolvéndolle, de
novo, algúns dos seus ver-
sos:

*"Coa calor da túa loita / fuxi-
ron os regos neboeiros. /
Coa suor das túas dúbidas /
bebeu a terra reseca. / Co teu
si de sangue / mazás chove-
ron en todos os desertos. /
Coa túa entrega / fundíronse
as cadeas. / Vida e morte
xunguidas / arreo e ledicia /
ti vas cara ó calvario / e a te-
rra agradecida".*

Vilalba

Hasta las 20 hc
viernes, Vicente V
Peña, General Fran

Juzgado

Hasta el miércole
sive, estará de gu
Juzgado de Instruc
mero 3, sito en el Pe
Justicia, Plaza de Av

Adoración Noc

Masculina

Turno San Juan I
lista, lunes, día 8.

Turno Santísima
(matrimonios), mar
9.

Turno Nuestra
del Pilar, miércoles.

Turno Inmacula-
cepción, jueves, día

Turno San José I
Suegos, viernes, día

Turno Nuestra Se-
los Ojos Grandes
domingo, día 14.

Registro Ci

Nacimientos

-Carlos Antón
González, de José

Concepción, en Viv

-Alexandre Pardi-
guez, de Alexandre

María, en Obispo B

-Tamara Feijoo I

Jaime y María José
rrero Blanco, 112.

Matrimonios

-Jesús Meiga Fe
y María del Mar Cir
en A Milagrosa.

-Jesús Díaz Ga
María Tubas Carba
A Milagrosa.

-José Ignacio Li-
llos y Mónica Blar-
chez, en San Jos
Gándaras.

-Mariano Gonzál-
so y Adriana Gonz-
tiérreze, en la catec

Defunciones

-Victorino Góm-
quez (Taboada, 1
Taboada.

-Remedios Góme-
llo (Sober, 1913), en

-Paulina Pontid
(Lugo, 1917), en S
ría de Bóveda.

Feiras

Hoxe

A Pontenova, C
de, Villalba, Fe-
Folgozo do Caurel
ro e Sobrado do Pi

Mañá

Escalón

nes
O

a las 6,20 y se
17,43 (hora
nueva.

toral
s de Villa-
o, Pinito, Pau-
o obs.; Eulam-
pia, Venancio,
muel, Angel,
as, Hugolino,
erico, Basian,
io, Florencio
mj.; Zacarias

erico, Santo
lan.

de Guardia
diez de la

sans Miranda,
ian Pedro; 23;
uro, en la ave-
Coruña, 49;
es González
la calle Armó-
as del Colegio
ía de María).
s diez de la

Figuerola Mos-
lle San Pedro,
untamiento).

de Lemos

sábado, inclu-
Pérez Rodrí-
calle Roberto
5.

ria
viernes, inclu-
Luis Rivas

rela

sábado, inclu-
sa Casariego
la calle Pas-
n.

loñedo

omingo, inclu-
Martínez Sán-
a Plaza de

adeo

jueves, inclu-
Niño Cortón,
e Rodríguez

TRIBUNA LUCENSE

Víctorino Pérez Prieto



FMI ¿a eficacia cruel do mercado?

Vieño de chegar para pasar un ano na capital, entre a marabunta e o trafego desta cidade que dos din "de Madrid ó ceo"; un mundo plural no que se pode atopar un escaparate de case todo o que existe na nosa sociedade para ben e para mal, o mundo máis laico e tamén a realidade relixiosa, o mundo da intelectualidade e a "cultura", a realidade cotián da rúa e a realidade marxinal ata os niveis máis baixos dos que da de si o noso Primeiro Mundo.

No mesmo fin de semana puiden participar en dous foros ben diferentes: O sábado primeiro día de Outubro no **Foro do Feito Relixioso**, no que un teólogo galego como Torres Queiruga, e outros tan coñecidos como Gómez Caffarena, Estrada, Mardones ou González Ruiz, confrontaban en diálogo aberto a súa concepción do mal e de Deus, con filósofos non crentes ou agnósticos como Javier Muguerza, Ignacio Sotelo ou Santesmases. E na tarde do domingo día 2 na mesa redonda que o **Foro Alternativo: "As outras voces do planeta"** organizou entre dous representantes do Fondo Monetario Internacional (FMI) e do Banco Mundial (BM) e dous representantes do Foro Alternativo organizou tamén este fin de semana o "Tribunal dos Pobos", para enxuiar o labor do FMI e o BM.

Este foro agrupa a xente que quere presentar unha alternativa ás propostas que o chamado "grupo dos sete" (G-7, as sete grandes potencias mundiais), que se reuniron estes días en Madrid para celebrar os 50 anos da fundación do FMI, xunto con numerosos representantes doutros países. A maior parte da xente que organiza o "Foro Alternativo" pertencen ás Organizacións Non Gubernamentais (ONG) que traballan na defensa dos dereitos e a promoción do Terceiro Mundo. O seu slogan máis repetido con ocasión do 50 aniversario do FMI, foi estes días: "50 anos abundan". Ese mesmo domingo, día 2, este foro xuntou a máis de 10.000 persoas nunha manifestación para

denunciar a responsabilidade das políticas do Banco Mundial e o FMI na pobreza global do mundo e a destrución do medioambiente; e ó longo da semana, unha das organizacións, a Plataforma polo 0,7% chegou a xuntar preto de 300 tendas de campaña no Paseo da Castellana, fronte ó Ministerio de Economía, para reivindicar o envío desa porcentaxe dos Presupostos do Estado para axuda gratuita ós países do Terceiro Mundo; así mesmo, o sábado pola mañá fixeran unha longa cadea humana de máis de 2.000 persoas desde ese "Campamento de solidariedade" ata o Congreso dos Deputados.

Como é coñecido, o Goberño so se comprometeu a destinar a estes fines o 0,3% dos Presupostos do próximo ano. Entre os líderes da Plataforma do 0,7% destacan o xesuita Javier Repullés e o teólogo de orixe galego Xulio Lois, ademais dalgún inxeñeiro, catedrático de economía, etc. Todos son conscientes do signo de solidariedade que representaría o triunfo desa loita, nos pobos de España e respecto dos outros países de Europa, que tampouco chegan a esa porcentaxe.

Na aludida mesa redonda, sentáranse a dialogar un expicio e un roxano polo FMI-BM, a carón dun pacifista belga e unha muller indú ecoloxista, cadaquén cunha boa formación universitaria, moderados polo coñecido personaxe da TV José Luis Balbín. Non era difícil supoñer de que lado estabamos a meirande parte dos que enchíamos a rebordar o amplo local no que foi o acto. Con razón o español que pertencía FMI (H. Puentes) dixo ó comezo da súa primeira exposición que se sentía coma os do Milán cando veñen xogar ó Bernabeu, e Balbín insistiu en máis dunha ocasión que non se esquecera que estes eran os invitados. Non houbo problemas.

A postura da indú (B. Shiva) e o belga (P. Galán), foi clara e contundente: As institucións monetarias mundiais crearon e desestabilización dos países pobres. "Cando todo o poder converxe nuns poucos, so

pode levar á corrupción e o colapso mundial", dixo B. Shiva, apoiándose en numerosos datos sobre todo da realidade do seu país, a India; "nos cremos na realidade das persoas concretas que morren de fame e enfermidades", dixo tamén denunciando a análise da realidade e o discurso triunfal feito desde as estruturas de poder mundial. O que quería contrastar esta indú graduada en Ciencias Físicas era o discurso sobre a recuperación e o crecemento da economía que fixeron os representantes do FMI e o BM, que se reafirmaban na idea de que ambas institucións buscan a solución dos problemas mundiais, sobre todo dos países máis pobres, e que foran conseguindo que remitira a pobreza no mundo nos últimos anos; claro que o expicio. (I. Seragerdin) recoñecía o que chamou "a eficacia cruel do mercado", que desertizou grandes zonas do planeta e foi incapaz de sacar da pobreza extrema a gran parte da poboación mundial.

Fronte a esta postura, tamén o belga solidario denunciaba ó FMI-BM como os responsables do incremento da pobreza no mundo, froito do predominio da macroeconomía e a insolidariedade dos países ricos, fronte a realidade dos pobres. "Nós, os ricos, temos que dicirvos a vós, os pobres o que tedes que facer", é o paradigma do discurso occidental; co que ademais da cuestión económica, P. Galán denunciaba a necesidade do respecto á pluralidade de culturas cos seus diferentes ritmos de crecemento: "As propostas dos países ricos ós países pobres veñen ser como si se puxeran a boxear no ring un neno contra Cassius Clay".

A confrontación dos discursos era evidente. Pero, mentres os enviados dos organismos oficiais viñan traer a "voz do seu amo" —o que paga por lavarlle a cara—, os que representaban as posturas da ONG's manifestaban a postura dos pobres, que non teñen forza, pero si moita máis razón.

Foz

Hasta el domingo, inclusive, Fátima Maayón Lage, en la avenida de General Franco, 21.

Hasta el sábado, inclusive, Celso Varela y Álvarez de Toledo, en la Plaza Mayor, s/n.

Vilalba

Hasta las 20 horas del viernes, Francisco Marín Vidal, en la calle Domingo Goás, s/n.

Juzgado

Hasta el miércoles, inclusive, estará de guardia el Juzgado de Instrucción número 6, sito en el Palacio de Justicia, Plaza de Avilés, s/n.

Adoración Nocturna

Masculina

Turno San Juan Evangelista, hoy, lunes, día 10.

Turno Nuestra Señora del Pilar (titular), martes, día 11.

Turno Santísima Trinidad (matrimonios), miércoles, día 12.

Turno Inmaculada Concepción, jueves, día 13.

Turno San José María de Suegos, viernes, día 14.

Turno Cristo Rey, domingo, día 16.

Registro Civil

Nacimientos

-Lucía Cabado Vázquez de Agustín y Carmen, en Montero Ríos, 82.

Defunciones

-Luciano Fernández Fernández (Fonsagrada 1943), en Meira.

-Manuel Fernández Graña (Baleira, 1911), en Lamas de Prado, 98.

-Leonor Vilela Iglesias (Guitiriz, 1915), en Santiago de Meilán.

-Luis Rodríguez González (Paradela, 1934), en Paradela.

Feiras

Hoxe

O Páramo, Quiroga e Antas de Ulla.

Mañá

Puebla de Brollón.

LEOS CEAO
a domicilio
ACCION, INDUSTRIA
CULTURA
94 - 20 95 70
Rúa dos Centeiros

La Primitiva
Sorteo Nº 40 - Jueves 6-10-94
COMBINACION GANADORA
15 22 26 29 33 35
Complementario 12 Reintegró 4

ESPECIAL SAN FROILAN
PULPO CON CACHELOS
CARNE A LA MARAGATA
TARTA DE ALMENDRA

Bono Loto Bono Loto
Semana Nº 40 - Lunes
4 6 7 29 34 42 40 0
Semana Nº 40 - Martes
1 2 13 26 32 43 48 4

"El Progreso", 31 Oct. 1994

TRIBUNA

Os cristiáns e o 0,7

Reparaba este outro día nun taboleiro da Universidade de Comillas o debuxo de Mafalda, aquela rapaza das viñetas de humor que popularizou o xenial debuxante argentino Quino, á que non lle gustaba a sopa. Con humor e agarimo dicía: "**Temos o 0,7 ata na sopa**". E tanto; coído que a ninguén dos que gusten de informarse algo en calquera dos medios de comunicación, lle soará a descoñecido este curto nome composto tan so de tres signos tan prosaicos como poden ser uns números e a súa coma. Sen embargo, estes tres signos convertéronse en pouco tempo en emblema dunha solidariedade que abrangue un plural abano social, tocando o corazón dalgúns dos que poden e de moitos dos que non poden, dos politizados e os despolitizados, os crentes e os non crentes, mozos e maiores.

Dicíame hai uns días Xulio Lois, un teólogo galego en Madrid, que despois de levar tanto tempo metido nestas cousas da solidariedade, os movementos sociais, e os grupos comprometidos, que non atopara nunca un movemento que en tan pouco tempo acadara tal eco, e que

merecía unha reflexión especial. Seguro que el mesmo, que colabora na Coordinadora, xa o ven facendo nestes días.

Certamente, con todo o que ten de contradictorio e de perigo de ser flor dun día algo tan puntual, este movemento —que berra a xustiza para os máis pobres, esixindo que os países desenvolto e ricos do Primeiro Mundo aporten o 0,7% dos seus presupostos para o desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, cada vez nunha situación máis crítica—, consiga o que consiga, xa é algo máis que unha arroutada de mocidade. É unha mobilización para ter en conta calquera que non teña oídos insensibles ante a realidade sangrante dos máis pobres.

Así o entenderon moitos cristiáns, que con outros que non o son foron comprometéndose publicamente con esa cifra. Unha cifra simbólica que, máis ca un número, manifesta unha maneira de entender a vida marcada pola verba **solidariedade**, unha mensaxe de xustiza e de esperanza para os máis pobres do planeta Terra. Un **símbolo urxente** nunha sociedade egoísta, onde o culto ó diñeiro quere

“

O 0,7%, unha cifra simbólica que, máis ca un número, manifesta unha maneira de entender-la solidariedade

”

afogar a inxusticia máis blasfema, e non importan a superabundancia duns poucos, aínda que sexa a custa da masacre de moitos, cada día.

Victorino Pérez Prieto



¿Cómo ~~casar~~ os dispendios millonarios dos países europeos, Norteamérica ou Xapón, cos miles de mortos literalmente de fame cada día?

Os cristiáns non pretenden monopolizar un movemento de solidariedade que non é seu, e que é dobremente fermoso porque nel camiña de ganchete moita xente por riba dos seus grupiños e ideoloxías, aínda que haberá máis dun oportunista. Pero os cristiáns que queren ser honrados coa súa fe saben ben, como dicía un deles nunha reunión, que **non deberían dar só o 0,7% senón o 100%**. Polo pronto, el estaba na Coordinadora entregando todo o seu tempo. E tamén tiña a conciencia, con outros compañeiros crentes, que si podían e debían manifestar que a motivación para comprometerse en cousas coma ésta estaba na súa fe que os levaba a sentirse irmáns de todos, sobre todo dos que máis sofren, pois son discípulos dun doente, que morreu asasinado, solidario con tódolos explotados da historia.

Las colaboraciones enviadas a "Tribuna" no deben sobrepasar los dos folios mecanografiados a doble espacio

El Roquer, 28 Nov 1994

TRIBUNA

¿Qué tes cos curas, tío?

Desta volta saíume un título máis ó xeito dos "colegas" de Vallekas que o que debe corresponder á seriedade da letra impresa. Ben é certo que hai xa tempo que tal "seriedade" caeu por terra a mans dunha linguaxe que, se ben resulta en ocasións máis fresca, no bo sentido da palabra, noutras moitas correspóndelle este adxectivo na acepción de deslinguada e montaraz. Os "colegas" ós que me refiro non son os meus compañeiros de traballo senón os veciños, sobre todo a mocidade, na que a linguaxe "cheli" vai coméndolle espacio ó castelán; unha persoa de pouca monta é un "gualdrapa" ou un "machaca", un policía é un "madero", e os cartos a "pasta gansa". Estes "troncos" diríanlle sen reparo a quen se metera co seu cura, algo semellante ó título deste artigo; porque a eles merécelles bastante máis respecto e confianza que calquera outro "nota".

A min paréceme moi ben que cada un teña a estética que queira, que lle gusten os curas con sotana, con tella ou bonete, con clergyman, con encaixe de bolillos, ou normalíños como a xente. Respecto que un crea neles ou non, que os vexa necesarios ou absolutamente inútiles. Pero aparte de que as xeralizacións son sempre odiosas,

como di un sabio refrán, creo que a mentira nunca honra a quen a dí, aínda que teña unha rendibilidade social a curto prazo. Así, cando leo que os curas de hoxe "encheron as súas almas de boas intencións... e remataron todos secularizados, por suposto, con fillos seguramente ateos", ou que "son todos incoloros, inodoros e insípidos", etc. Eu, que non me sinto na obrigaón de defender a ninguén, porque a verdade deféndese por sí soa, sinto como que me pide o corpo dicir en voz alta: Pero ¿qué problema tes tí cos curas?, ¿quítanche o sono?, ¿prodúcenche retraemento ("estreñimiento" na lingua do aludido plumífero)?, ¿tes problemas sexuais a causa dunha libido reprimida?

Porque a realidade é que se na nosa sociedade insípida hai persoas con "color, olor e sabor" —deixando os que buscan chamar a atención a calquera prezo— son precisamente, entre outras, algunhas relixiosas —estúpida e inxustamente chamadas "monjitas"— e algúns curas, a carón de tantos bos militantes cristiáns, mozas e mozos. Recentemente, os medios de comunicación recoñecían a xustiza desta afirmación, aínda que fora preciso que correra sangue espeso para caer na conta dalgo que hai moito tempo que viña sendo

“

Porque a realidade é que se na nosa sociedade insípida hai persoas con "color, olor e sabor" son precisamente, entre outras, algunhas relixiosas e algúns curas

”

habitual. Eu mesmo tiven que ir a parar a Cáritas para facer un traballo de voluntariado social cos da Sida, porque non atopéi outro voluntariado coordinado neste campo que non o estivera desde esta organización da Igrexa católica.

Se os curas respectan a pluralidade social e non lle berran á xente co índice enarborado, plumíferos coma éste afirman que "están como se non estiveran", e se falan é que están "obnubila-

Victorino Pérez Prieto



dos polo seu Gran Xefe Branco". ¿De que vas tío? Gradúa ben as gafas para poder ollar a realidade tal como é. E verás como desde hai moito tempo atópanse cristiáns —curas, relixiosas/os e leigos— en tódalas fronteiras da sociedade nas que se aposta serio pola humanización: na fronte da pobreza, na fonte dos dereitos civís, na fronte cultural, etc. E cada vez son máis capaces de camiñar de ganchete cos non crentes sen ningún prexuízo. E, ademais, rezan e saben facer unhas celebracións ledas e liberadoras.

Particularmente, eu sí teño amigos, cregos, que conviven no mesmo piso con xente que ten a Sida; e, por suposto, nin os botan no inferno, nin os culpabilizan polas causas polas que a colleiron, nin sequera están demasiado preocupados por "poñerlles os sacramentos", aínda que saben que iso é unha boa cousa. Porque saben o que é o amor gratuito e queren manifestar, non a un Deus chantaxista, senón "a tenrura de Deus cos oprimidos", como lle escóitei hai poucos días a un bispo, que hebelos hainos...

Las colaboraciones enviadas a "Tribuna" no deben sobrepasar los dos folios mecanografiados a doble espacio